Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que dote o PAC de Cerdedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, dunha ambulancia de soporte vital básico

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49639 (12/PNC-003852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que impulse a construción dun novo centro de saúde en Santa Comba e incremente o seu cadro de persoal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49650 (12/PNC-003854)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que efectúe a revisión urxente dos criterios de adscrición de persoal ao Servizo Común Procesual de Execución-Área Penal

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 49652 (12/PNC-003855)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as medidas e a planificación que debe impulsar o Goberno galego en materia de corresponsabilidade e igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49659 (12/PNC-003856)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha, chegado o caso, das accións pertinentes en defensa dos intereses de Galicia e co obxectivo de acadar unha AP-9 de xestión galega e libre de peaxes

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49661 (12/PNC-003857)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da continuidade no seu apoio ao sector galego do viño mediante as axudas para investimentos no reforzo da modernización e comercialización de produtos vitivinícolas
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 49666 (12/PNC-003858)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha na política de diminución do desperdicio alimentario

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49670 (12/PNC-003859)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa protección dos dereitos das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar (SAF), singularmente ante o caso denunciado en Cervo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49671 (12/PNC-003860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as medidas de apoio que a Xunta de Galicia debe establecer para os concellos ante as novas obrigas estatais en materia de xestión de residuos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49675 (12/PNC-003861)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co obxectivo de deseñar e impulsar as políticas en materia de corresponsabilidade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49687 (12/PNC-003862)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co nomeamento da delegada ou do delegado do Mar e Pesca en Lugo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 49688 (12/PNC-003863)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha planificación correcta dos investimentos necesarios no CIFP Manuel Antonio, de Vigo, para mellorar as súas instalacións mantendo a súa actividade educativa

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 49694 (12/PNC-003864)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos novos dispositivos antimaltrato de control telemático

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49711 (12/PNC-003865)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a actitude do Goberno central coas políticas galegas en materia de dependencia e servizos sociais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49701 (12/PNC-003866)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de mellorar a situación do emprego en Galicia e conseguir converxer co conxunto de España nesta materia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49704 (12/PNC-003867)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre determinadas medidas que debe tomar o Goberno galego no que atinxe á súa planificación en materia de loita contra a explotación sexual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 49713 (12/PNC-003868)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa Olalla

Sobre determinadas actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia respecto da promoción da igualdade no ámbito da I+D+i e do Programa Muller e Ciencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Nicole Grueira Fernández, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Elena Candia López, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz, Noelia Pérez López e Manuel Santos Costa, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia** sobre a condena aos actos de vandalismo cometidos contra as sedes do PPdeG, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola relevancia dos feitos acontecidos, a súa reiteración, e a necesidade de contar cun posicionamento claro en defensa do respecto institucional, do uso responsable dos espazos comúns e da convivencia democrática.

Exposición de motivos

A convivencia democrática susténtase no respecto ás institucións, ás formacións políticas democraticamente constituídas e ás normas que regulan o uso dos espazos públicos e privados.

Nos últimos tempos veñen producíndose en Galicia actos vandálicos de contido ideolóxico e partidista que afectan tanto a espazos públicos como a bens privados, incluídas as sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.

Neste contexto, varias sedes do Partido Popular de Galicia foron obxecto de empapelados e colocación de carteis nas súas fachadas en distintos concellos da Comunidade Autónoma, feitos que supoñen unha vulneración do dereito á propiedade, do respecto institucional e das normas básicas de convivencia cidadá. Ademais, non é a primeira vez que acontecen ataques a sedes do Partido Popular ao longo da presente lexislatura.



Este tipo de comportamentos non constitúe unha forma lexítima de participación política nin de exercicio da liberdade de expresión, senón actuacións contrarias á legalidade, ao principio de neutralidade dos espazos compartidos e ao normal desenvolvemento da actividade política nun marco de pluralismo e respecto institucional.

O ataque ás sedes dun partido político representa, ademais, un cuestionamento dos principios básicos do sistema democrático, ao dirixirse contra organizacións que canalizan a participación política da cidadanía e que forman parte esencial da arquitectura institucional dun Estado social e democrático de dereito.

O Grupo Popular xa puxo de manifesto, mediante iniciativas parlamentarias previas, a súa preocupación pola proliferación de pintadas, empapelados e outras formas de ocupación indebida de mobiliario e espazos públicos e privados, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflitividade social.

A situación ten escalado incluso, ata producirse ataques a inmobles alleos a actividade política, polo único feito de ser propiedade de militantes de determinadas formacións políticas e como sinalamento do seu compromiso ideolóxico. Actitudes propias de réximes autoritarios e afastadas do espírito democrático.

Cómpre lembrar que a liberdade de expresión non ampara a imposición simbólica nin a apropiación ilexítima de espazos alleos. A participación política debe desenvolverse sempre dentro do marco democrático e legal.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposición non de le lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda:

1. Condenar os actos de vandalismo cometidos contra as sedes do Partido Popular de Galicia, así como calquera outro acto de natureza similar dirixido contra sedes de formacións políticas democraticamente constituídas.
2. Rexeitar a utilización de mobiliario e espazos públicos ou privados para a colocación de pintadas, que non cumpren coa normativa vixente e con consignas que teñen o único fin de xerar crispación, polarización e alimentar a conflitividade social, por seren contrarias á legalidade e ao respecto debido á convivencia cidadá.





3. Amosar a súa vontade de que as forzas políticas se absteñan deste tipo de prácticas e as condenen publicamente cando se produzan, como expresión dun compromiso compartido co pluralismo político, o respecto institucional e o uso responsable dos espazos comúns.
4. Reafirmar o compromiso do Parlamento de Galicia coa defensa dunha participación política respectuosa co marco democrático e legal, baseada no diálogo, no respecto ás institucións e na convivencia cidadá.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 13:11:14
Nicole Grueira Fernández na data 05/02/2026 13:11:41
Paula Prado del Rio na data 05/02/2026 13:11:49
Julio García Comesaña na data 05/02/2026 13:11:55
Roberto Rodríguez Martínez na data 05/02/2026 13:12:02
María Nazaret Cendán Gayoso na data 05/02/2026 13:12:11
Argimiro Marnotes Fernández na data 05/02/2026 13:12:19
Paula Mouzo Mas na data 05/02/2026 13:12:24
María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/02/2026 13:12:32
Katherinie Varela Fernández na data 05/02/2026 13:12:39
Elena Candia López na data 05/02/2026 13:12:46
Cristina Sanz Arias na data 05/02/2026 13:13:39
Borja Vereza Fraiz na data 05/02/2026 13:13:50
Noelia Pérez López na data 05/02/2026 13:13:58
Manuel Santos Costa na data 05/02/2026 13:14:07



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:21:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:21:34
Nº Rexistro: 49644
Data envío: 05/02/2026 13:21:34.145

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 09/02/2026 ás
17:38
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González** e do deputado **Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa ás causas de que unha parte moi importante dos e das profesionais que rematan a formación MIR de Familia e Comunitaria non queiran traballar en Atención Primaria.

Asinado o día 09/02/2026 ás
17:38
Por Iria Carreira Pazos

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza dea unha reposta canto antes a esta problemática.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano son demoledores os datos de profesionais que rematan a formación MIR da especialidade de Familia e Comunitaria e non queren traballar en Atención Primaria, poñen en evidencia o que vimos denunciando dende fai anos, que non chega con formar máis profesionais se logo non se fidelizan na sanidade pública. A información pon de manifesto, mais unha vez, a mentira permanente na que está instalado o Partido Popular, que na vez de tomar medidas para solucionar o déficit de profesionais na sanidade pública galega, pon todos os esforzos en crear un relato fraudulento das causas.

Asinado o día 09/02/2026 ás
17:38
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é suficiente con reclamar máis prazas, se os e as profesionais non teñen condicións laborais dignas, se non se prestixia a sanidade pública, se non se establecen os criterios para que as ratios permitan unha atención de calidade.

O Partido Popular non planificou nin a curto, nin medio nin longo prazo, a pesares das moitas veces que lle advertimos do que ía acontecer se non tomaban medidas, levamos no BNG anos demandando medidas para garantir o relevo xeracional, dado o altísimo número de xubilacións que se ían producir e a resposta foi sempre caso omiso.

É imprescindible que a Xunta poña en marcha todas as actuacións que garantan crear as condicións para:

- Que se cubran todas as prazas de formación que se ofertan no MIR
- Non renunciem unha vez escollida
- Non se dean á fuga unha vez rematan a formación

É inaceptábel que o Sergas centre a solución en que os/as mesmos/as profesionais traballen máis horas, máis días e máis anos. As e os profesionais non poden traballar nunhas condicións de continua emerxencia e a poboación precisa que teñan tempo e condicións para prestarlle unha atención sanitaria de calidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Presentar de inmediato un informe que permita ter unha radiografía fidedigna da situación do cadro de persoal do Sergas: número de profesionais por categorías, situación laboral, previsión de xubilacións, rateos profesionais-doentes...) para realizar unha planificación do número de profesionais precisos/as axustada ás necesidades reais.

2.- Presentar a planificación e cronograma de presentación dun Plan de Recursos Humanos no Sergas

3.- Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible... para garantir calidade asistencial e que traballar e conciliar non sexa misión imposible.

4.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

5.- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2026 17:38:09

Iria Carreira Pazos na data 09/02/2026 17:38:21

Olalla Rodil Fernández na data 09/02/2026 17:38:37

Ariadna Fernández González na data 09/02/2026 17:38:45

Iago Suárez Fernández na data 09/02/2026 17:38:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 17:40:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 17:40:39
Nº Rexistro: 50071
Data envío: 09/02/2026 17:40:39.634

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 18:09:28
Nº Rexistro: 50082
Data envío: 09/02/2026 18:09:28.376

Asinado o día 09/02/2026 ás 17:59
Por Carmen Pomar T

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Gonzalo Trenor López, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Katherinie Varela Fernández, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García Fernández, Cristina Sanz Arias e Raul Santamaría González**, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios polo trámite de urxencia** sobre as causas que motivaron a suspensión de traxectos ferroviarios en Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia de garantir o bo funcionamento do servizo ferroviario como infraestrutura clave na mobilidade en Galicia

Exposición de Motivos

Nos últimos días produciuse a suspensión de diversos traxectos ferroviarios en Galicia, en especial con orixe ou destino en Vigo, pero tamén nos traxectos a, Santiago, A Coruña, Vilagarcía e Ourense, entre outros. unha decisión da empresa pública Renfe que afectou a milleiros de persoas usuarias do transporte ferroviario.

Esta suspensión realizouse sen explicacións públicas claras e suficientes, de maneira descoordinada e sen que, en moitos momentos, se habilitasen servizos de transporte alternativo, ao contrario do que aconteceu noutras comunidades autónomas ante situacións semellantes.

A seguridade e a prudencia deben rexer sempre a xestión do transporte público, especialmente cando concorren circunstancias técnicas ou operativas que así o aconsellen. Porén, a adopción de medidas excepcionais como a suspensión de servizos ferroviarios esenciais debe ir acompañada de información transparente, planificación adecuada e unha correcta coordinación institucional, cuestións que, neste caso, resultaron claramente insuficientes.

A ausencia de comunicación previa e de información detallada sobre as causas concretas da suspensión obrigou á Xunta de Galicia a reforzar de maneira urxente os servizos de transporte por estrada, sen dispoñer da información necesaria nin coa antelación debida, xerando incerteza, molestias e prexuízos tanto para as persoas usuarias como para as administracións públicas implicadas.

Asinado o día 09/02/2026 ás 17:59
Por Roberto Rodríguez Martínez

Asinado o día 09/02/2026 ás 17:59
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Resulta especialmente preocupante que non se activasen mecanismos de transporte alternativo en Galicia, cando si se fixo noutros territorios en situacións comparables, o que suscita dúbidas razoables sobre a aplicación de criterios homoxéneos e equitativos por parte do Goberno de España na xestión do servizo ferroviario.

Os feitos acontecidos poñen de manifesto a necesidade de dar explicacións claras, asumir responsabilidades e garantir que, no futuro, se actúe con maior transparencia, coordinación e respecto institucional, especialmente cunha comunidade como Galicia, na que o ferrocarril constitúe un servizo esencial para a mobilidade diaria, a cohesión territorial e a igualdade de oportunidades.

Cómpre lembrar que Galicia vén reclamando información sobre a situación actual e o mantemento preventivo que se está a facer da rede ferroviaria en Galicia, e se este é o axeitado para adiantarse á acumulación de defectos, evitar o seu deterioro progresivo e manter a calidade do servizo. Non se trata só de xestionar unha situación meteorolóxica dada, senón de executar un mantemento preventivo eficaz sobre drenaxes e noiros que permita á rede soportala sen chegar ao colapso do servizo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Ofrecer explicacións públicas, claras, completas e transparentes sobre as causas que motivaron a suspensión dos traxectos ferroviarios en Galicia, en particular dos correspondentes aos trens con orixe en Vigo.
2. Informar dos criterios técnicos e operativos que xustificaron a adopción desta medida, así como do procedemento seguido para a súa toma de decisión.
3. Explicar as razóns polas que non se habilitaron servizos de transporte alternativo en Galicia, a diferenza do ocorrido noutras comunidades autónomas en situacións similares, e aclarar se existiron diferenzas de trato ou de criterios na xestión do servizo.
4. Reforzar os mecanismos de coordinación e comunicación coa Xunta de Galicia, garantindo o intercambio de información previa, suficiente e veraz ante calquera incidencia que afecte ao servizo ferroviario.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





5. Establecer protocolos claros de actuación, que inclúan a obrigatoriedade de informar ás administracións afectadas e ás persoas usuarias, así como a habilitación de transportes alternativos cando se produzan suspensións de servizos ferroviarios.

6. Comprometerse a actuar con transparencia, planificación e respecto institucional, asegurando un trato equitativo a Galicia e aos milleiros de galegos e galegas que utilizan o tren como medio habitual de desprazamento.”

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 09/02/2026 17:59:36
Roberto Rodríguez Martínez na data 09/02/2026 17:59:45
Carmen Pomar Tojo na data 09/02/2026 17:59:54
José Luis Ferro Iglesias na data 09/02/2026 18:00:02
María Nazaret Cendán Gayoso na data 09/02/2026 18:00:10
Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/02/2026 18:00:21
Argimiro Marnotes Fernández na data 09/02/2026 18:00:33
Moisés Rodríguez Pérez na data 09/02/2026 18:01:08
Katherinie Varela Fernández na data 09/02/2026 18:01:19
Paula Prado del Rio na data 09/02/2026 18:01:32
Miguel Fidalgo Iglesias na data 09/02/2026 18:01:41
Patricia García González na data 09/02/2026 18:01:50
Cristina Sanz Arias na data 09/02/2026 18:02:05
Raúl Santamaría González na data 09/02/2026 18:02:12
Gonzalo Trenor López na data 09/02/2026 18:02:49



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 18:09:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 18:09:28
Nº Rexistro: 50082
Data envío: 09/02/2026 18:09:28.376

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 18:29:33
Nº Rexistro: 50087
Data envío: 09/02/2026 18:29:33,254

Asinado o día 09/02/2026 ás 18:28
Por Iago Tabarés Pér

Asinado o día 09/02/2026 ás 18:28
Por Ana Pontón Mondelo

Asinado o día 09/02/2026 ás 18:28
Por María Montserrat Prado Cores

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados abaixo asinantes, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a mellora das condicións laborais e profesionais no GES de Sanxenxo, e o restablecemento do horario de prestación do servizo.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se pronuncie canto antes sobre esta cuestión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) xurdiron na Galiza no ano 2013 como unha evolución e substitución dos antigos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR), que operaban dende finais da década de 1990 como instrumento necesario para unha rápida resposta ás emerxencias nas zonas rurais e dispersas que non estaban atendidas por outro recurso.

Esta transición implicou a creación de grupos operativos en toda a comunidade, para reforzar a atención en áreas sen parques de bombeiros profesionais próximos. Xa que logo o obxectivo principal era garantir á poboación de todo o país unha resposta eficaz a incidentes como incendios, rescates ou catástrofes de distinta orixe, integrando funcións que transcendían os límites municipais



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O financiamento dos GES en Galiza é compartido entre a Xunta, as deputacións e os concellos, sendo o último convenio en vigor o que abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 a 31 de decembro de 2027.

O Partido Popular creou os GES como parches, sen planificación, nin garantías, delegando competencias nos concellos e o resultado está á vista: financiamento insuficiente, persoal sobrecargado, insuficiente e con enormes desigualdades territoriais

Neste contexto xeral insírese a situación do servizo municipal de emerxencias de Sanxenxo, que foi ampliado aos concellos limítrofes de Meaño, Ogrobe, e Poio, cualificándoo como un dos denominados “parques singulares” de Galiza, xunto cos de Celanova e Pontearreas, atendendo un amplo territorio, máis de 100 km², e unha poboación de máis de 50.000 habitantes, que no caso de Sanxenxo chega a multiplicarse por 5 na época estival como consecuencia da alta afluencia turística.

Esta realidade ven xerando problemas operativos, organizativos, laborais e profesionais, así como un crecente descontento entre a cidadanía e o persoal, que denuncian a falta de medios, de recoñecemento institucional e de adecuación do servizo ás funcións reais que está a desenvolver e que non atopan solución por parte de quen ten a responsabilidade da xestión do servizo, e que mesmo acordou a redución do cadro de persoal e do horario de atención ás emerxencias.

O concello de Sanxenxo reduciu de maneira significativa a súa achega económica, o que ten como consecuencia Un cadro de persoal insuficiente, con 17 efectivos, sen que se cubran as situacións de ausencias como as ILT. Ao esgotarse as horas contempladas no convenio laboral, desde o 19 de xaneiro o servizo veu reducido drasticamente o seu horario, pasando a prestarse só desde as 7 da mañá a 23 horas; deixando á veciñanza sen cobertura nocturna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos inaceptábel que un servizo que debe garantir a atención as 24 horas do día o faga só 18 horas.

A isto hai que sumar as denuncias presentadas polo persoal diante da inspección laboral, por incumprimento reiterado da normativa da prevención de riscos laborais, que nin recibiron resposta, nin se tomaron medidas para solucionalo.

Tamén denuncian que lle foron trasladadas propostas ao concello de Sanxenxo de quendas nas que se demostraba a viabilidade de cumprir co mínimo de tres persoas por quendas cos 17 efectivos actuais do cadro de persoal, así como outras alternativas nas que incluso se chegou a ofrecer a renuncia a determinados dereitos laborais, todas elas rexeitadas

Esta situación dáse nun contexto de parques de bombeiros do consorcio provincial de bombeiros de Pontevedra, que veñen realizando peches recorrentes por falta de efectivos.

O cadro de persoal do GES de Sanxenxo denuncian que a seguridade e protección da veciñanza, dos concellos nos que teñen que prestar o servizo, poñendo en risco a continuidade dun servizo esencial.

Esta decisión de drástica redución das horas de prestación do servizo de atención ás emerxencias constitúe unha evidente irresponsabilidade que cumpre corrixir de inmediato.

E por iso dende o grupo parlamentar do BNG vimos presentar a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate e aprobación na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a promover as accións necesarias para:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Asumir de xeito directo e integrada a xestión e financiamento dos Grupos de emerxencias Municipais GES, integrándose plenamente no sistema autonómico de emerxencias.

2.-Mentres isto non acontece, tomar todas as medidas para garantir que o GES de Sanxenxo garanta a prestación do servizo as 24 horas do día os 365 días do ano, co persoal preciso para garantir a seguridade e calidade do servizo.

3.- Demandarlle ao Concello de Sanxenxo a que con carácter inmediato, revogue a decisión de reducir o horario de atención ás emerxencias volvendo a prestarse as 24 horas do día.

4.- Promover as accións necesarias para a mellora das condicións laborais e profesionais do servizo de atención ás emerxencias do Concello de Sanxenxo, que atende aos concellos de Poio, Meaño e O Grobe;

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2026 18:28:24

Ana Pontón Mondelo na data 09/02/2026 18:28:37

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/02/2026 18:28:45

Óscar Insua Lema na data 09/02/2026 18:28:54

Iria Taibo Corsanego na data 09/02/2026 18:29:04

Cristina Fernández Davila na data 09/02/2026 18:29:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 18:29:33
Nº Rexistro: 50087
Data envío: 09/02/2026 18:29:33,254



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 18:29:33
Nº Rexistro: 50087
Data envío: 09/02/2026 18:29:33,254

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 18:29:34

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación dos centros de saúde dos concellos pertencentes á comarca de Muros e Noia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nun acto de evidente propaganda, de lucimento propio e de intento de relanzamento do alcalde de Noia, o Goberno galego celebrou o Consello da Xunta nese concello hai pouco máis dun ano, a finais de novembro de 2024.

Entre os moitos anuncios que se fixeron ese día, dun importe total en investimentos de máis de 42 millóns de euros para a comarca, apenas se efectivizou ningún.

Entre tantos outros, a Xunta fixo público o acordo dun suposto Plan Local de Saúde “que adaptará a atención primaria ás necesidades específicas da poboación dos concellos de Noia, Lousame, Outes e Porto do Son”.

Na información aos medios de comunicación asegurábase que “estes plans supoñen un avance fundamental para mellorar a xestión e a eficacia dos centros de saúde” e que, coa súa posta en marcha, a Xunta “deixa patente a súa vontade de poñer a atención primaria como eixe vertebrador da asistencia sanitaria e a cidadanía como protagonista principal sobre a que deben xirar as políticas sanitarias”.

Tamén, ao respecto, afirmábase que co Plan “a Xunta busca incidir na prevención da enfermidade, acadar curación ou paliar as doenzas e os problemas de saúde da poboación, sempre tendo en conta as súas necesidades e a contorna onde desenvolve o seu proxecto vital”.

Asinado o día 29/01/2026 ás
19:29
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 29/01/2026 ás
19:28
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aínda descoñecendo cais son as accións concretas e definidas que se levaron a cabo dende aquel Consello da Xunta, referidas ao Plan Local de Saúde, si podemos afirmar que as condicións de atención, e polo tanto a xestión de todos os centros de saúde da comarca, non só non melloraron dende aquela senón que empeoraron significativamente: Diminución de profesionais e, por tanto, de calidade asistencial, aumento da demora para as consultas cos profesionais de familia, perda de servizos na maioría dos casos, etc., son o resumo do último ano, no que á sanidade pública en Muros e Noia se refire.

Son eivas e deficiencias cada vez maiores das que, tanto a Xerencia como a propia Consellaría de Sanidade teñen coñecemento, mais que seguen sen solucionarse e que nalgún dos casos levan todo o rumbo de se converteren en crónicas: Dende a falta de pediatra en Muros ata o insuficiente número de ambulancias en Noia ou os vellos problemas no PAC do mesmo centro, dende a redución horaria da matrona ou do pediatra en Outes ata a clamorosa falta de profesionais en Porto do Son sobre todo na época do verán e as graves deficiencias do inmóbel sanitario, todas elas cuestión denunciadas en moitas ocasións pola cidadanía e polo BNG.

A estas, hai que acrecentarlle aínda outras como a falta de profesionais en Mazaricos e unha común en todos os casos que é a demora de máis dunha semana, e ata máis de dúas nalgúns casos, para poder obter cita co facultativo de cabeceira.

Con todo, estas que se citan non son sequera todas as deficiencias que hai. A falta de cobertura de profesionais en caso de vacacións, baixas ou permisos é xa un clásico, servizos que se prestaban cun facultativo nun centro e pasaron a ser compartidos por varios, consecuencias do colapso da atención primaria nos PACs, amortizacións de prazas pola vía dos feitos, saturación dos profesionais, reducidos, que están nos centros e teñen que asumir os usuarios e usuarias pertencentes a outros médicos e médicas, centralización progresiva das urxencias en Noia, alonxamento dos servizos da poboación á que se dirixen, demoras cada vez maiores para ser atendido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, unha situación que concorda coa doutros moitos puntos do país mais que a poboación se resiste a aturar denunciando, cada vez con máis asiduidade, o desleixo e o recorte de recursos humanos e orzamentarios aos que a Consellaría ten sometida á sanidade pública e nomeadamente á atención primaria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Cubrir de xeito estábel e inmediato o 100% das prazas de persoal facultativo nos centros de saúde de Lousame, Mazaricos, Muros, Noia, Outes e Porto do Son, nomeadamente a repoñer a totalidade dos servizos de pediatria, de matrona, de fisioterapia e de odontoloxía dos que se dispoñían.

-Descentralizar as urxencias e restablecer e reforzar os servizos de PAC en horario completo naqueles centros de saúde onde xa existían.

-Incrementar cando menos nunha ambulancia a xa existente para toda a zona.

-Axilizar a tramitación e posta en marcha dos novos centros de saúde previstos na Comarca e, mentres isto non se produce, corrixir cando menos as deficiencias máis graves existentes dende hai tempo nos inmóbeis actuais.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/01/2026 19:28:48

María Montserrat Prado Cores na data 29/01/2026 19:29:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48617
Data envío: 29/01/2026 19:31:48,450

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/01/2026 19:31:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 48617
Data envío: 29/01/2026 19:31:48,450

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma castro Rey**, **Silvia Longueira Castro** e **Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

No termo de Cerdedo, dentro do Concello de Cerdedo-Cotobade existe un Centro de Día con 30 prazas, algunhas tamén de residencia, en funcionamento dende o ano 2008.

Trátase dun centro de titularidade e xestión pública, pertencente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integrado pola Xunta de Galicia, e de xestión pública.

No ano 2024, o goberno galego levou a cabo diversas obras de mellora no centro, mais non se tivo en conta unha demanda histórica do persoal, das persoas usuarias e das súas familias, consistente na necesidade de prolongar o voladizo existente na zona de entrada mediante unha solución como unha pérgola ou elemento similar, que cubra o traxecto ata a parada do autobús, permitindo así o acceso ao centro sen mollarse nos días de choiva.

Esta demanda foi trasladada ao pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade a través dunha moción presentada polo grupo socialista, que foi aprobada por unanimidade, adquirindo o alcalde o compromiso de trasladala á Xunta de Galicia.

Porén, transcorridos case dous anos dende a aprobación desa moción, non se produciu ningunha actuación nin se recibiu información ao respecto.



Por outra banda, o centro dispón dunha beirarrúa exterior, claramente insuficiente para o conxunto das persoas usuarias e que, ademais, carece de zonas de sombra, imprescindibles durante os meses de maior calor.

Dende o grupo socialista considérase necesario mellorar este espazo de estancia exterior, sendo unha opción viable a adquisición dunha parcela situada na parte traseira do centro de día, que permitiría ampliar a zona de esparcemento, crear áreas de sombra e mesmo habilitar unha pequena horta como actividade de ocio terapéutico.

Así mesmo, cómpre salientar unha nova situación de especial gravidade: dende o mes de setembro, momento no que rematou a concesión do contrato que ofrecía ás persoas usuarias un servizo de transporte mediante autobús unha vez ao mes e unha actividade de ocio asociada, este servizo non foi renovado nin substituído por ningunha alternativa provisional. Como consecuencia, as persoas usuarias do centro de día non poden realizar excursións nin saídas organizadas, unha actividade moi valorada por elas e fundamental para o seu benestar emocional, social e cognitivo.

Resulta inadmisíbel que, por cuestións administrativas, se prive ás persoas maiores dun servizo que contribuía de maneira decisiva á súa calidade de vida, polo que se considera urxente que a Xunta de Galicia resolva unha nova licitación ou adopte unha solución provisional inmediata mentres esta non se formalice.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a :



1. Executar a obra necesaria para prolongar o voladizo existente na entrada do centro, de xeito que cubra a zona de entrada e garanta un acceso axeitado en condicións meteorolóxicas adversas.
2. Proceder á adquisición da parcela anexa ao centro, ou parte da mesma, con referencia catastral 36011C501003210000R, co obxectivo de ampliar a zona exterior e habilitar nela espazos de sombra e descanso para as persoas usuarias.
3. Resolver con carácter urgente unha nova licitación, ou ben habilitar unha solución provisional, que permita restituír o servizo de transporte e actividades de ocio do que dispoñan as persoas usuarias do centro de día, evitando así a súa privación prolongada.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 30/01/2026 10:37:44

Silvia Longueira Castro na data 30/01/2026 10:37:49

Elena Espinosa Mangana na data 30/01/2026 10:37:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/01/2026 10:38:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:39:47
Nº Rexistro: 48639
Data envío: 30/01/2026 10:39:47,951

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:39:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:39:47
Nº Rexistro: 48639
Data envío: 30/01/2026 10:39:47,951

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión, 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A cabala (*Scomber scombrus*) constitúe unha especie estratéxica para a frota galega, tanto desde o punto de vista económico como social, sendo clave para a actividade de numerosos buques e para o mantemento do emprego en portos e lonxas de Galicia.

Os resultados provisionais da negociación dos Totais Admisibles de Capturas (TAC) e cotas para 2026 supoñen unha redución desproporcionada da cota de cabala, moi superior á acordada por outros Estados costeiros que comparten o stock, a pesar de que existen escenarios alternativos avalados polo ICES con menor impacto socioeconómico.

Resulta especialmente grave que esta redución prodúzase mentres terceiros países manteñen asignacións unilaterais e prácticas de sobrepesca prolongada, sen que a Comisión Europea actuara coa mesma contundencia que si aplicou a España no pasado.

Segundo estimacións oficiais, o impacto económico directo desta redución podería alcanzar entre 26,5 e 28,4 millóns de euros, elevándose ata case 40 millóns de euros se se consideran os efectos indirectos, co consecuente risco de perda de mercados tradicionais.

Neste sentido, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia consideramos que resulta imprescindible que o Goberno de España adopte unha posición firme en



defensa do sector pesqueiro galego e do principio de proporcionalidade recollido no Dereito da Unión Europea.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Defender ante a Comisión Europea e o Consello da Unión Europea un TAC definitivo de cabala para 2026 que non supoña unha redución superior á aplicada polos terceiros países que comparten o stock, aplicando o principio de proporcionalidade previsto no artigo 5.4 do Tratado da Unión Europea.
- 2.- Promover a adopción do escenario menos lesivo recomendado polo ICES, en particular o que contempla unha redución do 48 %, fronte a reducións máis severas carentes de xustificación socioeconómica.
- 3.- Solicitar unha flexibilidade interanual superior ao 10 %, así como a aplicación de mecanismos de flexibilidade interespecies e de minimis, co fin de evitar que a cabala se converta nunha especie de estrangulamiento para a frota.
- 4.- Instar á Comisión Europea a aplicar as medidas previstas para os supostos de falta de cooperación a aqueles países que se autoasignan cotas e manteñen prácticas de pesca non sostible.
- 5.- Impulsar unha avaliación científica diferenciada do stock, que teña en conta a realidade dos distintos caladoiros e o seu impacto específico sobre a frota galega”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 10:52:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:52:47
Nº Rexistro: 48691
Data envío: 30/01/2026 10:52:47,792

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:52:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:52:47
Nº Rexistro: 48691
Data envío: 30/01/2026 10:52:47,792

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:57:22
Nº Rexistro: 48696
Data envío: 30/01/2026 10:57:22.413

Asinado o día 30/01/26
10:55
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días fíxose pública unha resposta oficial da Xunta de Galicia a unha solicitude de acceso á información ao abeiro da Lei de transparencia na que a Consellería de Economía e Industria afirma descoñecer o contido do memorando de entendemento asinado no ano 2021 coa multinacional Altri, a pesar de tratarse dun acordo subscrito polo presidente da sociedade Impulsa Galicia, que naquel momento era o propio conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde.

Cómpre lembrar que a existencia deste memorando non é un feito novo, pois xa era coñecida con anterioridade. O que resulta especialmente grave e novidoso é que o propio Goberno galego alegue agora non coñecer o contido dun pacto cualificado como “secreto”, asinado por un membro do Consello da Xunta, no marco dunha sociedade instrumental controlada pola Xunta de Galicia, e destinado a impulsar un proxecto de enorme transcendencia económica, territorial e ambiental.

A sociedade Impulsa Galicia, aínda que configurada formalmente como unha entidade público-privada, estaba baixo control efectivo da Xunta de Galicia, que participaba maioritariamente na súa gobernanza e dirección estratéxica. Resulta, por tanto, politicamente insostible e institucionalmente intolerable que a Xunta pretenda desvincularse dun acordo asinado polo seu propio conselleiro

Asinado o día 30/01/2026 ás
10:55
Por Lara Méndez López

Asinado o día 30/01/2026 ás
10:55
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

177187

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:57:22
Nº Rexistro: 48696
Data envío: 30/01/2026 10:57:22.413

no exercicio de funcións públicas e en nome dunha sociedade baixo o seu control.

A resposta da Consellería de Economía e Industria supón, de facto, admitir que:

- Ou ben a Xunta asinou un acordo estratéxico sen coñecer nin custodiar o seu contido,
- Ou ben coñece ese contido e négase a facelo público, eludindo as obrigas de transparencia e rendición de contas.

Ambas as dúas hipóteses son incompatibles co funcionamento normal dun goberno democrático e revelan unha grave falla de control político, administrativo e parlamentario.

Este feito reforza as denuncias realizadas polo Grupo Parlamentario Socialista desde finais de 2023 sobre a opacidade no funcionamento de Impulsa Galicia, utilizada para impulsar proxectos estratéxicos á marxe do control parlamentario ordinario e cun déficit evidente de transparencia pública.

A gravidade da situación increméntase ante a posibilidade de que o memorando incorpore compromisos económicos, cláusulas de blindaxe legal ou obrigas que poidan derivar en reclamacións ou indemnizacións a cargo de fondos públicos, sen coñecemento do Parlamento de Galicia.

Que a Xunta alegue descoñecer o contido dun pacto destas características, asinado por un conselleiro e relacionado cun proxecto con impacto ambiental, territorial e económico de primeira magnitude, constitúe un problema institucional de primeira orde que non pode ser normalizado nin despachado con evasivas.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Parlamento de Galicia exerza as súas funcións de control, investigación e fiscalización, co obxectivo de

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177188

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:57:22
Nº Rexistro: 48696
Data envío: 30/01/2026 10:57:22.413

esclarecer os feitos, determinar responsabilidades políticas e garantir que nunca máis se adopten decisións desta relevancia á marxe da transparencia e do control democrático.

Por todo o anterior, o Parlamento de Galicia non pode permanecer alleo a uns feitos que cuestionan gravemente a responsabilidade política, a transparencia e o funcionamento institucional da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei:

1. O Parlamento de Galicia acorda, previos os trámites regulamentarios oportunos, a constitución dunha Comisión de Investigación para esclarecer a sinatura e o contido do memorando de entendemento entre Impulsa Galicia e Altri, na que se cite a Francisco Conde, en calidade de conselleiro de Economía e Industria e presidente de Impulsa Galicia no momento da súa sinatura.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a facer público o contido íntegro do memorando e da documentación asociada.

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

177189

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-mh11Q64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/01/2026 10:55:23

Lara Méndez López na data 30/01/2026 10:55:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/01/2026 10:55:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:57:22
Nº Rexistro: 48696
Data envío: 30/01/2026 10:57:22.413

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 10:57:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 10:57:22
Nº Rexistro: 48696
Data envío: 30/01/2026 10:57:22.413

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión, 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O sector pesquero galego constitúe un pilar estratéxico desde o punto de vista económico, social e territorial, e é un dos sectores máis regulados da Unión Europea.

A sustentabilidade ambiental da actividade pesqueira debe ser plenamente compatible coa súa viabilidade económica e coa necesaria seguridade xurídica para armadores e tripulacións.

O Regulamento (UE) 2023/2842, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 relativo ao réxime comunitario de control da pesca, incorpora marxes de flexibilidade e posibilidades de adaptación que permiten aos Estados membros adecuar a súa aplicación ás características específicas das súas frotas e pesqueiras.

Estas opcións están expresamente previstas na normativa comunitaria e requiren unha actuación decidida e anticipada por parte dos gobernos nacionais.

Con todo, tras oito anos de Goberno socialista, o sector pesqueiro español veu denunciando de forma reiterada a falta de iniciativa do Executivo para facer uso efectivo das devanditas flexibilidades, así como a ausencia dunha defensa firme e sostida dos intereses do sector ante as institucións europeas.

Asinado o día 30/01/2026 ás
11:02
Por Alberto Pazos Couñago





Neste contexto, resultan especialmente rechamantes as recentes declaracións públicas do eurodeputado socialista galego Nicolás González Casares, nas que anuncia a intención de promover en Bruxelas reformas orientadas a flexibilizar a aplicación do Regulamento de control da pesca e adaptalo ás particularidades da frota española.

Estas manifestacións contrastan co feito de que o citado Regulamento foi tramitado e aprobado durante os últimos anos co respaldo do Grupo Socialista no Parlamento Europeo, sendo ademais Clara Aguilera, eurodeputada socialista, a relatora do mesmo.

Esta circunstancia pon de relevo a contradición entre o discurso actual e a actuación mantida tanto nas institucións europeas como desde o Goberno de España, que dispuxo do tempo, os instrumentos e a responsabilidade política necesarios para impulsar as devanditas adaptacións, sen facelo de forma efectiva ata datas moi recentes.

Debe lembrarse que hai case dous anos, o Congreso dos Deputados aprobou na súa Comisión de Pesca unha iniciativa que instaba o Goberno a aplicar as medidas de flexibilización previstas na normativa comunitaria de control pesqueiro.

Dita iniciativa non foi desenvolvida nin executada, permanecendo sen efectos prácticos durante un longo período de tempo.

A maiores, durante o proceso de elaboración e aprobación do Regulamento (UE) 2023/2842, Galicia e o seu sector pesqueiro traballou abondosamente na achega de suxerencias e propostas que recollían as particularidades da actividade nas nosas augas, especialmente no referente á pesca de baixura e do marisqueo. Froito dese traballo xurdiron dous ditames do Consello Galego de Pesca, atendendo aos dous procesos de elaboración realizados en dous mandatos diferentes do marco decisivo europeo, e varias iniciativas no seo do Parlamento de Galicia.

Ademais, chegou o momento da decisión adoptada mediante un procedemento de “trílogo” entre o parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, Galicia mantivo contactos e xerou propostas que trasladou a todos os ámbitos, reuníndose tanto





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:02:39
Nº Rexistro: 48711
Data envío: 30/01/2026 11:02:39.581

co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo coma co ministro portugués de Pesca e a Secretaría General de Pesca, como encargados da Presidencia de turno e da representación do Reino de España nestas negociacións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-mh11Q64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asemade, tamén se reuniu có director xeral de Pesca da Comisión Europea co mesmo propósito.

Con todo, o proceso negociador que levou anos culminou nun texto que impón novas obrigas ás nosas frotas e que recolle tamén certas adecuacións como a obriga de desembarque para o marisqueo a pé nos mesmos termos que se fai en Galicia.

Desde a Consellería do Mar trasladaron á Secretaría General de Pesca un total de 23 propostas entre as que se atopan a da exención de determinadas categorías de buques pesqueiros da obriga de completar e presentar unha notificación previa e unha declaración de transbordo; a exención para determinadas poboacións da obriga de estibar por separado as poboacións demersais suxeitas a plans plurianuais; as normas sobre procedementos de pesada e as normas especiais relativas ás pequenas especies peláxicas ou as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores.

Isto engadiuse a unha petición mantida no tempo (procedente xa do Regulamento 1224/2009) para simplificar as normas que condúzan á exixencia de notificar as capturas a todos os buques pesqueiros. No caso da notificación previa de desembarque de capturas, aplicable a barcos 12 ou máis metros –e non so a pesqueiros suxeitos a plans plurianuais- pedíanse medidas que facilitasen un período de notificación previa máis breve.

Isto é factible en canto a que o artigo 17.1 bis. do Regulamento de Control sinala que “El Estado miembro ribereño en el que tenga lugar el desembarque podrá establecer un período más breve para la notificación previa a que se refiere el apartado 1 en lo relativo a determinadas categorías de buques pesqueros de la Unión, teniendo en cuenta el tipo de productos de la pesca y la distancia entre los caladeros y el puerto o lugar de desembarque, siempre que dicho período de notificación previa más breve no perjudique la capacidad de dicho Estado miembro para llevar a cabo inspecciones. Dicho Estado miembro ribereño hará público ese plazo de notificación previa más breve y lo comunicará sin demora a la Comisión.”





No caso de Galicia, a existencia de medios propios de inspección pesqueira, sumadas aos despregados polo Goberno Central, fan factible que medios humanos de inspección estean presentes en calquera punto da costa ou instalación portuaria en menos de media hora, posibilitando esta inspección.

Parece sensato que si os nosos mariñeiros “sofren” este importante despregamento de medios humanos de inspección, teñan vantaxes tamén á hora de traballar, facendo deste feito o apoio a esta demanda de flexibilidade. Amais, a necesidade de xerar notas de venda e controis en lonxa aumenta a seguridade dese control ex-post á notificación de preaviso, facendo máis robusto o control.

Pero non foi ata datas moi recentes, e tras unha intensa mobilización do sector pesqueiro, cando o Goberno publicou unha Resolución da Secretaría Xeral de Pesca pola que se introducen determinadas adaptacións en materia de notificación previa e enchemento do diario de pesca.

Polo tanto, era factible amoldar este regulamento e as súas disposicións de mellor maneira ás especificidades da nosa frota, facendo viable unha trazabilidade plena da actividade a prol da diferenciación dos produtos do mar de Galicia sen afectar á actividade diaria da nosa xente do mar.

Aínda que calquera avance neste ámbito debe ser valorado positivamente, resulta evidente que estas medidas chegan tarde, teñen un alcance limitado e non esgotan as posibilidades de adaptación que permite a normativa comunitaria.

A defensa do sector pesqueiro esixe coherencia institucional, previsión e compromiso sostido, e non actuacións parciais ou reactivas motivadas pola presión social.

Por iso, resulta necesario consolidar e completar as medidas adoptadas, avaliar o seu impacto real e garantir unha aplicación homoxénea que proporcione estabilidade e seguridade xurídica ao conxunto do sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, á súa vez, esixa ao Goberno de España a:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- 1.- Explicar de forma detallada as razóns polas que non aplicou nin desenvolveu, no momento oportuno, as medidas de flexibilización previstas na normativa comunitaria de control da pesca, a pesar de ser instado a iso polo Congreso dos Deputados hai case dous anos.
- 2.- Informar das xestións concretas realizadas desde 2018 ante a Comisión Europea para adaptar o Regulamento de control da pesca ás particularidades da frota e das pesqueiras españolas.
- 3.- Avaliar, consolidar e completar as medidas de flexibilización introducidas mediante a Resolución do 22 de xaneiro de 2026, da Secretaría Xeral de Pesca, garantindo a súa coherencia, alcance suficiente e plena seguridade xurídica para o sector pesqueiro, e en particular:
 - a) Analizar o impacto real da adaptación dos prazos de notificación previa de entrada a porto, asegurando unha aplicación homoxénea en todo o territorio e evitando interpretacións dispares por parte das autoridades competentes.
 - b) Desenvolver normativamente, no marco das posibilidades que ofrece o Regulamento (CE) n.º 1224/2009, as excepcións e adaptacións necesarias para que o enchemento do diario de pesca responda á realidade operativa das distintas tipoloxías de frota, máis aló do xa previsto na citada resolución.
 - c) Estender as adaptacións relativas á marxe de tolerancia e á declaración de capturas a aquelas situacións non contempladas expresamente na resolución, en particular no relativo a pesqueiras mixtas, tendo en conta a súa natureza comercial e operativa.
 - d) Garantir que as medidas adoptadas non teñan carácter meramente transitorio nin reactivo, senón que formen parte dunha estratexia estable e planificada de adaptación da normativa de control ás particularidades da frota pesqueira española.





- 4.- Establecer un mecanismo permanente e estruturado de diálogo có sector pesqueiro, garantindo que as decisións que lle afectan adóptense con antelación, transparencia e participación real, e non unicamente como resposta a situacións de conflito ou mobilización social”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:02:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:02:39
Nº Rexistro: 48711
Data envío: 30/01/2026 11:02:39.581

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:02:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:02:39
Nº Rexistro: 48711
Data envío: 30/01/2026 11:02:39.581

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión, 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Galicia, como principal rexión pesqueira de Europa, atópase hoxe nunha encrucillada histórica. O noso mar non só enfrenta retos biolóxicos ou de mercado, senón unha ofensiva política e institucional sen precedentes que ameaza con desmantelar un sector que é o noso orgullo e o noso sustento.

Para o Partido Popular e para o Goberno de Galicia, a pesca é estratéxica e de absoluta prioridade. Factura máis de 9.000 millóns de euros anuais, xera arredor de 50.000 empregos e supón o 5% do PIB galego. Os galegos queremos e temos dereito a seguir vivindo do noso mar, pero o escenario que se debuxa é de extrema gravidade pola confluencia de ameazas burocráticas e pola falta de apoio político do Goberno de Pedro Sánchez.

Resulta evidente que para o Goberno Socialista a pesca non é importante. Esta desidia maniféstase en feitos inadmisibles:

Ataque ao consumo: o decreto que regula os menús nos comedores escolares permite servir tan só unha ración de peixe por semana, unha decisión que contravén as recomendacións da propia Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), prexudica a saúde dos nenos e dana directamente ao sector pesqueiro.

Asfixia fiscal: a reiterada negativa a rebaixar o IVE do peixe, unha demanda histórica do sector apoiada por organismos independentes e institucións





comunitarias, evidencia unha absoluta falta de sensibilidade coas familias e coa competitividade da cadea mar-industria.

A esta falta de compromiso súmase unha xestión errática do novo Regulamento Europeo de Control, que supón unha ameaza directa para a frota artesanal e de baixura galega. A aplicación ríxida e desproporcionada deste regulamento, sen atender ás particularidades da pesca tradicional, provocou un profundo malestar no sector que desembocou nunha multitudinaria manifestación en Madrid o 19 de xaneiro de 2026. A pesar de que inicialmente o Ministerio negaba calquera posibilidade de flexibilización, a presión do sector conseguiu que o Goberno de España rectificase parcialmente, demostrando que si existía marxe de adaptación e que a defensa da excepcionalidade da baixura era xusta e necesaria.

Esta parálise e falta de liderado en Madrid deixa a Galicia indefensa fronte aos ataques que chegan de Bruxelas:

Abandono financeiro: coa proposta do Marco Financeiro 2028-2034 que pretende eliminar o FEMPA e recortar o seu orzamento nun 67%.

Asfixia normativa: co veto ao arrastre sen base científica suficiente e cun Regulamento de Control que penaliza de maneira inxusta á frota artesanal.

Desequilibrios comerciais: cos acordos con terceiros países, como Tailandia e Mercosur, que poden xerar distorsións no mercado se non se garante o respecto efectivo ao principio de preferencia comunitaria e a igualdade de condicións para o sector europeo.

Galicia non pode calar mentres se machaca un sector que ten moito pasado, moito presente e, sobre todo, moito futuro, se non se lle segue golpeando desde as institucións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:





- 1.- Garantir a presenza do peixe nos comedores escolares conforme ás recomendacións da AESAN, corrixindo o decreto actual para fomentar unha dieta saudable e apoiar ao sector pesqueiro.
- 2.- Rebaixar de forma inmediata o IVE do peixe para incentivar o consumo e aliviar a carga económica das familias e dos produtores galegos.
- 3.- Rexeitar frontalmente a desaparición do FEMPA e o recorte do 67% dos fondos no Marco Financeiro 2028-2034, defendendo un financiamento específico, estable e potente para o sector pesqueiro.
- 4.- Opoñerse ao veto indiscriminado á pesca de arrastre e esixir que calquera restrición se basee en criterios científicos rigorosos e non en prexuizos ideolóxicos.
- 5.- Esixir a inclusión de cláusulas espello nos acordos comerciais con Tailandia e Mercosur para evitar a competencia desleal de produtos que non cumpren cos estándares europeos.
- 6.- Defender de maneira firme a excepcionalidade da frota artesanal e de baixura galega na aplicación do novo Regulamento de Control, garantindo unha implementación flexible, proporcional e adaptada ás súas características, tal e como quedou demostrado tras a rectificación do Ministerio logo da mobilización do sector o 19 de xaneiro de 2026.
- 7.- Liderar en Bruxelas unha alianza de rexións pesqueiras para que o mar recupere o seu status de sector estratéxico e prioritario dentro das políticas comunitarias”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:05:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:05:53
Nº Rexistro: 48722
Data envío: 30/01/2026 11:05:53.175

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:05:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:05:53
Nº Rexistro: 48722
Data envío: 30/01/2026 11:05:53.175

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereas Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

A través da Orde TED/1375/2023, do 21 de decembro, pola que se inicia o procedemento para efectuar propostas de desenvolvemento da rede de transporte de enerxía eléctrica co horizonte 2030, é dicir, en decembro de 2023, botaba a andar o proceso de elaboración da planificación da rede de transporte 2025-2030.

Un proceso que está sendo longo, xa que pesar das modificación de aspectos puntuais, aprobadas tres anos despois da planificación inicial para o período 2021-2026, as urxencias da industria seguen sen ser atendidas. E incluso aínda que houbo unha segunda modificación, esta obedeceu a medidas de urxencia derivadas do apagamento do 28 de abril. Un total de 65 actuacións das que tan só dúas son para Galicia, pero que non terán repercusión práctica na posibilidade de conexión de novos proxectos industriais ou enerxéticos, senón para dotar de resiliencia a unha rede, o cal xa debería terse garantido.

Sen embargo, aínda queda por aprobar o instrumento que establece as necesidades de desenvolvemento da rede de transporte de electricidade ata 2030, un marco normativo que promete reforzar as infraestruturas existentes e promover novas instalacións que permitirán a España “avanzar no camiño da transición ecolóxica con garantía de subministración, tendo como máxima a protección do medio ambiente e a eficiencia económica do sistema eléctrico”.

Así, o Goberno do Estado, recentemente e ata o 16 de decembro, someteu á trámite de audiencia e información pública a proposta de planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o horizonte 2030 e o seu estudo ambiental estratéxico. Unha vez avaliado, e ao constatar que discrimina a Galicia cun investimento de 367 millóns de euros, é dicir, en torno ao 2,8% do total, o Goberno galego presentou alegacións ao documento reclamando, por un lado, o incremento no investimento para a nosa Comunidade co obxectivo de que se atendan todas as necesidades enerxéticas das iniciativas industriais proxectadas para os vindeiros anos e, por outro, tamén solicitou





coñecer a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, á fin de poder elaborar unha planificación industrial efectiva.

Ademais, non podemos esquecer que Galicia vén sendo marxinalizada, xa que a actual planificación só prevía inicialmente menos dun 1% de investimento en redes fronte ao 6,7% no período anterior (2015-2020).

E o certo é que xa estamos en 2026 e aínda non está nin declarada nin moito menos se convocou o concurso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, nas seguintes fases do proceso de elaboración da planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica para o horizonte 2030, teña en conta as demandas feitas polo Goberno galego, é dicir, incrementar o investimento total para a Comunidade e, por outro, informe cal é a distribución territorial da nova potencia que vai estar dispoñible para o consumo, imprescindible para poder elaborar unha planificación industrial e enerxética para os vindeiros anos. Ao mesmo tempo establecer mecanismos que dean unha resposta áxil ás necesidades dos proxectos que queren implantarse na nosa Comunidade pero que, por falta de conexión, non o poden facer”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:07:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:08:15
Nº Rexistro: 48725
Data envío: 30/01/2026 11:08:15.798

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:08:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:08:15
Nº Rexistro: 48725
Data envío: 30/01/2026 11:08:15.798

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Moisés Rodríguez Pérez, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Paula Mouzo Mas, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O Porto de Vigo constitúe un motor económico indispensable non só para Galicia, senón para o conxunto do Estado e da Unión Europea.

Recentemente, un informe técnico elaborado pola Universidade de Vigo (UVigo) puxo de manifesto, con datos obxectivos, que o Porto de Vigo cumpre con fartura os criterios de excelencia, conectividade e volume de valor engadido para ser considerado porto nodal dentro da Rede Transeuropea de Transportes.

A pesar de que Vigo move o 83% do peixe fresco e conxelado que se consome en España, posúe un papel estratéxico na seguridade alimentaria europea e demostra unha resiliencia operativa e intermodal superior á de moitos portos que xa foron incorporados á rede básica, o Goberno de España volveu deixar a Vigo fóra desta categoría na revisión de 2024.

Esta exclusión non é un mero trámite administrativo; supón un agravio comparativo e un freo á financiación pública e privada. Ser porto nodal permite acceder a fondos europeos prioritarios, mellorar as infraestruturas ferroviarias (como as autopistas ferroviarias e a conexión co PLISAN) e gañar visibilidade internacional. Como sinalan os expertos e o sector loxístico galego, "non ser nodal te deixa fóra das análíticas das grandes empresas" á hora de elixir localizacións de investimento.

Asinado o día 30/01/2026 ás
11:16
Por Alberto Pazos Couñago





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:16:51
Nº Rexistro: 48728
Data envío: 30/01/2026 11:16:51.336

A situación actual sitúa a Vigo en desvantaxe fronte a portos competidores como Bilbao, Leixões ou Santander, que si contan co status de nodais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



É de xustiza que o Goberno central defenda en Bruxelas a singularidade de Vigo, un porto que non só move toneladas, senón que aporta un valor estratéxico, transfronteirizo e social irrenunciable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Defender ante a Unión Europea a inclusión inmediata do Porto de Vigo na rede nodal (Core Network) da Rede Transeuropea de Transportes (TEN-T), aproveitando calquera mecanismo de revisión técnica dispoñible antes da cita de 2027.
- 2.- Asumir como propios os argumentos do informe técnico da Universidade de Vigo, que demostran que o porto cumpre parámetros de eficiencia, valor engadido e seguridade alimentaria moi superiores aos mínimos esixidos.
- 3.- Garantir os investimentos necesarios nas conexións ferroviarias e loxísticas do Porto de Vigo, independentemente da súa catalogación actual, para evitar que a falta de financiamento estatal siga lastrando a competitividade do tecido empresarial galego".

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:16:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:16:51
Nº Rexistro: 48728
Data envío: 30/01/2026 11:16:51.336

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:16:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:16:51
Nº Rexistro: 48728
Data envío: 30/01/2026 11:16:51.336

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, María Encarnación Amigo Díaz, María Felisa Rodríguez Carrera, Ángel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Borja Vereá Fraiz e Miguel Ángel Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

En 2019 o Goberno de España aprobou o chamado Marco Estratéxico de Enerxía e Clima, a través do cal se comprometía a poñer en marcha medidas que facilitasen o cambio cara a un modelo económico sostible e competitivo que contribuíse a frear o cambio climático.

Para iso, establecíanse tres piares, un dos cales era a Estratexia de Transición Xusta, que contemplaba a seguinte actuación: un “Plan de acción urgente para comarcas de carbón e centrais en cierre 2019-2021” e que se traducía, aquí en Galicia, na decisión definitiva de pechar as centrais térmicas de Meirama e As Pontes, con certas adecuacións.

Así, a través do Real Decreto-lei 17/2019, do 22 de novembro, polo que se adoptan medidas urxentes para a necesaria adaptación de parámetros retributivos que afectan ao sistema eléctrico e polo que se dá resposta ao proceso de cesamento de actividade de centrais térmicas de xeración, incluíuse a disposición final segunda que, á súa vez, establecía a posibilidade de regular procedementos para a concesión da totalidade ou parte da capacidade de acceso nos nós da rede afectados polos peches das centrais.

Unha disposición na que afondan, á súa vez, o Real Decreto-lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, e o Real Decreto 1183/2020, do 29 de decembro, de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, que se reservaron como nós de transición xusta os nós de evacuación de enerxía xerada nas centrais térmicas de carbón.

É dicir, aínda que xa con carácter xeral a capacidade de evacuación de enerxía ou capacidade de acceso nos nós xa sae a concurso, no caso de nós afectados polo peche de centrais térmicas podería establecerse un procedemento especial para outorgar os permisos de acceso e conexión que se liberarían como consecuencia destes peches, o que supón, na práctica, que as solicitudes de acceso para evacuar





enerxía non se conceden polo procedemento habitual, senón que se reservan si ou si mediante concurso.

Neste sentido, é importante sinalar que a competencia para convocalos correspóndelle ao Instituto de Transición Xusta, organismo autónomo adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

No caso de Galicia, o Goberno declarou dous nós de transición xusta: o de Meirama 220 kV, onde evacuaban os aproximadamente 557 MW, e o das Pontes de García Rodríguez 400 kV, no que se evacuaban os 1.400 MW da central das Pontes.

Non obstante, como é sabido, nas capacidades publicadas por Red Eléctrica (REE), a capacidade do nó das Pontes era de 0. A solución do Goberno estatal pasou por incluír unha modificación na planificación da RdT en abril de 2024 que prevé a nova subestación de Maciñeira para actuar como subestación de evacuación na zona das Pontes. Respecto desta subestación, xa en 2024 recollíase en fontes oficiais do Ministerio para a Transición para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico “el Gobierno declarará la futura subestación de Maciñeira 400 kV como nudo de transición justa. La capacidad de acceso de evacuación a red eléctrica de la subestación, cuya construcción está prevista en las modificaciones puntuales de la Planificación con horizonte 2026 (...)”.

E o certo é que xa estamos en 2026 e aínda non está nin declarada nin moito menos se convocou o concurso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España a declarar de forma inmediata a futura subestación de Maciñeira 400 kV como nó de transición xusta e, en consecuencia, convocar e resolver de forma urxente o concurso do nó das Pontes, de tal xeito que se dea resposta ás necesidades dos proxectos industriais e enerxéticos e se asegure, polo tanto, o emprego de calidade na zona”.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 30/01/2026 11:34:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:35:16
Nº Rexistro: 48737
Data envío: 30/01/2026 11:35:16.937

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 11:35:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 11:35:16
Nº Rexistro: 48737
Data envío: 30/01/2026 11:35:16.937

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 12:40:43
Nº Rexistro: 48759
Data envío: 30/01/2026 12:40:43,353

Asinado o día 30/01/26
12:39
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a asistencia sanitaria no Concello de Cervantes.

Asinado o día 30/01/2026 ás
12:39
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo nos trasladan as veciñas e veciños do Concello de Cervantes a Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Sanidade, decidiu reducir a asistencia médica no centro de saúde de San Román a un médico titular e un rotatorio que preste servizo no centro tres días á semana.

Cómpre lembrar que o Concello de Cervantes, situado na comarca dos Ancares, ocupa unha superficie de 277,63 km² e conta con 1.142 habitantes cunha media de idade de 60 anos. Así mesmo, dispón dun consultorio en Doiras que viu recortada a súa actividade asistencial no último ano.

A veciñanza do Concello de Cervantes está preocupada por esta redución dos seus servizos sanitarios, como así nos traslada ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Asinado o día 30/01/2026 ás
12:39
Por Olalla Rodil Fernández

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a manter con carácter permanente as dúas prazas de persoal facultativo no centro de saúde de Cervantes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2026 12:39:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2026 12:39:20

Montserrat Valcárcel Armesto na data 30/01/2026 12:39:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 12:40:43
Nº Rexistro: 48759
Data envío: 30/01/2026 12:40:43,353

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 12:40:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 12:40:43
Nº Rexistro: 48759
Data envío: 30/01/2026 12:40:43,353

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:00:35
Nº Rexistro: 48778
Data envío: 30/01/2026 13:00:35.144

Asinado o día 30/01/26
12:59
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Suárez Fernández** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación do CEIP Virxe do Carme no concello de Sober.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Virxe do Carme, localizado no municipio de Sober, vén sufrindo desde hai tempo eivas importantes que, desde o Grupo Parlamentar do BNG, cremos que deben ser solucionadas por parte da Consellaría de Educación á maior celeridade posíbel. Na actualidade o centro conta cun total de 67 alumnas e alumnos, en infantil hai un alumnado total de 17, dividido este en dúas unidades; pola súa parte, en educación primaria actualmente hai catro grupos.

O profesorado vén reclamando máis profesionais para este centro, algo que solucionaría un dos maiores problemas do centro, as 16 alumnas e alumnos do primeiro grupo (1º e 2º de primaria) e que deberían estar desdoblados en dúas aulas para mellorar a calidade educativa que se ofrece neste centro. As profesionais do ensino que traballan neste centro dan o seu mellor cada día lectivo para tentar garantir que o alumando de Sober recibe unha educación de calidade, algo que, infelizmente, non vén acompañado dunha acción recíproca por parte do Goberno galego, que, polo momento, non cumpre nin co profesorado nin co alumando do CEIP Virxe do Carme.

Apelamos a que, canto antes, a Xunta de Galiza atenda as xuntas reclamacións da ANPA do CEIP Virxe do Carme de Sober, algo que mesmo a corporación municipal reclamou a través dun acordo aprobado no pleno municipal do pasado 29 de xaneiro de

Asinado o día 30/01/2026 ás
12:59
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 30/01/2026 ás
12:59
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2026. Non sería comprensíbel por parte da sociedade de Sober que o goberno galego desatenda as reclamacións da comunidade educativa e que deixe á súa sorte este Centro educativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Contratar no día seguinte á aprobación deste acordo un/ha novo/a profesor/a para o CEIP Virxe do Carme e, consecuentemente, desdobrar o grupo de 1º e 2º de primaria, actualmente agrupados.
2. Garantir a calidade educativa no CEIP Virxe do Carme nos vindeiros anos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 30/01/2026 12:59:23

Cristina Fernández Davila na data 30/01/2026 12:59:28

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 12:59:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:00:35
Nº Rexistro: 48778
Data envío: 30/01/2026 13:00:35.144

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 13:00:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:00:35
Nº Rexistro: 48778
Data envío: 30/01/2026 13:00:35.144

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/01/26
13:24
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre os protocolos de asistencia do profesorado aos centros ando hai alertas decretadas, como no IES García Barbón de Verín.

Asinado o día 30/01/2026 ás
13:24
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de xaneiro foi declarada a alerta laranxa por neve perante todo o día en amplas zonas de Galiza, concretamente toda a provincia de Ourense e parte da de Lugo.

Esta alerta implicou a suspensión das clases e polo tanto as alumnas e alumnos das zonas afectadas quedaron nos seus domicilios. A pesares desta alerta o protocolo que ten a consellería de educación obriga ao profesorado e ao resto do persoal a acudir ao seu posto de traballo

O claustro de profesorado do IES García-Barbón, afectado por esta alerta meteorolóxica, manifestou textualmente: “a súa profunda indignación ante a situación de desamparo e risco á que se viron sometidos durante a recente alerta laranxa por neve durante a xornada do venres 23 de xaneiro. Ante a suspensión das actividades lectivas e do transporte escolar nese día, a Consellería de Educación mantivo a obriga de asistencia do profesorado aos centros”.

Denunciaron publicamente e así saíu nos medios de comunicación a situación de risco do cadro de profesorado, que tiveron que asistir ao centro fronte aos alumnos aos

Asinado o día 30/01/2026 ás 13:23
Por Secundino Fernández
Fernández





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que lles foron suspendidas as clases e que permaneceron nos seus domicilios. Dá a sensación que para a Xunta de Galiza o risco das traballadoras e traballadores non importa, que ten menos importancia este risco para a administración galega.

Para o BNG non é de recibo que ante unha alerta meteorolóxica destas características o profesorado e os traballadores do centro teñan que acudir ao seu posto de traballo pondo en risco a súa integridade física. Estamos ante unha directriz que se pode considerar temeraria nestas circunstancias por expor ao persoal nunha situación especialmente perigosa que obriga a suspensión das clase.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta ao goberno galego a revisar de xeito inmediato os protocolos ante as alertas decretadas pola Xunta de Galiza nas que se suspenden as clases de forma que se teña en conta o risco para o persoal os desprazamentos ao centro de traballo.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 30/01/2026 13:23:13

Cristina Fernández Davila na data 30/01/2026 13:24:00

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 13:24:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 48796
Data envío: 30/01/2026 13:25:26.983

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 13:25:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:25:26
Nº Rexistro: 48796
Data envío: 30/01/2026 13:25:26.983

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a obriga da Xunta de Galiza de dotar o concello de Valdoviño dun centro de día.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Valdoviño reflite perfectamente a crise demográfica da Galiza. No ano 2001 había 1.708 persoas maiores de 65 anos, que representaban o 25% da poboación do concello. A 31 de decembro do ano 2024 había 2.194, o 32% da poboación.

Este envellecemento da nosa poboación debería significar unha maior preocupación e un investimento decidido por parte da Xunta de Galiza en servizos e equipamento para a atención á cidadanía, sobre todo no rural, fora das áreas urbanas onde este envellecemento é máis acusado e a falta de servizos redunda a favor da perda de poboación.

A Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galiza na súa páxina web recolle os Centros de Día coma un Servizo de Proximidade e di:

“Este recurso é o mellor marco para a práctica terapéutica coas persoas potencialmente usuarias e para o apoio das familias coidadoras, promovendo a máxima que orienta todas as políticas sociais actuais neste sector, a do mantemento das persoas maiores no seu entorno.

A comunidade profesional no campo da xerontoloxía evidencia a imperiosa necesidade da implantación dun recurso cuantitativa e cualitativamente inexistente na



realidade Galega: os Centros de Día para persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela.

A nosa realidade sociodemográfica lévanos a debuxar un marco de atención centrado, aínda que non en exclusividade, no medio rural galego, onde a prevalencia de persoas maiores é máis sobresaínte e a inexistencia de recursos especializados notoria.

Os Centros de Día defínense como centros xerontolóxicos socio- terapéuticos e de apoio ás familias que durante o día prestan atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia na contorna habitual”.

Valdoviño, malia a propaganda institucional do Partido Popular, foi quedando á cola de diferentes servizos, e os nosos veciños e veciñas teñen que procurar estes servizos en outros concellos da contorna que pola súa escaseza están saturados.

Por causa desta situación, tanto demográfica como de carencia de recursos para atender ás persoas maiores, hai anos que o BNG ven traballando para a efectiva implantación dun centro de día no noso concello que axude ás persoas maiores e ás súas familias.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a dotar o Concello de Valdoviño dun centro de día que sexa xestionado directamente polo Consorcio galego de igualdade e benestar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/01/2026 13:39:36

José Manuel Golpe Acuña na data 30/01/2026 13:39:43

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2026 13:39:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:41:15
Nº Rexistro: 48809
Data envío: 30/01/2026 13:41:15.233

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 13:41:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:41:15
Nº Rexistro: 48809
Data envío: 30/01/2026 13:41:15.233

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/01/26
13:42
Por Cristina Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila e do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa divulgación da multifacética obra de Castelao no currículo educativo galego.

Asinado o día 30/01/2026 ás
13:42
Por Ana Pontón Mondelo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego declarou o ano 2025 como Ano Castelao co gallo do 75 cabodano da súa morte.

Esta celebración ten como obxectivo contribuír ao coñecemento e divulgación da vida e da obra da máxima referencia política, intelectual e cultural contemporánea na construción da conciencia nacional galega.

O consello de goberno do 25 de xaneiro deu conta dun informe sobre a programación que a Xunta desenvolveu directamente e en colaboración con outras entidades ao longo de 2025.

A respecto do ámbito educativo, un espazo nuclear desde o que contribuír ao coñecemento e divulgación da vida e da obra de Castelao, o devandito informe apenas recolle unha breve referencia absolutamente ambigua e inconcreta:

“Aínda vencellado ao ámbito educativo, hai que sinalar a participación de máis de 30 institutos nas accións desenvolvidas polos equipos de dinamización da lingua

Asinado o día 30/01/2026 ás
13:41
Por Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

galega, centrados na elaboración de materiais audiovisuais, na gravación de podcast, na creación de exposicións ou de pezas teatrais”.

Esta inconcreción vén confirmar o que desde o Grupo Parlamentario do BNG fixemos constar en diferentes iniciativas a comezos do Ano Castelao: o goberno do PP nunca concretou publicamente cales ían ser as accións deseñadas para o público escolar ou encamiñadas para se desenvolveren de forma específica no marco educativo porque nunca se propuxo facelo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a impulsar a elaboración dunha programación curricular adaptada ás diferentes etapas educativas co obxectivo de introducir a figura e a multifacética obra de Castelao no sistema educativo galego de forma transversal.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/01/2026 13:41:16

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 13:42:11

Cristina Fernández Davila na data 30/01/2026 13:42:26

Daniel Castro García na data 30/01/2026 13:42:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:44:16
Nº Rexistro: 48816
Data envío: 30/01/2026 13:44:16.345

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 13:44:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 13:44:16
Nº Rexistro: 48816
Data envío: 30/01/2026 13:44:16.345

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 30/01/2026 ás 17:29
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á solicitude de melloras nas instalacións do IES Fernando Blanco de Cee.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Fernando Blanco de Cee, vén de publicar un manifesto para reivindicar a necesidade de acometer diferentes obras ante as relevantes deficiencias estruturais do centro de ensino, as cales foron comunicadas en reiteradas ocasións á consellería, sen recibir resposta pola administración competente.

Este ano, vanse a cumprir 140 anos da inauguración deste centro, construído grazas ao compromiso do benefactor D. Fernando Blanco de Lema, e que segue a cumprir cos fins da súa fundación, que non foi outro que a promoción da vida educativa e cultural da vila de Cee e da súa bisbarra.

Os problemas que existen no centro educativo poñen en risco a función docente polo que é preciso realizar un investimento para acometer as obras de mellora do centro canto antes. No manifesto feito público describen as seguintes deficiencias:

- Os tellados do edificio principal precisan dunha profunda reforma xa que existen filtracións de auga que chegan ás aulas. Estas filtracións provocan a deterioración progresiva das estruturas e supoñen un perigo real para todas as persoas usuarias. O alumnado está recibindo clase entre caldeiros de auga e periódicos no chan, o que xa ten provocado máis dun accidente

Asinado o día 30/01/2026 ás 17:28
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 30/01/2026 ás 17:28
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- A estrutura metálica que cobre o paso exterior que comunica o edificio principal cos edificios anexos atópase oxidada e deteriorada, sostendo placas de uralita cubertas de musgo, follas e ramas. Isto constitúe un risco evidente para calquera persoa que transite por ela. Débense retirar os materiais perigosos e substituír por completo esta cuberta.

- Existen graves deficiencias no sistema eléctrico, especialmente no edificio do taller de Automoción, onde saltan con frecuencia os automáticos e os diferenciais. A iluminación exterior do centro non está adaptada á humidade e non pode utilizarse en días de choiva sen risco de cortocircuíto.

- O quecemento das instalacións é claramente insuficiente e obsoleto, tanto polo sistema empregado como polos materiais illantes existentes. Estes deberían ser substituídos por un sistema moderno de climatización que permita achegar calor e refrixeración cando se precise e reducir a elevada humidade ambiental.

- A maioría das aulas do centro están masificadas, o que non permite unha impartir de maneira adecuada a docencia nas aulas de referencia e nos laboratorios. En particular, destacamos o espazo destinado á materia de Educación Física (que non cumpre coa normativa da propia administración) e a carencia de vestiarios para o alumnado da familia profesional de Automoción.

Hai máis dun curso académico que non se cubre unha praza vacante en conserxería. As características do noso centro fan imprescindible a presenza de dúas persoas en conserxaría xa que, cando algún dos espazos do centro require atención, esta queda desatendida.

- As condicións do tráfico na contorna do centro, sobre todo en períodos de grande afluencia, supón un risco evidente para a comunidade educativa. A circulación de vehículos a velocidades excesivas, o deficiente sistema de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

circulación e a ausencia e o deterioro da sinalización vertical e horizontal xa teñen provocados accidentes e situacións de perigo.

Toda a comunidade educativa solicita que se solucione canto antes estes problemas, polo que están mobilizándose para que a consellería adopte algunha medida e deixe de facer oídos xordos a unhas reclamacións que non son novas. É necesario que a ensinanza se ofrezca nunhas condicións dignas e seguras, tanto para os docentes como para os alumnos, co obxectivo de ofrecer unha educación de calidade no IES Fernando Blanco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a ter en conta as demandas da comunidade educativa do IES Fernando Blanco de Cee, e realice os estudos e informes necesarios no centro de ensino sobre as deficiencias estruturais do centro, e se executen as obras necesarias de forma inmediata.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 30/01/2026 17:28:23

Cristina Fernández Davila na data 30/01/2026 17:28:58

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2026 17:29:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 17:29:49
Nº Rexistro: 48823
Data envío: 30/01/2026 17:29:49.764

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2026 17:29:49
Nº Rexistro: 48823
Data envío: 30/01/2026 17:29:49.764

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/01/2026 17:29:53

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 10:22:00
Nº Rexistro: 48837
Data envío: 02/02/2026 10:22:00.369

Asinado o día 02/02/2026 ás 10:20
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa á falta de profesorado especialista e persoal de apoio no CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno do 4 de decembro o Grupo Parlamentar do BNG formuloulle unha pregunta ao Conselleiro de Educación para saber se tiña previsto atender as demandas de dotación de máis profesorado da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes de Santiago de Compostela. A pregunta quedou sen resposta, malia que o conselleiro recoñeceu na súa réplica que os datos que achegamos para sustentar a iniciativa eran correctos.

Este centro conta cunha dotación de profesorado especialista insuficiente para atender as necesidades de apoio do alumnado, xa que actualmente conta con praza e media de pedagogía terapéutica compartida con outro centro educativo e cunha soa especialista de audición e linguaxe, dotación que non se adapta ao número de alumnado con necesidade de apoio educativo no centro.

Neste curso 2025-2026 teñen 21 alumnos e alumnas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, que xunto co alumnado con Necesidade específica de apoio educativo acada os 50 casos. Actualmente contan con 1 PT a tempo completo, media praza PT compartida co CEIP das Fontiñas e 1 praza de AL. 2 especialistas e media para 50 alumnas e alumnos. No curso 2024-2025, con menos alumnado con estas necesidades, o

Asinado o día 02/02/2026 ás 10:20
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 02/02/2026 ás 10:20
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

centro contaba con 4 especialistas en pedagogía terapéutica e unha praza de audición e linguaxe.

A comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes leva mobilizándose desde o inicio do curso. Ante a negativa por parte da Consellería de Educación de atender as súas peticións, profesorado e familias volveron mobilizarse o 29 de xaneiro cun peche no centro para volver esixir a dotación de profesorado especialista e persoal coidador que se axuste ás necesidades reais do centro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Atender de forma inmediata as peticións da comunidade educativa e reforzar con profesorado especialista o CEIP Monte dos Postes.
- Informar na Cámara galega sobre o número de profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe que sería necesario, en base a criterios psicopedagóxicos de acordo cos pertinentes informes médicos e do equipo de orientación, para atender as necesidades do alumando NEE e NEAE do centro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 02/02/2026 10:20:27

Cristina Fernández Davila na data 02/02/2026 10:20:32

Ana Pontón Mondelo na data 02/02/2026 10:20:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 10:22:00
Nº Rexistro: 48837
Data envío: 02/02/2026 10:22:00.369

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 10:22:00
Nº Rexistro: 48837
Data envío: 02/02/2026 10:22:00.369

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 10:22:02

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 11:05:39
Nº Rexistro: 48849
Data envío: 02/02/2026 11:05:39.808

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:04
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o recinto do antigo centro de recuperación da fauna silvestre e o parque biolóxico do lago de Castiñeiras.

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:04
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque forestal ou da natureza de Castiñeiras está situado nos concellos de Vilaboa e Marín, en terreos das comunidades de montes de San Martiño de Vilaboa, Santa Cristina dos Cobres, San Xián e Santo Tomé de Piñeiro.

As orixes deste proxecto remóntanse anos 20 do século pasado, na etapa de Daniel de la Sota como presidente da Deputación e Rafael Areses como impulsor das plantacións forestais. O lago e o parque foron creados polo ICONA e posteriormente pasaron á administración da Xunta, que construíu alí diversas instalacións e equipamentos. Un dos elementos que caracteriza o conxunto é unha lagoa artificial, creada nos anos 50 do pasado século mediante un sistema de canles e drenaxe dos regatos e nacementos que forman parte dun sistema de brañas.

Pola parte superior da lagoa existe un recinto que albergou o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe até que foi trasladado pola Xunta ao concello de Cerdedo-Cotobade. Actualmente está xestionado pola Fundación Xoán XXIII, que está a desenvolver un interesante proxecto de inclusión social e posta en valor da instalación e da contorna. Mais na tramitación desta iniciativa está a encontrar numerosos atrancos por

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:03
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

parte do goberno galego, paradoxicamente a administración que construíu o recinto e o abandonou nunha situación pouco exemplar.

Máis arriba do espazo que está a acondicionar e dinamizar a Fundación Xoán XXIII existe outro recinto denominado “Parque Biolóxico de Cotorredondo” que noutros tempos acolleu unha especie de zoolóxico no que a principal atracción era un grupo de cervos e corzos. Actualmente este “Parque Biolóxico” ten un aspecto precario, con paneis informativos sucios, e dúas cabras e un burro no seu interior. Nun dos accesos colocouse unha placa coa lenda “Parque Biolóxico de Cotorredondo”, o logotipo da Xunta de Galiza e outro da Unión Europea dos Fondos Feder. Os paneis informativos do interior tamén teñen o logo da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Non poñer atrancos e colaborar coa Fundación Xoán XXIII no proxecto de legalización, recuperación e dinamización do espazo do antigo Centro de Recuperación da Fauna Silvestre do parque de Castiñeiras (concello de Marín).
2. Presenta un informe sobre as funcións, usos e investimentos realizados no “Parque biolóxico de Cotorredondo”.
3. Crear unha mesa de coordinación entre a administracións autonómica, a deputación de Pontevedra, os concellos de Vilaboa e Marín, e a Fundación Xoán XXIII para definir a acordar a identidade común, funcións, usos e contidos do parque de Castiñeiras e Cotorredondo.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

4. Dotar unha partida mínima anual de 250.000 euros durante os próximos cinco anos para colaborar na recuperación, dinamización e promoción dos valores ambientais, botánicos, educativos, patrimoniais e turísticos da lagoa e parque de Castiñeiras, nos concellos de Marín e Vilaboa”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/02/2026 11:03:56

Paulo Ríos Santomé na data 02/02/2026 11:04:03

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/02/2026 11:04:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 11:05:39
Nº Rexistro: 48849
Data envío: 02/02/2026 11:05:39.808

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 11:05:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 11:05:39
Nº Rexistro: 48849
Data envío: 02/02/2026 11:05:39.808

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**.

O pasado 31 de xaneiro de 2026 produciuse a ruptura dunha balsa mineira na antiga explotación de Monte Neme, o que provocou un aluvián de lodo e auga que arrasou todo ao seu paso, invadindo o terreo e a estrada próxima e ocasionando importantes danos ambientais.

Este feito reviste unha especial gravidade se se ten en conta que o núcleo de vivendas de Aviño atópase a apenas 50 metros da zona afectada polo colapso. Por pura sorte —e unicamente pola hora na que se produciu o incidente— non había persoas nin vehículos circulando pola estrada nese momento, evitando consecuencias persoais que poderían ter sido trágicas.

O ocorrido en Monte Neme non é un feito illado nin imprevisible. Un episodio de características semellantes xa acontecera hai aproximadamente 12 anos, sen que desde entón, o Goberno galego adoptase medidas eficaces de prevención, selado ou restauración da explotación mineira, malia tratarse dunha mina abandonada con riscos coñecidos.

Durante todo este período, a Autoridade Mineira, dependente da Consellería de Economía e Industria, non levou a cabo actuacións suficientes para garantir a seguridade da zona, evidenciando unha prolongada inacción administrativa fronte a un risco reiteradamente advertido pola veciñanza.

Afortunadamente, neste novo colapso non houbo danos ás persoas nin ás vivendas, mais este feito non pode ser empregado como xustificación da falta de actuación previa nin como escusa para a inacción futura.



Galicia conta cun número significativo de minas abandonadas, moitas delas sen selado nin restauración ambiental, que supoñen un risco real para a seguridade das persoas, os bens e o medio ambiente. A ausencia dun diagnóstico actualizado e dun plan integral de restauración mineira pon de manifesto unha grave eiva das políticas públicas da Xunta de Galicia nesta materia.

Resulta, polo tanto, imprescindible unha resposta inmediata, transparente e contundente, tanto no caso concreto de Monte Neme como no conxunto do territorio galego.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar con carácter urxente un estudo e diagnose integral da situación das minas abandonadas existentes no territorio galego, avaliando os riscos ambientais, de seguridade e de protección civil asociados a cada unha delas.
2. Aprobar e executar un Plan Galego de Restauración Mineira e selado de Minas abandonadas, con dotación orzamentaria suficiente, calendario de actuacións e criterios de prioridade baseados no risco para as persoas, os bens e o medio ambiente.
3. En relación coa mina de Monte Neme, adoptar de forma inmediata as medidas necesarias para a reparación de danos materiais e dos perxuizos ambientais causados polo vertido de lodos materiais derivados da ruptura da balsa do 30 de xaneiro de 2026.
4. Remitir ao Parlamento de Galicia os resultados completos das análises dos vertidos realizadas por Augas de Galicia tras o colapso da balsa, incluíndo os



parámetros analizados, a metodoloxía empregada e as conclusións sobre a posible contaminación ambiental.

5. Adoptar de forma urxente medidas preventivas, de reparación e de restauración integral de toda a explotación mineira de Monte Neme, co obxectivo de evitar que se repitan feitos como os acontecidos o 31 de xaneiro de 2026 e os rexistrados hai 12 anos.

6. Depurar responsabilidades administrativas pola falta de actuación da Autoridade Mineira dependente da Consellería de Economía e Industria durante máis dunha década, malia a existencia de antecedentes e riscos coñecidos.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 11:29:27

Lara Méndez López na data 02/02/2026 11:29:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 11:29:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 11:30:05
Nº Rexistro: 48854
Data envío: 02/02/2026 11:30:05.094

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 11:30:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 11:30:05
Nº Rexistro: 48854
Data envío: 02/02/2026 11:30:05.094

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:02:32
Nº Rexistro: 48860
Data envío: 02/02/2026 12:02:32.598

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:59
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o convenio do miradoiro de Cotorredondo.

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:59
Por Paulo Ríos Santomé

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Dende o miradoiro de Cotorredondo, que se atopa a 550 metros de altitude, podemos obter unha excelente vista cara á ría de Vigo destacando a Illa de San Simón. Os días despexados tamén se visualizan as rías de Pontevedra e Arousa. O miradoiro de Cotorredondo forma parte do espazo natural e complementase co Lago Castiñeiras, articulándose como unha contorna natural e de lecer en plena península de O Morrazo”.

Esta descrición corresponde á páxina web de “Turismo de Galicia”. Calquera parecido coa realidade é pura coincidencia, porque o miradoiro leva anos pechado e sen acceso ao público. E desta maneira un valioso recurso, complementario co parque forestal de Castiñeiras, non cumpre a súa función de atracción de visitantes e dinamización da contorna.

O edificio pertence á comunidade de montes de Santa Cristina dos Cobres (Vilaboa) mais foi no seu día construído por parte da administración do Estado. Actualmente é utilizado pola Consellaría do Medio Rural como torre de vixilancia mais permanece pechado ao público posto que a comunidade de montes carece de medios para garantir a seguridade e controlar a entrada.

Asinado o día 02/02/2026 ás 11:59
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dada a historia e características do edificio, e as súas grandes potencialidades, o normal sería que a súa conservación e xestión correspondese a administracións supramunicipais. Para garantir a súa conservación, mantemento, seguridade e control de acceso, podería asinarse un convenio de xestión entre a Deputación Provincial, a Xunta (Turismo e Consellaría do Medio Rural) e a comunidade de montes de Santa Cristina dos Cobres.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta a promover a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra e a comunidade de montes de Santa Cristina de Cobres para garantir a conservación, mantemento e apertura ao público do miradoiro de Cotorredondo, no concello de Vilaboa”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/02/2026 11:59:20

Paulo Ríos Santomé na data 02/02/2026 11:59:28

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/02/2026 11:59:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:02:32
Nº Rexistro: 48860
Data envío: 02/02/2026 12:02:32.598

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 12:02:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:02:32
Nº Rexistro: 48860
Data envío: 02/02/2026 12:02:32.598

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:16:59
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 02/02/2026 12:16:59.602

Asinado o día 02/02/2026 ás 12:14
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 29 de xaneiro coñecíamos a noticia de que o Tribunal Constitucional acaba de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de España, en relación a varios artigos da Lei de Acompañamento de Galicia do ano 2025.

As modificacións da lei non se limitaron só aos aspectos orzamentarios, senón a modificacións normativas que afectan directamente á regulación dos servizos sociais:

- Procedementos administrativos e funcionamento interno (o uso da historia social electrónica e presentación electrónica).
- Procesos e garantías do SAAD e dependencia, que foron foco de polémica e recurso xudicial.
- Órganos consultivos e participación social; reducindo o espazo de consulta efectiva ao Consello Galego de Benestar Social.

Esta Lei de acompañamento dos Orzamentos de 2025 volveu a confirmar unha práctica xa habitual do Goberno do Partido Popular: aproveitar unha lei orzamentaria para introducir modificacións estruturais en dereitos sociais sen debate, sen diálogo e sen transparencia.

Asinado o día 02/02/2026 ás 12:14
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 02/02/2026 ás 12:14
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177262

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:16:59
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 02/02/2026 12:16:59.602

Falamos dunha lei que non só acompaña números, senón que altera o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais, afecta á dependencia e limita a participación social. E sempre actúa pola porta de atrás.

Non é aceptable modificar leis troncais como a Lei 13/2008 de servizos sociais a través dunha lei de acompañamento, evitando o debate específico, a participación dos colectivos profesionais e o control parlamentario real.

A Xunta introduciu cambios que obrigan ao uso da Historia Social Única Electrónica como canle prioritaria de xestión e comunicación entre administracións. Non se reforzaron os equipos de servizos sociais. Non se incrementaron os recursos humanos nin técnicos. Non se garantiu formación nin tempos adecuados.

Especialmente grave é o que afecta aos procedementos de dependencia e discapacidade. Aquí simplificaron de xeito mal entendido a xestión administrativa. Reduciron os informes técnicos obrigatorios e unificaron procedementos sen garantir valoracións individualizadas.

Outro efecto preocupante da lei é a debilitación dos órganos de participación, como o Consello Galego de Benestar Social. Decidiron que tería menos capacidade de iniciativa, menos voz das entidades sociais e máis control da Consellería.

Todo isto afectou a 12.500 galegos e galegas que teñen recoñecida a dependencia e a discapacidade de xeito unívoco, e tamén aos máis de 80.000 galegos e galegas que, segundo a consellería, foilles recoñecida a dependencia neste meses.

É evidente que a xestión realizada pola Consellería respecto a este particular deixa en moi mal lugar aos Servizos Sociais galegos. A día de hoxe, a Xunta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

177263

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:16:59
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 02/02/2026 12:16:59.602

de Galicia continúa sen liderar de forma clara e eficaz o cometido da Lei de servizos sociais de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista formula a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar ante esta Cámara galega as medidas que vai a levar adiante para garantir aos galegos e galegas que as prestacións de dependencia están vixentes e serán revisadas para cumprir cos principios de legalidade e igualdade.
2. Que dada a situación de inseguridade xurídica na que se atopa a xestión realizada pola Consellería de Política Social, presenten o plan estratéxico de servizos sociais xa demandado por esta Cámara en sucesivos períodos de sesións.
3. Restituír no prazo dun mes as funcións e composición do Consello Galego de Benestar Social.

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177264

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 02/02/2026 12:14:01

Elena Espinosa Mangana na data 02/02/2026 12:14:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 12:14:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:16:59
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 02/02/2026 12:16:59.602

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 12:17:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 12:16:59
Nº Rexistro: 48868
Data envío: 02/02/2026 12:16:59.602

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputado, **Patricia Iglesias Rey**, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

No ano 2026 conmemórase o 140 aniversario da inauguración do IES Fernando Blanco de Cee, unha institución educativa histórica, nacida do compromiso filantrópico de Fernando Blanco de Lema, que desempeñou un papel fundamental no progreso social, cultural e económico da Costa da Morte.

Porén, este legado atópase hoxe seriamente ameazado pola falta de investimentos e pola inacción prolongada das administracións competentes. Segundo vén denunciando reiteradamente o equipo directivo e, de forma pública e colectiva, o profesorado do centro, o IES Fernando Blanco presenta graves deficiencias estruturais e funcionais que afectan directamente á seguridade, ao benestar e á calidade educativa

Entre as problemáticas máis graves destacan as filtracións de auga nos tellados, que chegan ás aulas e obrigan a impartir clase en condicións inaceptables; a deterioración de estruturas con materiais perigosos, como a cuberta exterior con placas de uralita; deficiencias no sistema eléctrico, especialmente no taller de Automoción; un sistema de calefacción obsoleto e insuficiente; a masificación das aulas e a inexistencia de espazos adecuados para determinadas materias e ciclos formativos; así como a falta de persoal de conserxería, imprescindible polas características do centro.

A isto súmanse os problemas de seguridade viaria na contorna do instituto, con circulación de vehículos a velocidade excesiva, sinalización deficiente e



antecedentes de accidentes, o que supón un risco evidente para o alumnado, o profesorado e o resto da comunidade educativa.

Estas carencias, lonxe de seren novas ou puntuais, foron comunicadas en múltiples ocasións ás administracións responsables, sen que se adoptasen solucións eficaces. A comunidade educativa négase a normalizar esta situación e reclama unha actuación urxente, planificada e decidida que estea á altura da relevancia histórica e educativa do centro.

Garantir unhas instalacións seguras, dignas e adecuadas non é unha opción, senón unha obriga das administracións públicas e unha condición básica para o dereito á educación pública de calidade.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar con carácter urxente un informe técnico integral sobre o estado das instalacións do IES Fernando Blanco de Cee, avaliando as deficiencias estruturais, eléctricas, térmicas e de seguridade existentes.
2. Executar de maneira inmediata as obras necesarias para reparar os tellados do edificio principal, eliminando as filtracións de auga e garantindo a seguridade das aulas.
3. Retirar e substituír a cuberta exterior deteriorada que conecta os distintos edificios do centro, eliminando materiais perigosos e garantindo condicións seguras de tránsito.



4. Corrixir as deficiencias do sistema eléctrico, especialmente no taller de Automoción, e adaptar a iluminación exterior ás condicións de humidade do centro.
5. Modernizar o sistema de climatización, dotando o centro dun sistema eficiente que permita garantir confort térmico, reducir a humidade e mellorar a eficiencia enerxética.
6. Adoptar medidas para reducir a masificación das aulas e adecuar os espazos docentes á normativa vixente, incluíndo a creación de instalacións axeitadas para Educación Física e vestiarios para o alumnado de Automoción.
7. Cubrir de forma inmediata a praza vacante de conserxería e garantir a presenza do persoal necesario para o correcto funcionamento do centro.
8. Actuar sobre a seguridade viaria na contorna do instituto, mellorando a sinalización, regulando o tráfico e adoptando medidas que garantan a seguridade da comunidade educativa.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 13:02:43

Silvia Longueira Castro na data 02/02/2026 13:02:52

Aitor Bouza Manso na data 02/02/2026 13:02:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 13:03:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:03:45
Nº Rexistro: 48876
Data envío: 02/02/2026 13:03:45.397

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 13:03:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:03:45
Nº Rexistro: 48876
Data envío: 02/02/2026 13:03:45.397

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días fíxose pública, a través de distintos medios de comunicación e das propias denuncias das familias afectadas, a perda da atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela. Segundo estas informacións, a asistencia pediátrica neste centro deixou de prestarse con carácter diario, obrigando ás familias a desprazarse a outros centros de saúde ou a acudir a servizos de urxencias para cuestións que deberían ser atendidas no ámbito da Atención Primaria.

O barrio de Conxo conta cunha poboación numerosa, con presenza significativa de nenos e nenas, para os que a atención pediátrica próxima, continuada e estable resulta esencial. A supresión da atención diaria non só supón unha merma evidente na calidade asistencial, senón que tamén incrementa a presión



sobre outros centros de saúde e sobre os servizos hospitalarios, ademais de xerar desigualdades no acceso á sanidade pública dentro do propio municipio de Santiago de Compostela.

Esta situación non pode entenderse como un feito illado, senón que se enmarca nun problema máis amplo de falta de planificación e de cobertura de prazas de pediatría na Atención Primaria por parte da Xunta de Galicia, que está a provocar recortes encubertos en servizos básicos e unha crecente sobrecarga dos profesionais sanitarios.

Resulta especialmente preocupante que estas decisións se adopten sen información clara á cidadanía, sen alternativas asistenciais suficientes e sen ter en conta o impacto directo que teñen na conciliación familiar, na saúde infantil e na equidade territorial do sistema sanitario.

Por todo o anterior, considérase necesario que o Goberno galego dea explicacións detalladas sobre esta situación e adopte medidas inmediatas para recuperar a atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Conxo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a restituír de maneira inmediata a atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Conxo, garantindo unha cobertura estable e continuada para a poboación infantil adscrita a este centro.

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/02/2026 13:15:24

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 13:15:31

Elena Espinosa Mangana na data 02/02/2026 13:15:39

Silvia Longueira Castro na data 02/02/2026 13:15:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 13:15:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:36:40
Nº Rexistro: 48891
Data envío: 02/02/2026 13:36:40.118



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 13:36:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:36:40
Nº Rexistro: 48891
Data envío: 02/02/2026 13:36:40.118

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Nos últimos días fíxose pública, a través de distintos medios de comunicación e das propias denuncias das familias afectadas, a perda da atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela. Segundo estas informacións, a asistencia pediátrica neste centro deixou de prestarse con carácter diario, obrigando ás familias a desprazarse a outros centros de saúde ou a acudir a servizos de urxencias para cuestións que deberían ser atendidas no ámbito da Atención Primaria.

O barrio de Conxo conta cunha poboación numerosa, con presenza significativa de nenos e nenas, para os que a atención pediátrica próxima, continuada e estable resulta esencial. A supresión da atención diaria non só supón unha merma evidente na calidade asistencial, senón que tamén incrementa a presión



sobre outros centros de saúde e sobre os servizos hospitalarios, ademais de xerar desigualdades no acceso á sanidade pública dentro do propio municipio de Santiago de Compostela.

Esta situación non pode entenderse como un feito illado, senón que se enmarca nun problema máis amplo de falta de planificación e de cobertura de prazas de pediatría na Atención Primaria por parte da Xunta de Galicia, que está a provocar recortes encubertos en servizos básicos e unha crecente sobrecarga dos profesionais sanitarios.

Resulta especialmente preocupante que estas decisións se adopten sen información clara á cidadanía, sen alternativas asistenciais suficientes e sen ter en conta o impacto directo que teñen na conciliación familiar, na saúde infantil e na equidade territorial do sistema sanitario.

Por todo o anterior, considérase necesario que o Goberno galego dea explicacións detalladas sobre esta situación e adopte medidas inmediatas para recuperar a atención pediátrica diaria no Centro de Saúde de Conxo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para asegurar a dotación suficiente de profesionais de pediatría na Atención Primaria da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, evitando recortes de servizos nos centros de saúde.

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/02/2026 13:16:02

Patricia Iglesias Rey na data 02/02/2026 13:16:10

Elena Espinosa Mangana na data 02/02/2026 13:16:16

Silvia Longueira Castro na data 02/02/2026 13:16:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 13:16:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:37:12
Nº Rexistro: 48893
Data envío: 02/02/2026 13:37:12.817

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 13:37:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 13:37:12
Nº Rexistro: 48893
Data envío: 02/02/2026 13:37:12.817

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No ámbito da atención á diversidade, a situación resulta especialmente preocupante. Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) que está a impedir garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Esta carencia non responde a feitos puntuais nin a situacións sobrevidas, senón a unha ausencia de planificación e de vontade política por parte da Xunta de Galicia, que ano tras ano mantén rateos insuficientes, profesorado compartido entre centros e retrasos inxustificables na cobertura de prazas, mesmo cando existen informes e ditames que acreditan as necesidades reais do alumnado.



A situación afecta a centros educativos de todo o país, de norte a sur e de leste a oeste, tanto no rural como nas vilas e cidades. Existen exemplos reiterados de retirada de profesorado de apoio compartido, de centros que carecen de profesionais de PT e AL malia contar con alumnado con ditame recoñecido, ou de centros nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada por falta de recursos humanos mínimos.

Esta realidade contradí de maneira frontal o discurso oficial da Xunta de Galicia sobre inclusión educativa e atención individualizada, e supón unha vulneración dos dereitos do alumnado máis vulnerable, que precisa máis apoio e máis recursos para desenvolver plenamente as súas capacidades en igualdade de condicións.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia de Rueda ostenta a competencia plena en materia educativa e, polo tanto, ten a obriga legal e moral de garantir un ensino público de calidade, inclusivo e non discriminatorio, dotando os centros dos profesionais necesarios para atender adecuadamente a todo o alumnado.

Por todo o anterior, resulta imprescindible a posta en marcha dun Plan de Choque específico, con medidas inmediatas e estruturais, que permita reforzar os cadros de persoal de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e dar resposta ás demandas reiteradas da comunidade educativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e poñer en marcha de maneira inmediata un plan de choque específico para reforzar o profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) en todos os centros educativos públicos de Galicia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48940
Data envío: 02/02/2026 15:32:16.554

2. Dotar este plan de choque dos recursos económicos necesarios, garantindo a súa eficacia e continuidade no tempo.

Santiago de Compostela, a 2 de febreiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

177282

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 02/02/2026 15:25:28

Silvia Longueira Castro na data 02/02/2026 15:25:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 02/02/2026 15:25:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48940
Data envío: 02/02/2026 15:32:16.554

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/02/2026 15:32:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48940
Data envío: 02/02/2026 15:32:16.554

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 48942
Data envío: 02/02/2026 15:32:59.901

Asinado o día 02/02/2026 ás 15:25
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas**, **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre as actuacións inmediatas diante dos riscos climáticos e sanitarios para minimizar as perdas no sector primario galego na campaña agraria 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio da campaña agraria de 2026 chega nun contexto de intensas precipitacións e humidade persistente que, conforme evolucionan os prognósticos, están a atrasar a preparación das terras e as labores de sementeira e plantación nos principais ámbitos produtivos —como a Limia, Valdeorras, Terra de Melide ou Terra Chá— xerando un escenario de risco sanitario para os cultivos de pataca, cebola, faba, hortícolas, cereal e millo. Esta combinación de choivas abundantes e condicións óptimas para o desenvolvemento de fungos como o mildeo, alternaria ou podremias radiculares altera as prácticas habituais dos labregos, que ven como a tradicional consulta á meteoroloxía, asesoramento técnico ou aplicación puntual de tratamentos resulta insuficiente ante o crecente risco de epidemias fúnxicas e o atraso das tarefas produtivas.

Esta situación agrávase pola falta de espazos de diálogo e coordinación sectorial efectivos, activos e permanentes, que permitan —máis aló dos encontros esporádicos ou xornadas técnicas habituais— artellar respostas conxuntas entre produtoras e produtores, cooperativas, industrias transformadoras e administración. As reunións ou mesas sectoriais que existen —como a Mesa do Leite, a Mesa do Viño, a Mesa da Carne, o





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Observatorio Lácteo ou os consellos sectoriais nas cooperativas agroalimentarias—demostran que o diálogo é posible e beneficioso, pero non sempre funcionan de xeito continuo nin están orientados a xestión de crise inmediata. A ausencia de mecanismos de coordinación sectoriais estables e reactivos deixa ao sector nunha posición reactiva fronte ás emerxencias climáticas e sanitarias, e fai evidente a necesidade de fortalecer, activar e dinamizar estas mesas ou consellos sectoriais con regularidade e con competencias efectivas de procura de solucións, intercambio de información, detección de riscos e propostas de actuación para o benestar colectivo do agro galego.

Ante esta situación excepcional, resulta imprescindible impulsar actuacións urxentes que permitan alertar de forma rápida aos produtores, coordinar recomendacións técnicas, articular plans de resposta sectoriais e evitar as perdas económicas e produtivas derivadas de riscos climáticos e sanitarios que xa están a manifestarse na campaña agraria de 2026.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Reforzar de xeito urxente as mesas sectoriais —en particular, a Mesa do Leite, Mesa do Viño, Mesa da Carne, Mesa da Patata e calquera outra de ámbito agrario— para que se convertan en espazos de diálogo continuos, con reunións programadas de forma inmediata e un calendario estable durante toda a campaña agraria. Estas mesas deberán ser axentes activos de intercambio de información de riscos, detección de problemas e formulación de medidas de resposta entre produtores, cooperativas e administración.

2. Establecer grupos de coordinación á parte das mesas xerais, que se reúnan con maior frecuencia e en base a alertas concretas (por exemplo, grupo de coordinación para





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

pataca, outro para hortícolas, etc.), para compartir información de campo, prever riscos sanitarios e definir actuacións operativas conxuntas.

3. Diseñar un plan de comunicación con ferramentas —SMS, apps ou plataformas sectoriais— que permita notificar en tempo real ás explotacións asociadas aos consellos sectoriais ou cooperativas alertas sobre risco de fungos, humidade excesiva ou outras variables que condicionen a produción.

4. Formalizar protocolos de resposta ante episodios de risco sanitario ou climático —definidos en reunións sectoriais e revisados regularmente— para que produtores e cooperativas teñan directrices claras que poidan aplicar en cada fase da campaña, adaptadas a cada cultivo.

5. Fomentar a participación activa das cooperativas e das propias mesas sectoriais no seguimento de condicións en campo, facilitando a recollida de datos sanitarios e climáticos que permitan elaborar prognósticos e plans de actuación máis precisos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 03/02/2026 12:08:57

Ariadna Fernández González na data 03/02/2026 12:09:08

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/02/2026 12:09:13

Secundino Fernández Fernández na data 03/02/2026 12:09:26

Luis Bará Torres na data 03/02/2026 12:09:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 12:13:20
Nº Rexistro: 49172
Data envío: 03/02/2026 12:13:20.203



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 12:13:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 12:13:20
Nº Rexistro: 49172
Data envío: 03/02/2026 12:13:20.203

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 12:21:23
Nº Rexistro: 49178
Data envío: 03/02/2026 12:21:23.382

Asinado o día 03/02/2026 ás 12:18
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González, Montserrat Valcárcel Armesto** e dos deputados **Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a estratexia preventiva sectorial ante riscos climáticos e sanitarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se o inicio do ano agrario 2026 se presenta con grandes expectativas para a actividade agraria, tamén chega cargado de preocupacións derivadas das condicións meteorolóxicas adversas que se prevén para este período. As precipitacións abondosas e persistentes, especialmente nas comarcas da Limia, Valdeorras, Terra de Melide, Terra Chá e zonas costeiras, ameazan atrasar de xeito importante a preparación das terras, as labores de sementeira e plantación, afectando directamente a produción de cultivos fundamentais para o sector primario galego. Entre os cultivos máis sensibles nesta fase inicial destacan a pataca, con risco de atraso na plantación e forte propensión a mildeo e podremias radiculares; a cebola, exposta a atrasos na sementeira e incremento de fungos foliares; a faba e os cultivos hortícolas, propensos a mildeo e outros ataques fúnxicos favorecidos pola humidade; e os cereais e o millo, que poden sufrir compactación do solo e retrasos na sementeira que afectan ao seu desenvolvemento e rendemento.

A conxunción de choivas persistentes e condicións propicias para o desenvolvemento de enfermidades sitúa ao sector primario nunha situación de vulnerabilidade extrema, especialmente no momento inicial da campaña agraria, cando as labores de preparación do solo e sementeira determinan en gran medida o éxito das colleitas. A experiencia de anos anteriores, como os episodios de exceso de choiva na

Asinado o día 03/02/2026 ás 12:18
Por Ariadna Fernández González

Asinado o día 03/02/2026 ás 12:18
Por Sonia Vidal Lamas



Limia, amosa que estas situacións poden provocar perdas significativas, afectar a rendibilidade das explotacións e comprometer a sustentabilidade económica de moitas pequenas e medianas explotacións. Por todo isto, resulta imprescindible establecer unha estratexia preventiva sectorial que permita anticipar os riscos, orientar aos produtores sobre as medidas máis adecuadas segundo o cultivo e a zona, e minimizar as perdas económicas derivadas de factores climáticos e sanitarios.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar protocolos preventivos de actuación para os cultivos máis críticos, que inclúan medidas de drenaxe temporal, calendarios de tratamentos preventivos e recomendacións sobre rotacións adaptadas ás condicións de humidade.
2. Implantar un sistema de alertas semanais por comarca e por tipo de cultivo que informe sobre a previsión meteorolóxica, o nivel de humidade do solo e o risco de enfermidades fúnxicas, permitindo aos produtores planificar as tarefas e aplicacións preventivas.
3. Promover e apoiar probas piloto de variedades de pataca, cebola, faba e horticolas máis resistentes a mildeo e outras enfermidades, así como a adopción de técnicas de cultivo adaptadas ás condicións de humidade elevada.
4. Organizar xornadas de información e formación para os produtores sobre boas prácticas preventivas, medidas de control sanitario e melloras de solo que permitan minimizar os riscos e as perdas de produción”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 03/02/2026 12:18:21

Ariadna Fernández González na data 03/02/2026 12:18:30

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/02/2026 12:18:37

Secundino Fernández Fernández na data 03/02/2026 12:18:45

Luis Bará Torres na data 03/02/2026 12:18:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 12:21:23
Nº Rexistro: 49178
Data envío: 03/02/2026 12:21:23.382



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 12:21:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 12:21:23
Nº Rexistro: 49178
Data envío: 03/02/2026 12:21:23.382

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 13:52:44
Nº Rexistro: 49185
Data envío: 03/02/2026 13:52:44.360

Asinado o día 03/02/2026 ás 13:49
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **María Carmen Rodríguez Dacosta, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Nas últimas semanas estanse a executar obras de remodelación na rúa Peña Trevinca, na cidade de Ourense, que constitúen na práctica o único acceso ao CEIP Irmáns Villar, centro público de educación infantil e primaria con tránsito diario de numerosos nenos e nenas acompañados polas súas familias.

Tal e como foi denunciado pola comunidade educativa e recollido por diversos medios de comunicación, durante a execución destas obras producíronse situacións de risco evidente, coa presenza de maquinaria pesada ocupando pasos peonís, a ausencia de sinalización adecuada, a inexistencia de itinerarios seguros alternativos e a falta de control nas horas de entrada e saída do alumnado. Estas circunstancias obrigaron en varias ocasións a que menores e persoas adultas tivesen que cruzar a calzada en condicións inseguras.

A pesar das reiteradas queixas e avisos trasladados polas familias e pola asociación de nais e pais, non se adoptaron medidas inmediatas e eficaces. Aínda que a obra estea promovida pola Xunta de Galicia, a seguridade viaria, a ordenación do espazo público e a protección da infancia son materias nas que resulta imprescindible a coordinación e a asunción de responsabilidades por parte das administracións implicadas, como é o caso do Concello de Ourense.

Asinado o día 03/02/2026 ás 13:49
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 03/02/2026 ás 13:49
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

177340

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 13:52:44
Nº Rexistro: 49185
Data envío: 03/02/2026 13:52:44.360

A esta situación engádese un grave impacto ambiental, derivado do formigonado dos plátanos de sombra existentes ao longo da rúa, sen a execución de alcorques axeitados, o que compromete a supervivencia destas árbores adultas e a función ecosistémica e de refuxio climático dun espazo especialmente sensible por estar nunha contorna escolar

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar con carácter inmediato, en coordinación co Concello de Ourense, as medidas necesarias para garantir un itinerario peonil seguro no acceso ao CEIP Irmáns Villar mentres duren as obras da rúa Peña Trevinca.
2. Dispor un dispositivo efectivo de control e regulación do tráfico nas horas de entrada e saída do alumnado, garantindo a presenza de persoal habilitado e coordinado co Concello para evitar situacións de risco.
3. Realizar unha inspección técnica inmediata e emitir un informe de avaliación de riscos, facendo públicas as medidas correctoras adoptadas e o seu calendario de execución.
4. Rectificar de inmediato as actuacións que estean a danar o patrimonio arbóreo urbano, executando alcorques axeitados e adoptando medidas correctoras sobre os plátanos de sombra afectados, garantindo a súa supervivencia e a función de refuxio climático na contorna do centro educativo.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

177341

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/02/2026 13:49:10

Aitor Bouza Manso na data 03/02/2026 13:49:20

Silvia Longueira Castro na data 03/02/2026 13:49:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/02/2026 13:50:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 13:52:44
Nº Rexistro: 49185
Data envío: 03/02/2026 13:52:44.360

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 13:52:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 13:52:44
Nº Rexistro: 49185
Data envío: 03/02/2026 13:52:44.360

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Saleta Chao Rivas e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación da atención sanitaria no concello de Teo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Teo contaba ata non hai moito con 4 centros para prestar atención sanitaria, en Pontevea, Cacheiras, Calo e os Tilos. A antigüidade dos centros, así coma a súa dispersión, provocou que desde a Consellería de Sanidade se tomase a decisión de centralizar a Atención Primaria de Teo nun novo centro de saúde, que finalmente se emprazaría na Ramallosa.

Desde o BNG manifestamos que esta decisión tiña que supor a oportunidade para reforzar verdadeiramente a Atención Primaria neste concello, dando resposta ás necesidades da súa poboación, e incorporando servizos cos que Teo non conta a día de hoxe coma o de farmacia ou odontoloxía.

Mais a lentitude deste proxecto contrasta co deterioro acelerado que se está a ver das infraestruturas sanitarias deste concello. Centros de saúde en mal estado, ata o punto de que o de Pontevea non se está a utilizar xa actualmente, e as pacientes asignadas a este centro acoden a consulta nuns containers situados na parte traseira do centro de saúde de Cacheiras. Nestes centros, ademais, téñense avaliado riscos para a seguridade de pacientes e profesionais sen que se tivese realizado ningunha actuación en ningún deles.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aliás, a esta situación paupérrima das infraestruturas, engádenselle as consecuencias dunha nefasta política sanitaria acometida polo Partido Popular, con déficits reiterados e constantes nos seus cadros de persoal, chegando a supor recentemente a falta total de persoal facultativo no centro de saúde dos Tilos durante a totalidade dunha xornada laboral.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Realizar de xeito inmediato e estábel as coberturas de persoal preciso para a asistencia sanitaria da poboación de Teo.

2º.- Dotar ao novo centro de saúde da Ramallosa de novos servizos sanitarios cos que Teo non conta a día de hoxe, coma o de odontoloxía, farmacia, nutrición ou psicoloxía.

3º.- Mentres este centro de saúde da Ramallosa non está en funcionamento, acometer as reformas necesarias nos centros de saúde de Teo para que a poboación teense e as profesionais poidan recibir e realizar a atención sanitaria que precisan nunhas condicións dignas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 03/02/2026 16:48:37

Saleta Chao Rivas na data 03/02/2026 16:48:44

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2026 16:48:50

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2026 16:48:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 16:50:01
Nº Rexistro: 49214
Data envío: 03/02/2026 16:50:01.267

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 16:50:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 16:50:01
Nº Rexistro: 49214
Data envío: 03/02/2026 16:50:01.267

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a volta a Galiza das pezas do Mosteiro de Carboeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Décadas despois de terse producido o espolio das dúas pezas do tímpano do mosteiro de Carboeiro, sito en Silleda, nun entorno natural e paisaxístico de especial valor, produciuse o seu achado a centos de quilómetros de distancia. O historiador Francisco Prado Vilar situaba con documentación as dúas obras contemporáneas co Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, no Museo Marès de Barcelona tras investigacións exhaustivas das cartas que, naquel tempo, se dirixiran entre si Manuel Chamoso Lamas (comisario da Primeira Zona de Defensa do Patrimonio Artístico Nacional) e Luis Menéndez Pidal (apoderado do Servizo de Defensa do Patrimonio da provincia de Pontevedra) referidas a tal roubo.

Malia que parece evidente que a lei se incumpre ao subtraer pezas que estaban inseridas nun monumento que xa daquela gozaba de protección, (por decreto lei do 3 de xuño de 1931, o conxunto monumental do mosteiro de Carboeiro acadou a condición de “*Monumento histórico-artístico pertencente ao Tesouro Artístico Nacional*” (equivalente ao actual BIC) e segundo as sucesivas leis patrimoniais vixentes desde entón, ningunha das súas partes integrantes podía ser desprendida do conxunto nin enaxenada a particulares), iso non foi abondo para evitar que o seu espolio fose levado a cabo por un empresario alemán relacionado co nazismo e o franquismo e vendidas, tras a súa morte, pola súa viúva ao museo que as expuxo ata o momento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras a publicación destes documentos acreditativos do espolio en xaneiro de 2023 por parte do historiador, a Consellería comunicou que iniciaba unha reclamación que debería ter desembocado na restitución das pezas ao monumento do que foran espoliadas. A lexislación é clara ao respecto e, de seguirse a vía xudicial, a sentenza previsíbel sería a anulación da compra ilegal por parte do Museo Marès e a restitución das obras ao monumento do que formaron parte. Porén, tras un longo período de tres anos sen avances coñecidos neste proceso, anunciouse o retorno das esculturas a Galicia sen que se fixesen públicos os termos do acordo acadado.

Recentemente vimos de coñecer a nova de que, tanto o Cristo en Maxestade coma os símbolos de San Lucas e San Xoán, volven ao noso país para ser expostos no Museo das peregrinacións en Santiago de Compostela, feito que non se levou a cabo con demasiada propaganda por parte do goberno galego, aínda sendo unha gran nova para o patrimonio do noso país para a que se fixeron movementos durante anos segundo a propia Consellería.

Dadas as circunstancias nas que a chegada se prevé, despois de falar con expertos na materia e tras as novas feitas públicas en xornais cataláns, dende o BNG ficamos preocupados polas posibles condicións nas que as pezas chegarán ao país e sobre se se trata realmente dunha restitución, feito que parecen negar dende Barcelona, onde non se cuestiona a propiedade das pezas de Carboeiro, que segue a atribuírse ao Museo Marès.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Facer inmediatamente público o acordo ao que se chegou para a volta das pezas do Mosteiro de Carboeiro para a súa análise por parte dos grupos parlamentares.

2. Rexeitar calquera tipo de acordo que implique o non recoñecemento da propiedade das pezas por parte do Mosteiro de Carboeiro e do país, establecendo canles de comunicación entre ámbalas dúas administracións, coa participación de expertos na materia que poñan enriba da mesa as posibles solucións para a restitución do noso patrimonio.

3. Establecer un compromiso claro por parte da Consellería de Cultura que implique a volta das pezas de Carboeiro ao seu entorno, onde poidan ser custodiadas e protexidas coma se debe.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 03/02/2026 17:04:59

Mercedes Queixas Zas na data 03/02/2026 17:05:05

Ana Pontón Mondelo na data 03/02/2026 17:05:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:06:39
Nº Rexistro: 49219
Data envío: 03/02/2026 17:06:39.409

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:06:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:06:39
Nº Rexistro: 49219
Data envío: 03/02/2026 17:06:39.409

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:28:28
Nº Rexistro: 49224
Data envío: 03/02/2026 17:28:28.576

Asinado o día 03/02/2026 ás 17:27
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre o mantemento do centro de saúde de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado outubro de 2024 representantes da Xunta de Galiza e do Concello de Silleda reuníanse para tratar as deficiencias existentes no centro de saúde da dita localidade. Tras o compromiso por parte do Conselleiro de Sanidade da elaboración dun informe para avaliar as deficiencias existentes e o impulso de actuacións necesarias para corrixilas, garantindo así o mantemento das instalacións, a realidade é que non se produciu ningunha actuación nas instalacións dous anos despois desa xuntanza.

O referido informe chegou un ano despois, tras pasar dez meses da presentación de iniciativas ao respecto no Parlamento Galego impulsadas polo BNG de Silleda. Dende ese momento, no mes de outubro do 2025 non houbo ningún movemento por parte de quen ten a cesión do centro de saúde de Silleda dende 2017, a Xunta de Galiza, de xeito que os problemas derivados da climatloxía se volveron producir este ano. As filtracións seguen a causar acumulación de mofo nas paredes e de humidades, con imaxes de papeis e toallas no chan para secar a auga que se acumula e cunha temperatura inferior á adecuada derivada dun mal selado. Non de menor importancia é a rampla de saída, causa de escorregamentos, cunha fractura como resultado.

Asinado o día 03/02/2026 ás 17:27
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 03/02/2026 ás 17:27
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado o estado do centro de saúde, sen que se tivesen producido actuacións de mellora por parte de quen ten as competencias, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar de xeito inmediato as actuacións necesarias para resolver as eivas que presenta o centro de saúde de Silleda, garantindo que se levan a cabo no primeiro trimestre de 2026.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 03/02/2026 17:27:20

María Montserrat Prado Cores na data 03/02/2026 17:27:27

Olalla Rodil Fernández na data 03/02/2026 17:27:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:28:28
Nº Rexistro: 49224
Data envío: 03/02/2026 17:28:28.576

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 17:28:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 17:28:28
Nº Rexistro: 49224
Data envío: 03/02/2026 17:28:28.576

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:40
Nº Rexistro: 49256
Data envío: 03/02/2026 18:28:40,319

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25
Por Silvia Longueira Castro

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

A proliferación de contidos falsos e manipulados no ámbito dixital constitúe unha ameaza crecente para a igualdade entre mulleres e homes e para a calidade democrática. Diversos estudos teñen evidenciado que unha parte significativa da desinformación en Internet constrúe relatos que prexudican a imaxe das mulleres, cuestionan as políticas de igualdade e desacreditan o feminismo.

O impacto das *fake news* con discurso de xénero, así como da escaseza de desmentidos fronte a este tipo de contidos, favorece a súa difusión e a creación de “ciberguetos” antifeministas. Pola súa banda, plataformas de verificación e organismos europeos teñen sinalado que estes bulos teñen maioritariamente unha finalidade ideolóxica, poñendo en risco os valores democráticos.

Nos últimos anos, estes discursos atoparon un eco preocupante entre a mocidade, incrementándose o cuestionamento do feminismo e mesmo a negación da violencia de xénero, tal e como reflicten diferentes estudos sociolóxicos. Esta situación fai necesaria unha resposta pública baseada na educación, na alfabetización mediática e na sensibilización social con perspectiva de xénero.

A Xunta de Galicia, no exercicio das súas competencias en materia educativa e de igualdade, debe asumir un papel activo fronte á desinformación e os

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 03/02/2026 ás 18:25
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

177357

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-mh11064ev-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:40
Nº Rexistro: 49256
Data envío: 03/02/2026 18:28:40.319

discursos de odio contra as mulleres, promovendo políticas públicas que reforcen o pensamento crítico e a igualdade real.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asumir un papel activo fronte á desinformación e os discursos de odio contra as mulleres, mediante as seguintes accións:

1. Poñer en marcha unha estratexia educativa para a prevención da desinformación e dos discursos de odio por razón de xénero dirixidos especialmente á infancia e á mocidade, para a detección dos discursos antifeministas no ámbito dixital.
2. Desenvolver materiais formativos e recursos didácticos para o profesorado e as familias que faciliten a identificación de noticias falsas e a promoción da igualdade de xénero.
3. Impulsar campañas públicas de sensibilización, especialmente nas redes sociais, que visibilicen o impacto da desinformación sobre as mulleres e o feminismo e promovan valores democráticos e de igualdade.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177358

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/02/2026 18:25:00

Elena Espinosa Mangana na data 03/02/2026 18:25:13

Silvia Longueira Castro na data 03/02/2026 18:25:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/02/2026 18:25:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:40
Nº Rexistro: 49256
Data envío: 03/02/2026 18:28:40.319

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2026 18:28:40
Nº Rexistro: 49256
Data envío: 03/02/2026 18:28:40,319

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 18:28:41

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49261
Data envío: 03/02/2026 18:52:09.831

Asinado o día 03/02/26
18:44
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

O Grupo Socialista leva reclamando con carácter urxente a execución do proxecto de dragaxe do tramo final do río Lérez dende hai máis dunha década, ao considerar que se trata dunha actuación necesaria tanto desde o punto de vista medioambiental como económico.

Desde a perspectiva ambiental, a situación actual do tramo final do río, cunha elevada acumulación de sedimentos, está a provocar unha degradación progresiva do ecosistema mariño, poñendo en risco a biodiversidade e a calidade das augas. Desde o punto de vista económico e social, esta acumulación de lameira e fango está a xerar un impacto negativo directo sobre o sector marisqueiro, dificultando o desenvolvemento da súa actividade, así como sobre a actividade turística e de ocio vinculada ao Club Naval de Pontevedra e mesmo sobre a práctica deportiva no río.

Neste contexto, a principios do mes de febreiro 2026 a Xunta de Galicia, anunciou a fase de alegacións ao informe de impacto ambiental e reuniuse cos representantes das confrarías de pescadores de Lourizán, Raxó e Pontevedra para informarlle de que se ía proceder ao traslado temporal dos bancos marisqueiros afectados previa execución do futuro dragaxe.

Porén, dende o Grupo Socialista tendo en conta a fragilidade na que se atopan os bancos marisqueiros entendemos que este proceso se debe realizar coa máxima dilixencia e sempre avalado por informes técnicos especializados que

Asinado o día 03/02/2026 ás
18:43
Por Carlos López Font

Asinado o día 03/02/2026 ás
18:43
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

177361

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-mh11064ev-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



garantan a protección do recurso marisqueiro, a súa viabilidade biolóxica e a correcta reimplantación posterior, minimizando os impactos sobre a actividade e os ecosistemas afectados.

Así mesmo, tendo en conta que o proxecto inicial vai ser revisado e actualizado, consideramos imprescindible aproveitar esta circunstancia para ampliar a zona de dragaxe prevista. Os continuos atrasos na execución da actuación provocaron que a zona comprendida entre as pontes das Correntes e dos Tirantes presente actualmente unha acumulación de sedimentos tan elevada que, en marea baixa, pode atravesarse a pé, evidenciando o avanzado estado de colmatación deste tramo do río.

A ampliación da dragaxe ata a ponte dos Tirantes permitiría renaturalizar esta zona do río próxima ao centro urbano, mellorar a súa biodiversidade, recuperar os hábitats naturais e posibilitar a práctica deportiva e recreativa en condicións adecuadas, redundando nun beneficio ambiental, social e económico para o conxunto da cidadanía.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir que o traslado temporal dos bancos marisqueiros de Lourizán, Raxó e Pontevedra afectados polo proxecto de dragaxe do río Lérez se realice con toda a dilixencia necesaria e previo informe técnico especializado, que avalíe as condicións de extracción, traslado, conservación e posterior reimplantación dos recursos marisqueiros, co obxectivo de minimizar os impactos ambientais e asegurar a continuidade da actividade do sector.
2. Incluír nos estudos técnicos previos ao novo proxecto de dragaxe do río Lérez a posibilidade de ampliación da zona de dragaxe ata a Ponte dos





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49261
Data envío: 03/02/2026 18:52:09.831

Tirantes, co fin de que esta ampliación poida ser incorporada posteriormente ao proxecto definitivo da actuación.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

177363

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/02/2026 18:43:25

Carlos López Font na data 03/02/2026 18:43:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 03/02/2026 18:44:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49261
Data envío: 03/02/2026 18:52:09.831

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/02/2026 18:52:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49261
Data envío: 03/02/2026 18:52:09.831

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputado **Ariadna Fernández González** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a situación das vías de servizo da AG-53 en Dozón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado das vías de servizo da AG-53 á altura de Dozón presenta unha conservación moi deficiente, con tramos onde o tráfico de vehículos resulta practicamente imposible, incluso no caso dos de uso agrícola, cos que os gandeiros e gandeiras da zona desenvolven parte do seu traballo rutineiro, e que ven gravemente prexudicado o seu acceso a fincas e zonas limítrofes para as que hai que dar bordos que implican un gasto de tempo e de combustible innecesario.

O pasado verán, a causa dos incendios que se produciron na zona próxima a dita autoestrada, cuxo estado de conservación e desbroce non permitiu que actuase coma un cortalumes, a pesar do ancho que implica a infraestrutura, a necesidade de colaboración na extinción por parte da veciñanza coa fin de evitar males maiores, fixo máis patente aínda o abandono destas actuacións de mantemento e a veciñanza denunciaba dito estado das vías de servizo, que se presentan con fochancas polas que non se pode circular e con matogueira que cubre a maior parte do camiño que debera estar transitable.

Non de menor importancia é a presenza de grande cantidade de matogueira e árbores dentro do perímetro que lle corresponde manter en boas condicións á Xunta de Galiza e que nesta vaga de incendios xogou en contra á hora de deter a propagación do

Asinado o día 04/02/2026 ás
09:52
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 04/02/2026 ás
09:52
Por Ariadna Fernández González





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lume, poñendo en risco as aldeas e as explotacións que se asentán nas dúas marxes de dita infraestrutura.

Dadas as circunstancias actuais dende o BNG consideramos que as actuacións sobre as vías de servizo da AG-53 deben ser inmediatas.

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a proceder á posta en marcha no primeiro trimestre do 2026 de actuacións para resolver tanto o estado deficiente das vías de servizo da AG 53 á altura de Dozón coma á limpeza e desbroce destas e das zonas que se atopan dentro do perímetro de influencia de dita autovía.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/02/2026 9:52:41

Luis Bará Torres na data 04/02/2026 9:52:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:53:55
Nº Rexistro: 49278
Data envío: 04/02/2026 09:53:55.668

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 9:53:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 09:53:55
Nº Rexistro: 49278
Data envío: 04/02/2026 09:53:55.668

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente condena xudicial á Xunta de Galicia por non dar unha resposta adecuada ante unha denuncia de acoso escolar supón un feito de extrema gravidade que pon en cuestión a actuación da Administración educativa galega na protección dos dereitos da infancia e da adolescencia.

A sentenza considera acreditado que a resposta do Goberno galego foi insuficiente, tardía e ineficaz, non adoptando as medidas necesarias para garantir a protección da menor afectada nin para deter unha situación de acoso escolar coñecida polos órganos competentes. Esta falta de dilixencia derivou nun dano evitable, recoñecido agora polos tribunais, que obriga á Xunta a indemnizar á familia.

O acoso escolar é unha vulneración grave dos dereitos fundamentais do alumnado e ten consecuencias profundas no desenvolvemento emocional, psicolóxico e educativo das vítimas. A normativa vixente atribúe ás administracións educativas unha responsabilidade directa e indelegable na prevención, detección temperá e intervención inmediata fronte a este tipo de situacións, sempre baixo o principio do interese superior do menor.

A Xunta de Galicia non pode limitarse a reaccionar cando unha sentenza xudicial lle dá a razón ás familias afectadas. Resulta imprescindible asumir



responsabilidades, analizar en profundidade o ocorrido e adoptar medidas inmediatas que garantan que ningún neno ou nena en Galicia quede desprotexido ante situacións de acoso escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha revisión exhaustiva dos protocolos de prevención, detección e actuación fronte ao acoso escolar vixentes, avaliando a súa eficacia real e o seu grao de cumprimento por parte dos centros educativos e da inspección educativa.
2. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da condena xudicial pola resposta insuficiente ante un caso de acoso escolar nun centro educativo galego.

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/02/2026 12:23:12

Silvia Longueira Castro na data 04/02/2026 12:23:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/02/2026 12:23:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:47:26
Nº Rexistro: 49333
Data envío: 04/02/2026 12:47:26.610

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 12:47:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:47:26
Nº Rexistro: 49333
Data envío: 04/02/2026 12:47:26.610

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente condena xudicial á Xunta de Galicia por non dar unha resposta adecuada ante unha denuncia de acoso escolar supón un feito de extrema gravidade que pon en cuestión a actuación da Administración educativa galega na protección dos dereitos da infancia e da adolescencia.

A sentenza considera acreditado que a resposta do Goberno galego foi insuficiente, tardía e ineficaz, non adoptando as medidas necesarias para garantir a protección da menor afectada nin para deter unha situación de acoso escolar coñecida polos órganos competentes. Esta falta de dilixencia derivou nun dano evitable, recoñecido agora polos tribunais, que obriga á Xunta a indemnizar á familia.

O acoso escolar é unha vulneración grave dos dereitos fundamentais do alumnado e ten consecuencias profundas no desenvolvemento emocional, psicolóxico e educativo das vítimas. A normativa vixente atribúe ás administracións educativas unha responsabilidade directa e indelegable na prevención, detección temperá e intervención inmediata fronte a este tipo de situacións, sempre baixo o principio do interese superior do menor.

A Xunta de Galicia non pode limitarse a reaccionar cando unha sentenza xudicial lle dá a razón ás familias afectadas. Resulta imprescindible asumir



responsabilidades, analizar en profundidade o ocorrido e adoptar medidas inmediatas que garantan que ningún neno ou nena en Galicia quede desprotexido ante situacións de acoso escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar os recursos humanos especializados destinados á atención do alumnado, especialmente os equipos de orientación, apoio psicolóxico e inspección educativa, co fin de garantir intervencións rápidas e eficaces en casos de acoso.

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/02/2026 12:23:32

Silvia Longueira Castro na data 04/02/2026 12:23:38

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/02/2026 12:23:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:48:12
Nº Rexistro: 49335
Data envío: 04/02/2026 12:48:12.494

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 12:48:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:48:12
Nº Rexistro: 49335
Data envío: 04/02/2026 12:48:12.494

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente condena xudicial á Xunta de Galicia por non dar unha resposta adecuada ante unha denuncia de acoso escolar supón un feito de extrema gravidade que pon en cuestión a actuación da Administración educativa galega na protección dos dereitos da infancia e da adolescencia.

A sentenza considera acreditado que a resposta do Goberno galego foi insuficiente, tardía e ineficaz, non adoptando as medidas necesarias para garantir a protección da menor afectada nin para deter unha situación de acoso escolar coñecida polos órganos competentes. Esta falta de dilixencia derivou nun dano evitable, recoñecido agora polos tribunais, que obriga á Xunta a indemnizar á familia.

O acoso escolar é unha vulneración grave dos dereitos fundamentais do alumnado e ten consecuencias profundas no desenvolvemento emocional, psicolóxico e educativo das vítimas. A normativa vixente atribúe ás administracións educativas unha responsabilidade directa e indelegable na prevención, detección temperá e intervención inmediata fronte a este tipo de situacións, sempre baixo o principio do interese superior do menor.

A Xunta de Galicia non pode limitarse a reaccionar cando unha sentenza xudicial lle dá a razón ás familias afectadas. Resulta imprescindible asumir



responsabilidades, analizar en profundidade o ocorrido e adoptar medidas inmediatas que garantan que ningún neno ou nena en Galicia quede desprotexido ante situacións de acoso escolar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Establecer mecanismos obrigatorios de seguimento continuado dos casos de acoso escolar denunciados, garantindo a protección da vítima e evitando calquera forma de revitimización.
2. Impulsar e ampliar a formación específica e obrigatoria en materia de acoso escolar para o profesorado, os equipos directivos e o persoal non docente dos centros educativos.
3. Garantir ás familias afectadas información clara, acompañamento institucional e apoio efectivo durante todo o proceso de intervención fronte ao acoso escolar.

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 04/02/2026 12:24:05

Silvia Longueira Castro na data 04/02/2026 12:24:11

José Ramón Gómez Besteiro na data 04/02/2026 12:29:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:48:46
Nº Rexistro: 49337
Data envío: 04/02/2026 12:48:46.123

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 12:48:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:48:46
Nº Rexistro: 49337
Data envío: 04/02/2026 12:48:46.123

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre a necesidade de axilizar os trámites na Consellería para que as mariscadoras de Camariñas poidan acceder ás axudas polo cese da actividade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de decembro de 2025, a Confraría de pescadores de Camariñas reuniu en sesión extraordinaria á súa xunta xeral, a cal aprobou a modificación do plan de xestión para moluscos bivalvos (PE403 A 2023/17-1) para os anos 24, 25 e 26, co fin de paralizalo temporalmente, ante a imposibilidade de mariscar nas subzonas de explotación, en base aos informes emitidos polos técnicos da zona.

A aprobación desta modificación, faría posible que ás mariscadoras poidan solicitar as axudas polo cese da actividade no I.S.M., dado que cotizan no Réxime Especial de Traballadoras do Mar, ante a falla doutro plan ou a elaboración dunha orde de axudas específica para este colectivo pola Xunta de Galiza, que leva escapando deste problema e non é capaz de ofrecer unha solución para recuperar os bancos marisqueiros en Camariñas.

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez compareceu o 3 de febreiro no parlamento galego, e sobre este asunto manifestou que “xa se está a tramitar a adaptación do plan de xestión consistente na suspensión da actividade, solicitado polo pósito, así como a posta en funcionamento doutras axudas e iniciativas ás que esta confraría tamén se pode acoller”.

Asinado o día 04/02/2026 ás
12:55
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 04/02/2026 ás
12:54
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Van dous meses dende que a Confraría de pescadores de Camariñas solicitaron a modificación e suspensión do plan de xestión para moluscos bivalvos, e as mariscadoras de Camariñas seguen sen poden traballar, e sen cobrar axuda algunha, de feito no pasado nadal nin puideron traballar nin cobraron un só céntimo de euro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a axilizar e aprobar definitivamente a modificación do plan de xestión para moluscos bivalvos (PE403 A 2023/17-1) solicitado pola confraría de Camariñas e comezar a elaborar de forma inmediata un plan global de viabilidade deste plan.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 04/02/2026 12:54:54

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2026 12:55:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:56:20
Nº Rexistro: 49350
Data envío: 04/02/2026 12:56:20.447

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 12:56:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 12:56:20
Nº Rexistro: 49350
Data envío: 04/02/2026 12:56:20.447

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**, sobre o Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto

Exposición de Motivos

O Holocausto perpetrado polo réxime nazi constitúe un dos episodios máis trágicos e execrables da historia da humanidade. O xenocidio supuxo o asasinato de seis millóns de xudeus, así como a persecución e exterminio de persoas pertencentes a minorías étnicas e relixiosas, persoas con discapacidade, disidentes políticos e persoas perseguidas pola súa orientación ou identidade sexual.

A lembranza das vítimas do Holocausto representa un deber moral e institucional das sociedades democráticas, así como unha ferramenta esencial para a defensa dos dereitos humanos, a loita contra o antisemitismo e calquera forma de intolerancia, e a promoción dos valores da liberdade, da dignidade humana e da convivencia.

O Parlamento de Galicia vén amosando ano tras ano o seu compromiso con esta causa mediante a aprobación e lectura de declaracións institucionais con motivo do Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto, atendendo tamén ás solicitudes formuladas por entidades da sociedade civil de recoñecido prestixio, como a Asociación Galega de Amizade con Israel.

Porén, nos últimos anos non foi posible acadar o consenso necesario para proceder á lectura desta declaración institucional, privando ao Parlamento dun acto de elevado valor simbólico, humano e institucional. Esta situación supón unha oportunidade perdida para reafirmar de maneira unitaria o compromiso de Galicia cos principios democráticos e en lembranza duns feitos que ninguén desexa que se volvan a repetir.

Asinado o día 04/02/2026 ás
13:17
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda, como resolución:

1. Sumarse ao recoñecemento que as entidades da sociedade civil impulsan en lembranza e recoñecemento do Día Internacional de Conmemoración en Memoria das Vítimas do Holocausto.
2. Recoñecer expresamente a memoria dos seis millóns de xudeus asasinados polo réxime nazi, así como a de todas as demais vítimas do Holocausto pertencentes a minorías étnicas e relixiosas, persoas con discapacidade, disidentes políticos e outros colectivos perseguidos.
3. Reafirmar o compromiso das institucións galegas coa defensa dos dereitos humanos, coa loita contra o antisemitismo e contra calquera forma de racismo, intolerancia ou negacionismo histórico.
4. Manter unha actitude de diálogo, respecto institucional e cooperación coa sociedade civil e coas entidades que traballan na defensa da memoria histórica e da convivencia democrática.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 13:17:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:18:46
Nº Rexistro: 49385
Data envío: 04/02/2026 13:18:46.804

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:18:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:18:46
Nº Rexistro: 49385
Data envío: 04/02/2026 13:18:46.804

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Julio García Comesaña, Carmen María Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4º, Educación e Cultura, sobre a Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030

Exposición de Motivos

A biotecnoloxía constitúe hoxe un dos sectores estratéxicos con maior potencial de crecemento, innovación e creación de emprego cualificado, tanto a nivel europeo como internacional. Galicia vén demostrando nos últimos anos unha aposta decidida por este ámbito, integrándoo como un dos eixos clave do seu modelo de desenvolvemento baseado no coñecemento, na ciencia e na innovación.

Neste contexto, a Xunta de Galicia iniciou os traballos para a elaboración da nova Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, unha folla de ruta que dará continuidade e ampliará o alcance da recentemente finalizada Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía 2021 2025. Trátase dunha iniciativa plenamente aliñada co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025 2027, que identifica a biotecnoloxía como unha iniciativa de alto impacto e un dos elementos que máis competitividade achegan ao ecosistema galego de I+G+i.

Os datos avalan esta aposta. O investimento en I+D en biotecnoloxía en Galicia aumentou máis dun 20 % nos últimos anos, incrementándose tamén o número de empresas, de persoas traballadoras e o impacto económico do sector, que xa representa arredor do 0,37 % do PIB galego. Galicia conta con 66 empresas cuxa actividade principal é a biotecnoloxía, máis de 160 entidades que desenvolven produtos ou servizos baseados nesta tecnoloxía, e máis de 1.700 persoas dedicadas á I+D biotecnolóxica.

A nova Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030 ten como obxectivo consolidar Galicia como unha biorrexión de referencia internacional, promovendo un tecido produtivo de alto valor engadido, capaz de crear emprego cualificado, atraer e reter talento e captar investimento e financiamento competitivo. Para a súa elaboración, a Xunta de Galicia está a contar coa colaboración de BIOGA, o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida, así como cun proceso participativo aberto ao conxunto do ecosistema biotecnolóxico galego e a axentes nacionais e internacionais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado o día 04/02/2026 ás
13:22
Por Alberto Pazos Couñago





Este proceso inclúe a apertura dunha enquisa pública, a celebración de mesas de traballo e a análise das tendencias, capacidades e barreiras do sector, cun calendario que prevé a aprobación da estratexia antes do verán, garantindo así unha planificación rigorosa, participada e orientada a resultados.

O Grupo Parlamentario Popular considera necesario apoiar institucionalmente este traballo estratéxico, poñendo en valor o liderado da Xunta de Galicia neste ámbito e reforzando o compromiso co desenvolvemento dun sector clave para o futuro económico, científico e social de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar e culminar o proceso de elaboración da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, garantindo a súa aprobación dentro do calendario previsto e o seu aliñamento co Plan Galego de Investigación e Innovación 2025 2027.
2. Reforzar o carácter participativo da estratexia, favorecendo a implicación activa do conxunto do ecosistema biotecnolóxico galego, incluíndo empresas, centros de investigación, universidades, clústeres, profesionais do sector e axentes nacionais e internacionais.
3. Impulsar medidas que favorezan o desenvolvemento dun tecido produtivo biotecnolóxico de alto valor engadido, capaz de xerar emprego cualificado, atraer e reter talento e incrementar o impacto do sector no produto interior bruto galego.
4. Promover a captación de investimento público e privado, así como de financiamento competitivo nacional e europeo, que permita consolidar Galicia como unha biorrexión de referencia a nivel internacional.
5. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación periódica da Estratexia de Excelencia da Biotecnoloxía 2030, que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos fixados e introducir melloras cando sexa necesario.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 13:22:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envío: 04/02/2026 13:23:32.089

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:23:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:23:32
Nº Rexistro: 49391
Data envío: 04/02/2026 13:23:32.089

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:44:03
Nº Rexistro: 49398
Data envío: 04/02/2026 13:44:03.415

Asinado o día 04/02/2026 ás 13:41
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á situación crítica das presas de residuos da mina de San Finx-Lousame.

Asinado o día 04/02/2026 ás 13:41
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fin do mes de xaneiro deste ano produciuse unha falla crítica nunha das balsas da mina de Monte Neme, en Malpica e Carballo, que reproduciu unha vez máis o colapso doutra balsa na mesma mina en 2014. A vertedura afectou varios leitos fluviais e un espazo da Rede Natura 2000. Ao mesmo tempo, a balsa de Bama na mina de Touro vén rebosando de xeito constante, contaminando os ríos próximos, malia que a empresa foi sancionada en numerosas ocasións por Augas de Galiza.

En 2024, a empresa da mina de San Finx foi sancionada con 180.000 euros por verteduras ilegais. En 2023 produciuse unha falla crítica noutra balsa da explotación mineira de ERIMSA, en Frades, causando unha vertedura sobre o río Tambre. En 2022 iniciouse expediente sancionador contra a mina de Varilongo por verteduras ilegais na cabeceira do río Xallas. En 2020 a falla dunha balsa mineira na Penouta (Viana do Bolo) deixou sen auga a cabeceira municipal.

Asinado o día 04/02/2026 ás 13:41
Por Rosana Pérez Fernández

Os exemplos anteriores mostran que este tipo de sucesos non son excepcionais, mesmo naquelas explotacións nas que, supostamente, existe ou debería existir unha supervisión constante por parte da Administración. Iso fai que resulten especialmente preocupantes os casos onde non existe supervisión algunha.



A mina de San Finx, situada no concello de Lousame, constitúe un dos exemplos máis paradigmáticos de mala xestión histórica da actividade mineira na Galiza, con graves consecuencias ambientais e hidrolóxicas que se prolongan no tempo. Trátase dun grupo mineiro composto por máis de vinte concesións cuxa caducidade foi acordada pola Xunta en 2025 sen que se garantise o cumprimento efectivo das obrigas legais inherentes á explotación e, especialmente, á restauración ambiental.

Durante longos períodos, a explotación permaneceu inactiva, sen presentación de plans de labores, sen avaliación ambiental e sen execución dos plans de restauración esixidos pola normativa vixente. Esta situación derivou nunha acumulación de pasivos ambientais de grande entidade, incluíndo entulleiras, galerías abandonadas, verteduras continuadas de augas contaminadas e a presenza de dúas presas de residuos mineiros historicamente vinculadas á explotación, hoxe colmatadas e cun risco ambiental acreditado.

Nun informe de xullo de 2017 do Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas de Augas de Galiza, as técnicas asinantes indicaban que “No caso da presa 2, cuxo encoro se atopa practicamente colmatado, ao estar situada augas abaixo e ter unha maior altura, o arrastre dos materiais podería producir un importante impacto ambiental coa eventual rotura da presa”. En decembro do mesmo ano, un informe do daquela xefe do Servizo de Enerxía e Minas na Coruña indicaba que “no marco do plan de restauración, e sempre baixo a xestión por parte do organismo de cunca por estar en dominio hidráulico, a empresa explotadora deberá poñer os medios necesarios para reverter a situación existente”. Case unha década despois de ambos informes, esa presa de residuos mineiros continua en estado de absoluto abandono, co risco de que se produza unha falla catastrófica en calquera momento.

As augas procedentes do desaugue da mina e das súas entulleiras presentan, a pesar da falta de actividade, concentracións elevadas de metais pesados como cadmio,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cinc, cobre ou arsénico, que pasan por riba desta presa, que acumula enormes cantidades de lodos, augas arriba da ría de Muros e Noia, espazo pertencente á Rede Natura 2000 (ZEC Esteiro do Tambre) e de enorme relevancia ecolóxica e económica para o sector marisqueiro.

A normativa básica estatal en materia mineira e ambiental establece de maneira clara e inequívoca que a restauración do espazo afectado pola actividade extractiva constitúe unha obriga esencial e indisociábel do dereito mineiro. En particular, o Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, dispón no seu artigo 5.7 que a autoridade competente non poderá aceptar a renuncia nin autorizar a caducidade dun título mineiro “en tanto non se proceda a executar o plan de restauración autorizado”, con independencia da causa do cesamento da actividade.

Este precepto ten carácter básico e resulta de aplicación directa en todo o territorio do Estado, ao establecer un mínimo común de protección ambiental que non pode ser reducido pola normativa autonómica nin pola súa interpretación administrativa. A finalidade da norma é evitar que a extinción do dereito mineiro deixe sen responsábel a restauración ambiental, garantindo que o titular da concesión non quede liberado das súas obrigas sen ter reparado previamente os danos causados ao medio.

No entanto, a declaración de caducidade das concesións de San Finx acordada pola Xunta en 2025 produciuse sen que se executase o plan de restauración aprobado, malia existir incumprimentos reiterados e acreditados durante máis dunha década. Esta actuación supón unha vulneración directa do Real Decreto 975/2009, así como unha aplicación incorrecta da normativa galega de ordenación da minería que, en ningún caso, pode amparar un nivel de protección ambiental inferior ao establecido pola lexislación básica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a restauración non é unha obriga accesoria nin separábel da concesión, senón unha condición esencial do propio título mineiro. A súa execución debe preceder á extinción do dereito, pois o contrario implica transformar a caducidade nun mecanismo de exoneración de responsabilidade ambiental, en aberta contradición co principio de “quen contamina paga”, recollido no dereito ambiental europeo e tamén no estatal.

Por outra parte, o Real Decreto 975/2009 establece igualmente que as garantías financeiras deben ser suficientes para cubrir o custo real e íntegro da restauración pendente en cada momento. No caso de San Finx, as garantías constituídas resultan manifestamente insuficientes en relación coa entidade e complexidade dos pasivos ambientais existentes, circunstancia recoñecida mesmo en documentación administrativa. Tan só a restauración da maior das presas de residuos mineiros multiplicaría varias veces a irrisoria cifra do aval de restauración existente.

A declaración de caducidade sen restauración efectiva e con garantías claramente infradotadas xera un risco certo de que a recuperación ambiental non chegue a executarse ou de que o seu custo recaia finalmente sobre o erario público, trasladando á cidadanía as consecuencias económicas dunha actividade privada altamente impactante.

Un dos elementos máis críticos da explotación mineira de San Finx é a existencia de dúas presas de residuos mineiros construídas no século pasado e situadas augas abaixo das entulleiras. Estas presas, historicamente utilizadas como estruturas de decantación de lodos e sólidos procedentes da explotación, atópanse hoxe colmatadas con residuos mineiros. A súa eventual falla provocaría unha liberación masiva de sedimentos contaminados que afectarían de xeito directo aos cursos fluviais da conca e, en última instancia, á ría de Muros e Noia. Este risco vese agravado pola antigüidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das estruturas, pola ausencia dun proxecto de clausura e pola falta de actuacións de mantemento e seguridade acordes coa normativa vixente.

As presas de San Finx teñen a consideración de instalacións de residuos mineiros segundo o propio Real Decreto 975/2009, que inclúe expresamente no seu ámbito de aplicación calquera presa ou estrutura destinada a conter ou confinar residuos extractivos. En consecuencia, o seu peche, clausura e restauración ambiental deben formar parte obrigatoria do plan de restauración e do plan de xestión de residuos mineiros.

A falta de restauración destas infraestruturas mineiras implica manter unha ameaza permanente para a seguridade das persoas, para os ecosistemas fluviais e para as actividades económicas dependentes da calidade das augas. A combinación dunha declaración de caducidade prematura, da inexistencia dunha restauración efectiva e da omisión das presas de residuos mineiros no plan de restauración de 2009 configura un escenario de alto risco ambiental e de vulneración dos principios básicos do dereito ambiental, nomeadamente os principios de prevención, precaución e responsabilidade ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1. Garantir a execución íntegra e efectiva da restauración ambiental do conxunto do espazo afectado pola mina de San Finx, incluíndo as presas de residuos mineiros, entulleiras, galerías e todas as labores e instalacións asociadas á explotación mineira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Esixir o cumprimento estrito da normativa básica en materia de restauración mineira, asegurando que ningunha extinción ou modificación dos dereitos mineiros implique a elusión das obrigas ambientais pendentes.

3. Revisar e actualizar, con criterios técnicos rigorosos e transparentes, o plan de restauración da mina de San Finx, incorporando todos os pasivos ambientais existentes, incluídas as dúas presas de residuos mineiros historicamente vinculadas á explotación.

4. Avaliar a suficiencia real das garantías financeiras constituídas para a restauración e, de ser o caso, esixir a súa actualización para que se cubra o 100 % do custo efectivo das actuacións necesarias, en particular as referidas ás presas de residuos mineiros, evitando calquera risco de que a restauración recaia sobre fondos públicos.

5. Realizar un seguimento ambiental independente e periódico das presas de residuos mineiros de San Finx, en paralelo ao seguimento da calidade das augas superficiais e subterráneas afectadas pola mina, facendo públicos os resultados.

6. Reforzar os mecanismos de control e inspección da actividade mineira na Galiza, para evitar a repetición de situacións de abandono, incumprimento e degradación ambiental como as rexistradas no caso da mina de San Finx, Monte Neme ou Touro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2026 13:41:30

José Manuel Golpe Acuña na data 04/02/2026 13:41:43

Luis Bará Torres na data 04/02/2026 13:41:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:44:03
Nº Rexistro: 49398
Data envío: 04/02/2026 13:44:03.415

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:44:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:44:03
Nº Rexistro: 49398
Data envío: 04/02/2026 13:44:03.415

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1º, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** sobre a condena da represión exercida polas autoridades da República Islámica de Irán e a solidariedade co seu pobo

Exposición de Motivos

Desde a instauración da República Islámica de Irán en 1979, o país permanece baixo un réxime teocrático que exerce unha represión sistemática contra a disidencia política e vulnera de maneira continuada os dereitos humanos e as liberdades fundamentais da súa poboación. Durante máis de catro décadas, as autoridades iranianas limitaron gravemente dereitos básicos como a liberdade de expresión, de reunión pacífica e de asociación, configurando un sistema político baseado no control social, a persecución da oposición e a ausencia de garantías democráticas.

Esta situación estrutural viuse agravada nos últimos anos por unha profunda crise económica e social, caracterizada por elevados niveis de inflación, desemprego, corrupción e desigualdade, que afecta de maneira especial á mocidade e ás mulleres. Estes factores provocaron sucesivas mobilizacións cidadás en diferentes momentos e lugares do país, cunha participación cada vez máis ampla e con reivindicacións crecientemente orientadas á defensa das liberdades e á transformación política.

A morte de Mahsa Amini en setembro de 2022, tras ser detida pola denominada policía da moral, constituíu un punto de inflexión e desencadeou o maior ciclo de protestas desde 1979. As mobilizacións, estendidas a numerosas cidades e lideradas en boa medida por mulleres, expresaron o rexeitamento á represión e á discriminación, simbolizadas no lema “Muller, vida, liberdade”, convertido nunha referencia internacional da loita polos dereitos humanos.

A resposta do réxime iraniano a estas protestas pacíficas foi dunha extrema dureza. Segundo diversas organizacións internacionais, produciuse un elevado número de falecementos, detencións arbitrarias e condenas desproporcionadas, incluíndo penas de morte, así como o uso sistemático da violencia, da censura informativa e do illamento dixital para impedir a coordinación e visibilidade das protestas.





Lonxe de desaparecer, o descontento social continúa latente e volveu manifestarse recentemente, impulsado polo agravamento da situación económica e pola falta de expectativas de futuro. Mesmo sectores tradicionalmente afastados da protesta amosaron o seu malestar, o que evidencia o carácter profundo e transversal da crise que atravesamos o país.

Neste contexto, resulta necesario que as institucións democráticas expresen con claridade a súa condena da represión exercida polo réxime iraniano e o seu apoio ao pobo de Irán, especialmente ás mulleres que encabezan a defensa dos dereitos humanos. A promoción da liberdade, da igualdade e do respecto ás liberdades fundamentais constitúe un principio esencial das sociedades democráticas e un compromiso irrenunciable da comunidade internacional.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia acorda, como resolución:

1. Expresar a súa firme condena da represión exercida polas autoridades da República Islámica de Irán contra a poboación civil, así como das graves e reiteradas violacións dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.
2. Manifestar a súa solidariedade co pobo iraniano e o seu apoio a todas aquelas persoas que, de maneira pacífica, reclaman dignidade, liberdade, xustiza e igualdade, sen discriminación por razón de sexo, relixión ou orixe.
3. Recoñecer de maneira especial o papel das mulleres iranianas na defensa dos dereitos humanos e na loita contra a opresión e a discriminación, facendo propio o lema “Muller, vida, liberdade”.
4. Instar ao Goberno de España a promover, no ámbito da Unión Europea e dos organismos internacionais, iniciativas diplomáticas e políticas orientadas á defensa dos dereitos humanos en Irán e á esixencia de responsabilidades ao réxime iraniano.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 13:58:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:58:59
Nº Rexistro: 49432
Data envío: 04/02/2026 13:58:59.464

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 13:59:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 13:58:59
Nº Rexistro: 49432
Data envío: 04/02/2026 13:58:59.464

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa xestión do futuro parque de vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47

Exposición de Motivos

Todo o que rodea ao proceso de creación e funcionamento da entidade estatal de vivenda e solo -Casa 47-, do Goberno de España, non só se está a facer de costas ás comunidades autónomas senón que, incluso, con opacidade e falta de transparencia.

Agora o Ministerio de Vivenda anuncia a licitación neste primeiro trimestre de 2026 “da construción, en colaboración público-privada de 2.800 novas vivendas en réxime de alugueiro,” para o que, segundo a ministra, “empregarase solo urbano estatal”.

Ademais, entre os requisitos que se pedirán ás persoas que accedan ás vivendas en alugueiro administradas pola empresa privada que xestione Casa 47, requirirase ter rendas de ata o 7,5 do Iprem (ata 4.500 euros mensuais), o que anticipa que non serán vivendas accesibles como vimos sospeitando.

E todo isto nun contexto especialmente desfavorable para promover políticas de vivenda pública xa que logo o Goberno que preside Pedro Sánchez, pese a recoñecer que a vivenda constitúe unha demanda social prioritaria, aínda non aprobou o novo plan estatal de vivenda a pesar de que o anterior caducou en 2025.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que facilite información detallada, completa e actualizada relativa á xestión do futuro parque de vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47, incluído os seguintes extremos:





- 1.- O número de total de vivendas xestionadas pola devandita empresa pública en Galicia, incluída a súa localización territorial e dirección, así como o emprazamento dos solos que se ofertarán neste programa.
- 2.- Os criterios de adxudicación e xestión aplicados tanto respecto dos solos ofertados como das futuras vivendas, con especial atención aos requisitos económicos que deben cumprir os solicitantes que, en todo caso, deberán garantir que as vivendas ofertadas sexan a prezos e condicións accesibles.
- 3.- Que garanta que a futura cualificación das vivendas construídas nos solos ofertados de titularidade pública teñan a cualificación permanente como vivendas protexidas.”

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 14:06:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49435
Data envío: 04/02/2026 14:07:32.606

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 14:07:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49435
Data envío: 04/02/2026 14:07:32.606

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 04/02/2026 ás 16:55
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas para conter e paliar as consecuencias da presenza de ouxas nas rías e sobre o sector marisqueiro.

Asinado o día 04/02/2026 ás 16:55
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Das distintas ocasións nas que este Grupo Parlamentario ten presentado a debate na Comisión 8 do Parlamento galego iniciativas relativas á incidencia das aguias mariñas, ou ouxas, nos bancos marisqueiros, os representantes da Consellaría de Mar teñen subliñado, mesmo en resposta a preguntas escritas, a existencia de diversos estudos realizados nos últimos anos sobre este depredador de bivalvos.

A este respecto, teñen asegurado, entre outras moitas cousas, que “A Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB) realiza un seguimento desta especie dende que foi creada” e que as ouxas “son máis abundantes entre os meses de abril e setembro”.

O pasado mes de outubro, na mesma Comisión aprobamos por unanimidade unha Proposición non de Lei que instaba ao Goberno galego a:

. “Trasladar ao Parlamento galego e ao sector marisqueiro galego as conclusións dos estudos levados a cabo pola Consellaría de Mar sobre os depredadores de bivalvos, en particular sobre as ouxas.

Asinado o día 04/02/2026 ás 16:54
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mentres non rematan os estudos que está a realizar a Consellaría de Mar, levar a cabo medidas, de acordo co sector, de contención e paliativas das consecuencias que está a ter a poboación de ouxas nas rías galegas e sobre o sector marisqueiro.”

Neste sentido, fíxose público que en novembro pasado a Consellaría volveu tratar o asunto cos representantes das Federacións de Confrarías galegas e acordaron levar a cabo unha pesqueira de control das ouxas.

Das confrarías consultadas, dez solicitaron levar a cabo a medida e finalmente a Dirección Xeral de Pesca autorizou a 93 embarcacións das rías de Arousa, Pontevedra e Vigo a capturar o mencionado depredador durante cinco días, entre a última semana de novembro e o mes de decembro, e a través dunha única arte de pesca, a raeira.

Por un lado, o escaso número de días nos que podían realizar as capturas levou a algunhas confrarías a solicitar á Consellaría a súa ampliación. Por outro, os meses determinados son precisamente algúns dos que a presenza de ouxas nas rías é inexistente. A isto aínda habería que engadir que moitas das embarcacións pertencentes ás confrarías solicitantes non dispoñen de raeira.

En definitiva, se existen estudos polos que guiarse, ademais da experiencia do propio sector que parece que tampouco se tivo en conta, o resultado final da actuación autorizada resultou totalmente ineficiente e nada útil á hora de servir como precedente doutras posíbeis accións posteriores.

Despois das limitacións da actuación posta en marcha pola Consellaría, que se saldou sen que se contabilizasen capturas, o sector ve con bos ollos repétila noutra época do ano, mais sen ter adquirido polo de agora o compromiso de Mar de podela levar a cabo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno a dar cumprimento ao acordo unánime do propio Parlamento do pasado 17 de outubro de 2025 e, como consecuencia, a:

. Remitir aos Grupos Parlamentares da Cámara e ao sector marisqueiro galego as conclusión dos estudos levados a cabo pola Consellaría de Mar sobre os depredadores de bivalvos, en particular sobre as ouxas.

. Mentres non rematan os estudos que está a realizar a Consellaría de Mar, levar a cabo medidas, de acordo co sector, de contención e paliativas das consecuencias que está a ter a poboación de ouxas nas rías galegas e sobre o sector marisqueiro e, polo tanto, adquirir o compromiso de volver a permitir a actuación experimental que se levou a cabo entre os meses de novembro e decembro de 2025 noutras épocas do ano máis acaídas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2026 16:54:59

Carmela González Iglesias na data 04/02/2026 16:55:05

Daniel Castro García na data 04/02/2026 16:55:14

Óscar Insua Lema na data 04/02/2026 16:55:26

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2026 16:55:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:57:22
Nº Rexistro: 49442
Data envío: 04/02/2026 16:57:22.915

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 16:57:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:57:22
Nº Rexistro: 49442
Data envío: 04/02/2026 16:57:22.915

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a regulamentación da dedución por compra de libros de texto e material escolar que está a tramitar a Xunta con carácter retroactivo e que non permite a inclusión de numerosas familias baixo novos criterios que non foron publicitados pola administración autonómica..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros de xullo os Conselleiros de Educación e de Facenda anunciaban nos xornais que dende o día 1 dese mes, a compra de libros de texto desgravaría na Declaración de IRPF na campaña de 2026, despois de que o Presidente Rueda o anunciara como primicia tras un Consello de Goberno da Xunta de maio de 2025. Avanzaba que cada familia podería deducir o 15% do gasto ata un máximo de 105 € por fillo/a. Aplicando esa porcentaxe sobre o importe das facturas correspondentes ás compras de libros ou material escolar para o curso 2025/2026 realizadas entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

Polo tanto, as familias afectadas tan só tiñan que limitarse, segundo os anuncios en prensa e na web oficial da Xunta de Galiza, a gardar as facturas da compra de libros de texto ou material escolar con data entre o 1 de xullo e o 31 de decembro dese ano.

Na actualidade figura en exposición pública na páxina de Transparencia da Xunta de Galiza o Proxecto de orde pola que se regulan os elementos de material escolar e os límites aplicables para a aplicación da dedución fiscal no IRPF. Neste borrador da orde requírese a presentación dos xustificantes de pago efectuados mediante



tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo, ingreso en conta en entidades de crédito ou a través de plataformas de servizos de pagos electrónicos instantáneos autorizados en España. Polo tanto, quedan fora desta dedución aquelas familias que teñan pagado os libros de texto e material escolar con efectivo, que pode ser unha das maneiras máis comúns de facer o desembolso correspondente, sobre todo cando non houbo ningunha advertencia previa por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ou da de Facenda e Administración Pública no momento de publicitar e impulsar esta medida, hai sete meses.

Por se houbera algunha dúbida, o texto sinala a continuación que "en ningún caso darán dereito a practicar a dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal". Isto aclara que, aínda que sexa legal, o diñeiro en efectivo quedará á marxe desta dedución.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a modificar a orde pola que se regulan os elementos de material escolar e os límites aplicables para os efectos da aplicación da dedución fiscal no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas pola súa adquisición en Galiza que está a tramitar actualmente, eliminando a esixencia de dispoñer só da factura das compras realizadas e a exclusión dos pagos realizados en efectivo e incorporando a posibilidade de acceder ás axudas presentando facturas simplificadas ou tickets da compra”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/02/2026 18:02:45

Noa Presas Bergantiños na data 04/02/2026 18:02:50

Ana Pontón Mondelo na data 04/02/2026 18:02:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:03:49
Nº Rexistro: 49455
Data envío: 04/02/2026 18:03:49.459

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 18:03:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:03:49
Nº Rexistro: 49455
Data envío: 04/02/2026 18:03:49.459

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ao Punto de Encontro Familiar de Lalín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A apertura do Punto de Encontro Familiar de Lalín, cuxas instalacións darán servizo a nivel supramunicipal, é un anuncio recorrente nos últimos anos por parte da Consellería de Política Social.

A realidade é que o anuncio é unha promesa reiterada e incumprida que comezou no 2022, onde o compromiso do goberno galego desta dotación poñía data para a súa entrada en funcionamento no 2023 coa visita da propia Conselleira e membros da súa equipa ás futuras instalacións cedidas polo propio concello de Lalín para tal fin, na que foi acompañada por membros do goberno local.

Malia considerarse de grande utilidade e aforrar moitas viaxes, quilómetros e combustible ás familias que o precisarían, non se produciu a súa apertura nese ano 2023 e volveu a ser anunciada, nesa ocasión, co compromiso da súa entrada en funcionamento no mes de novembro de 2024. Sobra dicir que non se produciu este feito e que en Lalín e na comarca as familias e os menores continúan a ter que desprazarse para gozar deste servizo a outras cidades onde está en funcionamento.

A gravidade da falla de dotación reside, ademais da propia ausencia de recursos para as familias afectadas, en que esta mesma semana a Conselleira de Política Social, acompañada por membros do goberno local novamente, volveron facer o anuncio de

Asinado o día 04/02/2026 ás
18:18
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 04/02/2026 ás
18:18
Por Ariadna Fernández González





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que o PEF de Lalín estaría operativo na primavera deste ano 2026, 3 anos despois do compromiso da súa entrada en funcionamento, co que iso implica para as usuarias e usuarios e a propia credibilidade do goberno da Xunta de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Proceder a fixar a data exacta da posta en funcionamento do PEF de Lalín, garantindo que estará dispoñible para as familias no primeiro trimestre do 2026 e que se respectará o novo compromiso de apertura.
2. Levar a cabo a elaboración dun informe que amose os datos das familias e os menores que resultaron afectados pola falla de compromiso da Consellería de Política Social e que tiveron que desprazarse dende o compromiso de apertura nesta localidade no 2023 ata o presente a outras cidades para dispoñer de dito recurso”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/02/2026 18:18:17

Olalla Rodil Fernández na data 04/02/2026 18:18:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:19:13
Nº Rexistro: 49460
Data envío: 04/02/2026 18:19:13.485

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 18:19:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 18:19:13
Nº Rexistro: 49460
Data envío: 04/02/2026 18:19:13.485

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas da Xunta de Galiza para frear a alarmante falta de actividade, nomeadamente de descarga de tñidos, no porto da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por medio de distintas iniciativas, este Grupo Parlamentario tense interesado nos últimos anos pola situación do porto da Pobra do Caramiñal, tanto pola mellora das distintas instalacións e dotacións como pola constante caída de tráfico de descarga de tñidos.

Nomeadamente, en canto a este último aspecto, en resposta escrita a unha pregunta nosa, con data de rexistro do 25 de abril de 2024 e resposta do 28 de agosto do mesmo ano, dísenos que, ademais de ter levado a cabo diversas actuacións no mencionado porto, que “repercutirán positivamente na situación do porto, contribuíndo á súa mellor competitividade”, “Portos mantén contacto directo co sector ademais de cos representantes locais. Recentemente mantívose unha reunión co Concello da Pobra o 4 de xullo de 2024 na que se abordaron temas de interese dos consignatarios; e o 22 de decembro de 2023 coa asociación de empresarios”.

En canto ás actuacións levadas a cabo, entendemos que foron moitas menos das que o propio porto comercial necesita para influír realmente na mellora da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa competitividade. Pero, máis alá disto, non se nos informa das conclusións e resultados das reunións levadas a cabo cos consignatarios e coa asociación de empresarios da Pobra e, polo tanto, non se nos concreta nada en relación coas actuacións decididas, se é que as houbo, a levar a cabo para reverter o da actividade no porto da Pobra do Caramiñal.

Na mesma liña, tampouco o propio director xeral de pesca fora quen de nos concretar nada nunha resposta oral na Comisión do 6 de xuño de 2023 sobre o mesmo asunto. Só puido recoñecer que a situación era provocada por distintos factores como o aumento do tráfico de mercadorías en contedores, a incidencia da inflación, ou o desvío de descargas por parte das empresas a outros portos. Mais, propostas de actuación a emprender para solucionar, ou cando menos paliar, a situación, non foi quen de nos enunciarnos ningunha.

O caso é que a día de hoxe a actividade no porto da Pobra está baixo mínimos e que, ademais de custar xa moitos postos de traballo de estibadores, está a supoñer un verdadeiro calvario para as empresas do sector que tentan manter a súa viabilidade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Dar conta no Parlamento das conclusións e resultados das reunións levadas a cabo entre Portos de Galiza e as empresas consignatarias e a Asociación de empresarios da Pobra nos anos 2023 e 2024.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Establecer novos contactos de xeito inmediato coas empresas consignatarias que operan no porto da Pobra do Caramiñal para estudar as consecuencias que xa está a ter a redución da descarga de tñidos e as posíbeis alternativas á mesma.

. Ter a máxima disposición a atender as propostas das empresas do sector, así como habilitar os recursos sen demora para poder levar a cabo as que se consideren acaídas.

- Efectuar todas cantas actuacións de mellora, mantemento e limpeza precisen as instalacións portuarias para frear as condicións de deterioro nas que se están a desenvolver a escasa actividade portuaria existente na actualidade”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 04/02/2026 19:03:10

Carmela González Iglesias na data 04/02/2026 19:03:17

Daniel Castro García na data 04/02/2026 19:03:25

Óscar Insua Lema na data 04/02/2026 19:03:37

Paulo Ríos Santomé na data 04/02/2026 19:03:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49498
Data envío: 04/02/2026 19:05:52.624



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 19:05:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49498
Data envío: 04/02/2026 19:05:52.624

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa ás medidas que vai adoptar a Consellería de Medio Rural para evitar a forte baixada de prezos do leite en orixe que se prevé na firma dos contratos a finais do mes de marzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade do sector lácteo galego ven marcada nos últimos anos por unha forte volatilidade dos prezos en orixe, que desestabilizaron constantemente aos produtores/as, xerando un ambiente de inseguridade que non propicia o entorno necesario para afrontar, en moitos casos, novos proxectos ou mesmo a continuidade dos xa existentes.

Froito deses vaivéns recorrentes e da necesidade dunha grande evolución nas ganderías do país que as transformou totalmente, tanto a nivel de instalacións, xenética e profesionalización, coma de benestar, confórmase agora o mapa do leite de Galiza, onde unhas escasas 5.000 explotacións producen algo máis do 40% do leite do estado. Fronte ao elevado número de granxas que enchía o territorio nos anos 90, cando estaban rexistradas máis de 90.000, a actualidade deste sector concentra cada vez máis animais, desaparecendo a grande velocidade as explotacións de pequeno e mediano tamaño, con case un titular que deixa a actividade ao día. Penalizadas fortemente nos prezos por unha industria que prima a cantidade sobre a calidade, abandonan unha actividade que deixa día a día máis territorio sen xestionar no país e menos poboación nas aldeas onde a gandería é quen garantiu ate o de agora que non se baleirasen as casas.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ese leite que sae das granxas galegas ten unha calidade en canto e graxa e proteína que acadan a media do estado dende fai xa anos e unha seguridade alimentaria excepcional mais, contraditoriamente, é pagado a un prezo que se atopa sempre por debaixo da media estatal, malia sermos agora mesmo quen garante a maior parte do produto que chega á industria.

As novas recentes sobre a posible baixada de prezos coa chegada dos novos contratos ás explotacións no mes de marzo, xa que o 90% dos gandeiros renovarán o seu contrato o 1 de abril, deixan unha sensación de incerteza nos produtores, que ven como o prezo non varía en distribución pero si o fai en orixe, neste caso con baixadas que ameazan con superar os 6 céntimos por litro. Malia non ter o mesmo efecto no caso das subidas, que tardaron meses en facerse efectivas no noso país no seu momento e nunca foron na mesma medida que no resto do estado e a UE, agora os produtores/as afrontan un descenso no que non teñen practicamente capacidade de manobra, xa que non son eles quen marcan o valor do seu produto, deixándoos nunha situación de total indefensión.

Coa constancia da necesidade de produto por parte da industria, que agora mesmo ve Galiza como o único territorio do estado que garantirá o subministro a medio-longo prazo, e tendo en conta que o estado español é deficitario en leite, cómpre que a Xunta de Galiza actúe con celeridade. É prioritario asegurar que os nosos gandeiros e gandeiras reciben alomenos o mesmo prezo polo seu leite que o que se está a pagar no resto do estado e garantir que se cumpre a lei da cadea alimentaria, solicitando que a industria se reúna co goberno para participar das negociacións e evitar que o que agora mesmo son “posibles” baixadas do prezo se eviten e non teñan un impacto inasumible por parte dos titulares. Da contra, ese escenario de indefensión, impotencia e falla de capacidade de negociación dos propios produtores fronte á baixada próxima, darase coa connivencia do goberno galego, que non é quen de defender os intereses dun sector de vital importancia no país, tanto a nivel económico coma territorial.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Requirirlle á industria láctea que opera en Galiza reunións urxentes para tratar a nova da baixada de prezos que se prevé nos novos contratos, onde participen todos os elos da cadea e o goberno galego coa fin de chegar a acordos que non prexudiquen ao sector.
2. Trasladar á industria láctea a disconformidade da Xunta de Galiza ao respecto destes contratos á baixa que se prevén para finais do mes próximo, solicitando que se manteñan os prezos e que se pague o litro de leite ao mesmo prezo que a media do estado e requirindo que non se apliquen primas por cantidade que prexudiquen a medianos e pequenos produtores.
3. Convocar de xeito urxente o Observatorio do Sector Lácteo co obxectivo de frear estes contratos onde as baixadas de prezo serán inasumibles para moitos produtores”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 05/02/2026 10:49:22

Sonia Vidal Lamas na data 05/02/2026 10:49:34

Secundino Fernández Fernández na data 05/02/2026 10:49:42

Luis Bará Torres na data 05/02/2026 10:49:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:52:00
Nº Rexistro: 49540
Data envío: 05/02/2026 10:52:00,699

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 10:52:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 10:52:00
Nº Rexistro: 49540
Data envío: 05/02/2026 10:52:00,699

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Oscar Insua Lema**, **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de reparar e mellorar as estradas da Xunta de Galiza na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é titular de numerosas estradas en todo o territorio galego e a Axencia Galega de Infraestruturas é o organismo encargado de realizar a conservación e o mantemento do dominio público viario da Rede Autonómica de Estradas de Galiza, incluída a realización das tarefas para mantemento da vialidade nelas. As tarefas de conservación e mantemento do dominio público e da vialidade que debe realizar a AXI pódense desglosar nas seguintes actividades:

- Actividades de conservación ordinaria: destinadas a atrasar o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos da estrada.
- Actividades de conservación extraordinaria: para poñer en situación inicial as características dos elementos da estrada ou mellorar o estándar inicial.
- Actividades de vialidade: para permitir a circulación en condicións adecuadas de seguridade e fluidez, como pode ser a retirada de obstáculos, sinalizar situacións ocasionais de perigo, facilitarlle información ás persoas usuarias...

Na costa da morte, as principais vías de comunicación coas cidades de Compostela e A Coruña, atópanse en moitos dos seus tramos nun estado lamentable que

Asinado o día 05/02/2026 ás
11:00
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 05/02/2026 ás
10:59
Por Oscar Insua Lema



dificulta a viabilidade e circulación do tráfico. É o caso da AC-552 e da AC-440, AC-441, AC-544, AC-545, AC-546 e AC-547 e AC-404. Algunha delas foi obxecto de reparacións o ano pasado, nas cales se fixeron actuacións consistentes en remendar con capas de asfalto os tramos máis deteriorados, pero este ano en gran parte debido ás condicións climáticas, volveron a aflorar fochancas e volvemos a ter treitos en malas condicións, tramos onde se acumula moita auga das choivas e provocan “aquaplanig”.

Ademais, un dos grandes problemas existentes e común en todas estas estradas e que as liñas e marcas viais non se ven, ben porque non están pintadas dende as últimas reparacións, ou ben polo desgaste do tempo, o que supón un auténtico perigo nos días de mal tempo, que este ano foron case todos durante este inverno. Estas liñas son imprescindibles para manter a seguridade vial e é necesario que teñan un bo pintado e unha boa reflectividade nos momentos de escuridade e con pouca luz.

É necesario realizar un plan integral de mantemento e reparación concreto para todas estas estradas da Costa da Morte e realizar as actuacións pertinentes o antes posible, en aras de mellorar canto antes as condicións de seguridade do tráfico que circula a diario por elas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar un plan integral de mantemento e reparación das estradas comarcais na Costa da Morte, das que é titular, e executar de forma urxente as actuacións máis necesarias para manter a seguridade vial, como é o pintado das marcas viais”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 05/02/2026 10:59:52

Luis Bará Torres na data 05/02/2026 11:00:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 11:03:43
Nº Rexistro: 49546
Data envío: 05/02/2026 11:03:43,435

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 11:03:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 11:03:43
Nº Rexistro: 49546
Data envío: 05/02/2026 11:03:43,435

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para evitar a instalación no Porto de Vilagarcía de depósitos para o almacenamento de 300.000 m3 de betume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ría de Arousa constitúe un ecosistema mariño de incalculábel valor ecolóxico, económico e social para Galiza, sendo ademais a base da principal zona marisqueira e produtiva do conxunto das nosas rías. Calquera actividade que se pretenda implantar no seu seo debe estar suxeita ao máximo escrutinio e ás máis estritas garantías de sustentabilidade e prevención de riscos.

Na actualidade está sendo tramitado un proxecto para a instalación dunha nova terminal de almacenamento de betume formada por dúas plantas no Porto de Vilagarcía de Arousa, nuns terreos para os que está a xestionar a concesión Betumes Gallegos SLU.

O proxecto ocupará dúas zonas en que se habilitarán zonas de almacenamento para un total de aproximadamente 300.000 m3 de betume e aceite térmico en rotación anual -250.000 na zona 1 e 50.000 m3 na zona 2-.

O betume é unha substancia viscosa, escura e pegañenta mestura de distintos hidrocarburos, obtida como residuo do refinamento do petróleo, utilizado principalmente polas súas propiedades adhesivas e impermeábeis na construción de estradas e en teitos e coberturas, mais altamente contaminante e volátil. Porén, e pesar

Asinado o día 05/02/2026 ás
11:37
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 05/02/2026 ás
11:36
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do enorme volume de material potencialmente perigoso que ten previsto albergar esta planta, a promotora segrega fraudulentamente as dúas zonas antes indicadas para a súa avaliación de impacto ambiental e considera que só a nova construción da zona 1 precisaría do trámite, iso si, só do trámite de avaliación ambiental simplificado, mentres que as obras de reacondicionamento e renovación da zona 2 nin sequera se someten a avaliación.

No entanto, trátase dun único proxecto e dunhas instalacións que van a funcionar coordinadamente e en sinerxía e, por tanto, resulta evidente que a avaliación debe ser completa ou ordinaria e realizarse para o conxunto do complexo, non para só unha parte, así como atender ao volume total de materiais que circularán pola ría e por terra.

Ademais, aínda que a empresa promotora alega para a simplificación que o lugar de instalación non afectan a un espazo natural especialmente protexido isto é absolutamente falso, pois o Porto de Vilagarcía de Arousa sitúase en plena ría, unha das de maior interese pola súa biodiversidade natural e pola riqueza produtiva dos seus bancos marisqueiros.

A actividade prevista dependerá moi maioritariamente do transporte por mar do betume desde a boca na Ría de Arousa até o porto de Vilagarcía e de volta, implicando este 90% do volume transportado ao tempo que se prevé só 10% do transporte por terra. Trátase, evidentemente, dunha actividade cun elevado risco de vertidos ou perdas durante o transporte e que afectarán directamente á calidade das augas da ría, á produción marisqueira e á saúde das persoas, tanto ambiental como alimentar. A pesar de todo isto, no proxecto non se inclúe cal é o número de buques que se prevé circularán para abastecer os 288.000 m³ de betume que serán almacenados na zona 1 nin os riscos para o medio mariño nin para a veciñanza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe destacar, ademais, que o material almacenado contén unha importante cantidade de hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP) elementos altamente volátiles que implican un risco das persoas que entren en contacto con el, especialmente para as persoas traballadoras do Porto mais tamén para apoboación máis próxima ao recinto, alén dos riscos para a flora e fauna da Ría de Arousa.

Máis unha vez, estas posíbeis afeccións non son avaliadas polo promotor que non inclúe datos ou información relativa aos riscos derivados da manipulación do betume e das operacións de carga e descarga.

Consideramos que hai unha análise fraudulenta de alternativas, toda vez que o estudo de alternativas de ubicación presentado polo promotor é enganoso, pois compara a localización en Vilagarcía co porto de Huelva (a 472 millas náuticas), ignorando deliberadamente as alternativas viables e de moito menor impacto dentro da propia Comunidade Autónoma, como os portos exteriores da Coruña (Punta Langosteira, a 49 mn) ou Ferrol (a 70 mn). Esta omisión busca artificialmente xustificar a elección máis daniña para a ría de Arousa.

A pesares de todo o anterior a Xunta da Galiza declarouno proxecto de interese estratéxico (PIE), primándoo sobre os valores ambientais e dun sector económico vital como o marisqueo, a pesca e a miticultura.

Tanto a veciñanza como distintos colectivos en defensa do medio natural e da capacidade produtiva da Ría de Arousa consideran incompatíbel coa seguranza da saúde humana e coa protección da natureza a ubicación nun porto interior como é o de Vilagarcía dunha planta de manipulación de betume atendendo aos elevados riscos de afección ao ecosistema, aos recursos mariños e acuícolas, así como ás persoas que viven máis próximas á zona do porto. Imponse, por tanto, a aplicación do principio de precaución e debера prevalecer a protección da saúde das persoas, da biodiversidade e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

da afección a miles de postos de traballo directos na ría e todos os inducidos, fronte aos intereses económicos da empresa.

Por todo isto, reclaman o rexeitamento á ubicación na Ría de Arousa do proxecto polas súas consecuencias negativas. Exixen unha avaliación ambiental completa do conxunto do proxecto, que inclúa tanto o transporte por mar como por terra, ademais dunha avaliación de riscos e da procura doutras posíbeis situacións compatíbeis coa protección ambiental, da capacidade produtiva e a saúde das persoas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza manifesta o seu rexeitamento á ubicación do proxecto dunha nova terminal de almacenamento de 300.000 m³ de betume no Porto de Vilagarcía de Arousa, impulsado por Betumes Gallegos SLU, polas súas desorbitadas dimensións, o risco para o ecosistema ambiental e produtivo; tanto pola dimensión dos depósitos de almacenamento, a perigosidade do produto, o transporte pola ría, a carga e descarga e a manipulación do mesmo.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a levar todas as accións tendentes a evitar a instalación destes depósitos no porto de Vilagarcía :

1.- Rectificar a declaración de Proxecto de Interese Estratéxico (P.I.E.) para este proxecto de almacenamento de betume no Porto de Vilagarcía de Arousa, impulsado por Betumes Gallegos SLU.

2.- Exixir ao promotor a presentación dun estudo completo e integral de avaliación de impacto ambiental que abarque o conxunto do proxecto (Zona 1 e Zona 2), incluíndo de maneira detallada e pública:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) Unha análise exhaustiva de riscos ambientais, sanitarios (especialmente polos HAP) e de seguridade para o porto e a poboación e a ría de Arousa.

b) A previsión detallada do tráfico marítimo (número, tipo e capacidade dos buques) e terrestre que xerará a actividade.

c) Un plan de emerxencia específico para accidentes con verteduras ou incendios.

d) Unha avaliación realista e completa de alternativas de localización, que debe incluír obrigatoriamente os portos exteriores de Galiza (Punta Langosteira e Ferrol), analizando de xeito transparente a opción de menor impacto global.

3.- Buscar localizacións alternativas fóra da ría de Arousa que minimicen os impactos ambientais, sociais e económicos, descartando solucións que poñan en perigo espazos de alto valor ecolóxico e produtivo.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2026 11:36:48

Rosana Pérez Fernández na data 05/02/2026 11:37:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 11:38:33
Nº Rexistro: 49568
Data envío: 05/02/2026 11:38:33,041

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 11:38:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 11:38:33
Nº Rexistro: 49568
Data envío: 05/02/2026 11:38:33.041

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda de profesorado especialista de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe no CEP Campolongo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade escolar do CEP Campolongo de Pontevedra leva desde comezos do presente curso 2025-2026 demandando a recuperación do profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe con que contaba o centro no curso pasado.

Aínda que a dirección, a ANPA e tamén nais e pais a título individual trasladaron esta demanda á inspección educativa, levan desde comezos de decembro do ano pasado sen recibir resposta. Semella que a consellaría de educación pretende que vaia avanzando o curso e que a presión da comunidade escolar se vaia debilitando, mais non é de recibo nunha sociedade democrática que non se lle dea cando menos unha resposta a nais e pais que se mobilizan para defender o dereita das súas crianzas a unha educación equitativa e inclusiva.

Co consecuencia do recorte do profesorado de PT e AL, o alumnado con necesidades educativas especiais viu reducidas sensibelmente as sesións de horarios de atención especializada, o que compromete o seu desenvolvemento e integración sociopedagóxica.

Logo de dous meses sen resposta da administración educativa, o mércores 4 de febreiro un grupo de nais e pais concentráronse na entrada do centro para denunciar a

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:09
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:09
Por Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación e para reclamar o incremento do profesorado especialista de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dar resposta e atender as nais e pais do CEP Campolongo de Pontevedra que se dirixiron á inspección educativa para solicitar o incremento do profesorado especialista de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
2. Recuperar no presente curso, e na maior brevidade posíbel, a dotación de profesorado especialista (PT e AL) que existía no CEP Campolongo no curso 2024-2025”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/02/2026 12:09:38

Cristina Fernández Davila na data 05/02/2026 12:09:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:11:05
Nº Rexistro: 49588
Data envío: 05/02/2026 12:11:05.120

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:11:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:11:05
Nº Rexistro: 49588
Data envío: 05/02/2026 12:11:05.120

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

A Xunta de Galicia puxo en marcha as Aldeas Modelo como un instrumento central da súa política de recuperación do rural e de prevención de incendios forestais, ao abeiro dos artigos 79 e seguintes da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

A figura concibiuse para activar núcleos rurais en situación de abandono mediante a mobilización de terras agrarias ao redor das aldeas, coa dobre finalidade de mellorar a calidade de vida da poboación e recuperar actividade económica nos terreos en desuso, creando ao tempo cintos verdes de prevención de incendios.

Porén, tras varios anos de implantación, os resultados están moi lonxe das expectativas xeradas. A pesar dos investimentos anunciados e da publicidade institucional, numerosos proxectos presentan paralización, abandono das obras, falta de actividade económica efectiva e ausencia de impacto real na fixación de poboación.

Casos como Osmo (Cenlle) ou outras aldeas declaradas evidencian que, máis alá da declaración formal, non se produciu unha recuperación integral nin sostible. A burocracia excesiva, a complexidade para acadar o acordo do 70 % dos propietarios, a lentitude administrativa e a falta de financiamento estable dificultaron a mobilización real da terra e a posta en marcha de proxectos produtivos.



Ademais, a estratexia centrouse case exclusivamente na recuperación agraria, sen abordar con decisión a rehabilitación de vivendas, a dotación de servizos básicos e a creación de condicións reais de habitabilidade, elementos imprescindibles para atraer poboación nova, facilitar o retorno ou consolidar a existente.

A limitada dimensión dos proxectos, moitas veces restrinxidos a poucas hectáreas, tamén reduce o seu impacto económico e territorial, facendo inviable que esta política poida ser considerada unha resposta seria á Galicia baleirada.

As críticas procedentes de organizacións sociais, entidades do territorio e forzas políticas, así como os datos observables no terreo, evidencian que as Aldeas Modelo non están a funcionar como un verdadeiro proxecto de país, senón como unha suma de experiencias illadas, con escasa continuidade e resultados pouco tanxibles.

Neste contexto, a Xunta anunciou unha reformulación da estratexia, substituíndo ou reconvertendo as Aldeas Modelo en “Asentamentos Rurais”, a través da modificación da Lei 11/2021 na lei de acompañamento orzamentario para 2026. Este cambio non é só terminolóxico, senón unha autocrítica implícita ao fracaso do modelo anterior.

O novo enfoque declara unha maior flexibilidade, menor burocracia, máis énfase na habitabilidade e na recuperación integral, así como unha mellor integración entre mobilización de terras, vivenda, servizos e fixación de poboación. Porén, estas intencións só serán cribles se van acompañadas de recursos suficientes, procedementos realmente simplificados, financiamento estable e avaliación pública dos resultados.

O Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que a Xunta asuma responsabilidades políticas polo fracaso das Aldeas Modelo, realice unha



avaliación pública rigorosa da estratexia seguida e garanta que calquera novo instrumento conte con financiamento suficiente, planificación realista, participación local e mecanismos efectivos de execución e control.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha avaliación pública, independente e detallada da implantación das Aldeas Modelos, que inclúa:

- Grao de execución dos proxectos declarados.
- Nivel de mobilización real de terras.
- Impacto económico, social e demográfico.
- Estado das obras de rehabilitación e servizos.
- Razóns da paralización ou abandono dos proxectos.

2. Presentar no Parlamento, nun prazo máximo de seis meses, un informe completo cos resultados desta avaliación e co balance económico detallado dos fondos públicos investidos.

3. Suspende a declaración de novas Aldeas Modelo mentres non se avalíe de forma rigorosa a eficacia do modelo actual e non se aprobe un novo marco normativo plenamente operativo.



4. Garantir que a nova figura de “Asentamento Rural”:

- Inclúa financiamento estable, suficiente e plurianual.
- Priorice a rehabilitación de vivenda e a dotación de servizos básicos.
- Simplifique de forma real os procedementos administrativos.
- Asegure a participación efectiva dos concellos e da poboación local.
- Conte con indicadores claros de seguimento, avaliación e rendición de contas.

5. Crear unha liña específica de financiamento finalista para a recuperación integral de núcleos rurais, que combine mobilización de terras, vivenda, servizos públicos, actividade económica e cohesión social.

6. Garantir a transparencia total na selección, execución e seguimento dos proxectos, facendo públicos todos os datos relativos ás Aldeas Modelo e aos futuros Asentamentos Rurais.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 05/02/2026 12:20:25

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2026 12:20:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 12:20:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:22:20
Nº Rexistro: 49594
Data envío: 05/02/2026 12:22:20.363

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:22:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:22:20
Nº Rexistro: 49594
Data envío: 05/02/2026 12:22:20.363

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:02
Nº Rexistro: 49601
Data envío: 05/02/2026 12:53:02.200

Asinado o día 05/02/2026 ás 12:48
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á valoración da Xunta de Galiza dos “POEM de segundo ciclo” e do documento inicial estratéxico sometidos a consulta por parte do goberno estatal.

Asinado o día 05/02/2026 ás 12:48
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda recoñecendo na consulta pública do Segundo Ciclo dos POEM que “a tecnoloxía flotante non está tan madura como a de cimentación fixa”, ou que a información sobre a actividade pesqueira é “inexistente ou incompleta”, o Goberno do Estado quere acelerar definitivamente a instalación da eólica mariña nas zonas de alto potencial identificadas nos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM).

E diante da consulta previa aos implicados que o Ministerio de Transición Ecolóxica leva a cabo para posteriormente elaborar a normativa que regule o procedemento de poxas das instalacións de eólica mariña, as declaracións do Goberno galego, por boca da súa conselleira de Economía e Industria, reclamando que “Galiza sexa unha das primeiras comunidades onde comecen a desenvolverse as poxas” resultánnos tan bochornosas como a ausencia e o silencio absoluto da Consellaría de Mar neste asunto.

Malia ter afirmado en resposta escrita remitida a pregunta deste Grupo Parlamentar que “*Galicia aspira a ser un referente no desenvolvemento da eólica*”

Asinado o día 05/02/2026 ás 12:48
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariña. Porén, desde un primeiro momento, a Xunta tivo claro que este desenvolvemento requiriría dunhas claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira ... Por iso mesmo, antes de falar de proxectos concretos, Galicia sempre quixo que o Goberno central despexara todas as dúbidas tras aprobar os POEM. Con independencia da información tida en conta no proceso de elaboración, si que desde a Xunta de Galicia se considera que a planificación dos espazos marítimos por parte do Goberno central se fixo sen un consenso real coa Xunta, co sector marítimo-pesqueiro e coa industria”, parece agora que o Goberno galego considera que xa existen “claras garantías de coexistencia e compatibilidade co medio mariño e coa actividade xa implantada, de maneira especial coa actividade pesqueira” e que xa desapareceron todas as dúbidas que quedaban após a aprobación dos POEM.

Porén, a realidade é que Galiza segue a ser a primeira potencia pesqueira do Estado e unha das primeiras da UE, que a actividade marisqueira e mexilloeira abrangue múltiples puntos das nosas costas que estarían afectadas polas instalacións asociadas á eólica mariña, que seguen sen aportarse informes, nin polo Goberno nin pola Xunta, sobre o impacto do desenvolvemento da eólica mariña no sector pesqueiro e nos ecosistemas mariños, que a afectación que se produza non será só directa sobre o sector pesqueiro senón tamén sobre unha chea de actividades económicas relacionadas con el, ou que o noso país xa cumpre os obxectivos de contribución renovábel á xeración eléctrica fixados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC).

Ademais, o documento do Goberno do Estado referido aos POEM de 2º ciclo reflicte claramente a ausencia de estudos no relativo á pesca e marisqueo, fala da importancia do “sector económico” mais sen avaliar o valor desta actividade, tanto social como economicamente. Tampouco recolle nin unha soa mención aos caladoiros históricos de pesca afectados polas zonas NOR 1, 2, 3, 4 e 5, ou establece unha Declaración Inicial Estratéxica (DIE) única para os POEM das cinco demarcacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mariñas, sen ter en conta as características xeolóxicas, climatolóxicas, oceanográficas e biolóxicas das distintas costas (atlántica, cantábrica e mediterránea) en cada caso.

Por todas estas razóns, e por moitas outras que se poderían esgrimir, as declaracións da conselleira de Economía e Industria e o silencio total da Consellaría de Mar son especialmente inexplicábeis.

Unha vez máis, é evidente que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza deixa de lado ás actividades que xa están implantadas, que son o pilar básico da economía de dúcias de concellos costeiros do noso país, que son sostúbeis, que representan no seu conxunto case o 5% do PIB galego e aposta incondicionalmente e cos ollos pechados polos intereses do oligopolio eléctrico a conta do que sexa e por un modelo depredador dos recursos de todos os galegos e galegas.

E con estas premisas, estamos diante dun tema que, como xa pasou na implantación da eólica terrestre no noso país, mesmo pode modificar o noso territorio e o noso modo de vida en gran parte de Galiza, alén de non respectar o Principio de Precaución e vulnerar os dereitos históricos do sector pesqueiro galego que agora a conselleira de industria busca “resarcir con compensacións ao sector”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a

. Rexeitar as declaracións públicas realizadas pola titular da Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galiza.

. Incluír nas súas posíbeis consideracións diante da consulta previa que realiza o Ministerio de Transición Ecolóxica aos implicados, a reclamación de que calquera





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

revisión dos POEM ou de comezo de procedementos de poxa terá que contar cos informes científicos que avalen a falta de impacto nos ecosistemas mariños e coa avaliación das consecuencias socioeconómicas que a implantación da eólica mariña traerían para o noso país.

. En consecuencia, esixir ao Goberno do Estado a desistencia de levar a cabo calquera extensión de zonas para o desenvolvemento da eólica mariña en Galiza e de emprender ningunha poxa que a posibilite.

. Apoiar as reivindicacións da Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños a este respecto”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 05/02/2026 12:48:05

Carmela González Iglesias na data 05/02/2026 12:48:18

Daniel Castro García na data 05/02/2026 12:48:30

Óscar Insua Lema na data 05/02/2026 12:48:54

Paulo Ríos Santomé na data 05/02/2026 12:49:02

José Manuel Golpe Acuña na data 05/02/2026 12:49:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:02
Nº Rexistro: 49601
Data envío: 05/02/2026 12:53:02.200



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:53:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:53:02
Nº Rexistro: 49601
Data envío: 05/02/2026 12:53:02.200

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna e axeitada constitúe un dereito básico e un dos principais factores de igualdade e cohesión social. Porén, Galicia atravesa unha situación cada vez máis complexa no mercado do alugueiro, cun incremento sostido dos prezos, unha oferta insuficiente e unha especial dificultade de acceso para persoas novas, familias con rendas medias e baixas e colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

Neste contexto, as axudas públicas ao alugueiro, e en particular o bono alugueiro financiado con fondos estatais, resultan unha ferramenta esencial para facilitar a emancipación, evitar situacións de exclusión residencial e garantir que o dereito á vivenda non quede condicionado unicamente á hora de entrada das persoas solicitantes.

Non obstante, nos últimos exercicios véñse constatando que o crédito asignado ao bono alugueiro resulta insuficiente para atender o conxunto das solicitudes presentadas que cumpren os requisitos establecidos, deixando fóra a numerosas persoas beneficiarias potenciais exclusivamente por falta de dotación orzamentaria. Esta situación xera frustración social, desigualdade no acceso ás axudas e unha evidente falta de corresponsabilidade por parte da Xunta de Galicia no desenvolvemento das políticas públicas de vivenda.



Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de vivenda e capacidade orzamentaria para complementar, con fondos autonómicos, os programas estatais, garantindo así unha cobertura máis ampla e efectiva das necesidades reais da cidadanía galega. A negativa a facelo supón trasladar toda a presión ao Estado e renunciar a exercer unha política de vivenda ambiciosa, planificada e adaptada á realidade galega.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Goberno galego asuma un maior compromiso financeiro e político e complemente o bono alugueiro con recursos propios, de xeito que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede excluída por falta de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a complementar con fondos propios da Comunidade Autónoma o programa do bono alugueiro, co obxectivo de garantir a cobertura do 100% das solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria correspondente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/02/2026 12:52:45

Carlos López Font na data 05/02/2026 12:52:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 12:52:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 49611
Data envío: 05/02/2026 12:57:18.366

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:57:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:57:18
Nº Rexistro: 49611
Data envío: 05/02/2026 12:57:18.366

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna e axeitada constitúe un dereito básico e un dos principais factores de igualdade e cohesión social. Porén, Galicia atravesamos unha situación cada vez máis complexa no mercado do alugueiro, cun incremento sostido dos prezos, unha oferta insuficiente e unha especial dificultade de acceso para persoas novas, familias con rendas medias e baixas e colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

Neste contexto, as axudas públicas ao alugueiro, e en particular o bono alugueiro financiado con fondos estatais, resultan unha ferramenta esencial para facilitar a emancipación, evitar situacións de exclusión residencial e garantir que o dereito á vivenda non quede condicionado unicamente á hora de entrada das persoas solicitantes.

Non obstante, nos últimos exercicios véñese constatando que o crédito asignado ao bono alugueiro resulta insuficiente para atender o conxunto das solicitudes presentadas que cumpren os requisitos establecidos, deixando fóra a numerosas persoas beneficiarias potenciais exclusivamente por falta de dotación orzamentaria. Esta situación xera frustración social, desigualdade no acceso ás axudas e unha evidente falta de corresponsabilidade por parte da Xunta de Galicia no desenvolvemento das políticas públicas de vivenda.



Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de vivenda e capacidade orzamentaria para complementar, con fondos autonómicos, os programas estatais, garantindo así unha cobertura máis ampla e efectiva das necesidades reais da cidadanía galega. A negativa a facelo supón trasladar toda a presión ao Estado e renunciar a exercer unha política de vivenda ambiciosa, planificada e adaptada á realidade galega.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Goberno galego asuma un maior compromiso financeiro e político e complemente o bono alugueiro con recursos propios, de xeito que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede excluída por falta de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar nos Orzamentos da Xunta de Galicia dunha partida específica e suficiente destinada a reforzar as axudas ao alugueiro, que permita absorber a totalidade da demanda real existente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/02/2026 12:53:04

Carlos López Font na data 05/02/2026 12:53:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 12:53:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:57:54
Nº Rexistro: 49613
Data envío: 05/02/2026 12:57:54.142

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:57:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:57:54
Nº Rexistro: 49613
Data envío: 05/02/2026 12:57:54.142

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso a unha vivenda digna e axeitada constitúe un dereito básico e un dos principais factores de igualdade e cohesión social. Porén, Galicia atravesa unha situación cada vez máis complexa no mercado do alugueiro, cun incremento sostido dos prezos, unha oferta insuficiente e unha especial dificultade de acceso para persoas novas, familias con rendas medias e baixas e colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

Neste contexto, as axudas públicas ao alugueiro, e en particular o bono alugueiro financiado con fondos estatais, resultan unha ferramenta esencial para facilitar a emancipación, evitar situacións de exclusión residencial e garantir que o dereito á vivenda non quede condicionado unicamente á hora de entrada das persoas solicitantes.

Non obstante, nos últimos exercicios véñse constatando que o crédito asignado ao bono alugueiro resulta insuficiente para atender o conxunto das solicitudes presentadas que cumpren os requisitos establecidos, deixando fóra a numerosas persoas beneficiarias potenciais exclusivamente por falta de dotación orzamentaria. Esta situación xera frustración social, desigualdade no acceso ás axudas e unha evidente falta de corresponsabilidade por parte da Xunta de Galicia no desenvolvemento das políticas públicas de vivenda.



Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva en materia de vivenda e capacidade orzamentaria para complementar, con fondos autonómicos, os programas estatais, garantindo así unha cobertura máis ampla e efectiva das necesidades reais da cidadanía galega. A negativa a facelo supón trasladar toda a presión ao Estado e renunciar a exercer unha política de vivenda ambiciosa, planificada e adaptada á realidade galega.

Por todo o exposto, resulta necesario que o Goberno galego asuma un maior compromiso financeiro e político e complemente o bono alugueiro con recursos propios, de xeito que ningunha persoa que cumpra os requisitos quede excluída por falta de fondos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asegurar a execución áxil e eficaz das axudas ao alugueiro, evitando atrasos na resolución e no pagamento ás persoas beneficiarias.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro do 2026



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 05/02/2026 12:53:29

Carlos López Font na data 05/02/2026 12:53:35

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 12:53:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:58:33
Nº Rexistro: 49615
Data envío: 05/02/2026 12:58:33.143

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 12:58:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 12:58:33
Nº Rexistro: 49615
Data envío: 05/02/2026 12:58:33.143

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as accións que debe poñer en marcha o Goberno galego con respecto ao mantemento do emprego e do destino de recursos públicos ao Centro Tecnolóxico da Automoción de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro Tecnolóxico da Automoción de Galiza (CTAG) existe dende hai máis de 20 anos e ten como obxectivo o fortalecemento do sector da mobilidade en Galiza. Este obxectivo é fundamental máis nun contexto de inestabilidade no que a parte produtiva, mais non só, da automoción está en auténtico risco.

Noticias coma as do pasado mes de abril de 2024, onde se coñeceu que o CTAG tiña intención de crear un centro de investigación a través da empresa ISQCTAG (colaboración entre o centro portugués ISQ e o centro galego CTAG) para avanzar no rumbo da innovación no referente ao vehículo eléctrico e híbrido nunha aposta clara polo sector da automoción en Portugal.

Esta *joint venture* creada alá polo 2022, na súa declaración de intereses fai fincapé na promoción e avance na transformación tecnolóxica da automoción portuguesa, na aposta por captar fondos Next Generation que beneficien ao desenvolvemento deste sector no outro lado da raia.

As últimas noticias sobre este tema é que esta *joint venture* facturou o pasado ano 3,5 millóns de euros e que supón unha alza do 2600% dos seus beneficios. Estas

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:59
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 05/02/2026 ás
12:59
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novas poderían non preocuparnos no noso país, mais a realidade é que paralelamente a isto o CTAG na súa matriz ven de anunciar a aplicación de dous expedientes de regulación de emprego, un ERE a preto dun cento de traballadoras e traballadores e un ERTE de 80 días para o conxunto do cadro de persoal restante.

Ante esta situación o Goberno galego debe tomar partido no sentido de garantir a viabilidade, e a garantía de emprego deste centro, pois este tipo de expedientes, nun centro que recibe reiteradamente financiamento da administración galega, formando esta parte do seu padroado, poñen de manifesto que a crise que afecta ao sector da automoción galega non se limita unicamente á parte produtiva, se non agora tamén a todo o que ten que ver coa parte de innovación e de creación de coñecemento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Galiza a acatar os seguintes acordos:

1. Condicionar as axudas e subvencións públicas destinadas a centros tecnolóxicos de Galiza ao mantemento do emprego e á imposibilidade de aplicar expedientes de regulación de emprego nun período de 5 anos após a súa concesión.
3. Reunirse co comité de empresa do CTAG para avaliar o futuro do emprego neste centro tecnolóxico, priorizando o mantemento do mesmo.
4. Instar ao Goberno central a efectuar as modificacións precisas para que os expedientes de regulación de emprego precisen autorización administrativa previa.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/02/2026 12:59:27

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/02/2026 12:59:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:03:20
Nº Rexistro: 49622
Data envío: 05/02/2026 13:03:20.410

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:03:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:03:20
Nº Rexistro: 49622
Data envío: 05/02/2026 13:03:20.410

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

O Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE vén reclamando dende hai tempo unha mellora substancial dos servizos sanitarios no concello de Cerdedo-Cotobade e na comarca da Terra de Montes, especialmente no que atinxe a urxencias médicas e a garantía de tempos de resposta axeitados para salvar vidas na atención sanitaria primaria e continuada.

O Punto de Atención Continuada (PAC) de Cerdedo carece dunha ambulancia con base propia, o que supón que en situacións de emerxencia sanitaria a cidadanía de Cerdedo e dos concellos limítrofes como Campolameiro, A Lama ou Forcarei non conta con garantías razoables de que se cumpran os tempos máximos de resposta previstos nos protocolos sanitarios, nin pola súa propia dispersión xeográfica nin pola diferenza de recursos dispoñibles.

Nos últimos días, os medios de comunicación reflectiron novamente as consecuencias directas desta carencia cando unha veciña de Soutelo de Montes de 89 anos faleceu mentres esperaba a chegada dunha ambulancia que tardou cerca de 40 minutos en atender a urxencia, a pesar de que se avisou ao 112 Galicia e se movilizou a profesionais sanitarios no lugar. Este desenlace, dunha gravidade extrema e que consterna á veciñanza, pon en evidencia a falta de medios de atención urxente no rural e a necesidade de dotar o PAC de Cerdedo con recursos que garantan unha resposta sanitaria eficaz.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:07:17
Nº Rexistro: 49637
Data envío: 05/02/2026 13:07:17.395

O PSdeG-PSOE ten denunciado reiteradamente que este servizo non debe ser un privilexio das áreas urbanas, senón un dereito básico para toda a poboación galega, sen discriminación por razón de residencia ou densidade poboacional. O dereito á saúde e a atención sanitaria de calidade é unha prioridade constitucional e un compromiso social que debe materializarse tamén na Galicia rural.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Dotar con urxencia unha ambulancia de soporte vital básico, con base fixa, no Punto de Atención Continuada de Cerdedo.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

177477

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/02/2026 13:03:36

Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2026 13:03:44

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 13:03:51

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 13:03:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:07:17
Nº Rexistro: 49637
Data envío: 05/02/2026 13:07:17.395

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:07:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:07:17
Nº Rexistro: 49637
Data envío: 05/02/2026 13:07:17.395

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:17:12
Nº Rexistro: 49639
Data envío: 05/02/2026 13:17:12.642

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:15
Por Saleta Chao Riva

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Saleta Chao Rivas e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do centro de saúde de Santa Comba.

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:15
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Santa Comba atópase nunha situación claramente precaria. A infraestrutura do centro de saúde, na que se engloba o PAC que presta asistencia a este concello e a Mazaricos, está notoriamente obsoleta e nun estado paupérrimo, con numerosas eivas que comprometen o benestar tanto do persoal coma da veciñanza que se achega ao mesmo. O tellado está en mal estado, provocando humidades e filtracións no interior, e incluso chegando a ter goteiras de xeito habitual en varias das dependencias do centro. O illamento é defectuoso, con fiestras que non garanten a entrada do frío no inverno.

A climatización do centro tamén é defectuosa, con áreas que no verán acadan altas temperaturas e outras que, a pesar da calefacción, permanecen frías todo o ano, o que provoca que moitas profesionais acaben traendo radiadores e calefactores para ter unha temperatura minimamente axeitada. Unha calefacción que funciona a base de pellets e que se avariou recentemente, polo que unha boa parte do centro estivo funcionando sen climatizar durante varios días.

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:15
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ademais, o centro quédase pequeno para o nivel de actividade asistencial e docente que realiza, chegando a ser un factor limitante para a incorporación de novo persoal.

É tal a situación desta infraestrutura que chegou a supor un requirimento por parte da Inspección de Traballo, sen que se chegase a realizar ningunha actuación de calado sobre o mesmo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir unha canle de diálogo co concello de Santa Comba para a construción dun novo centro de saúde na localidade á maior brevidade, que conte cunha infraestrutura axeitada e con espazos suficientes para incrementar o cadro de persoal actual dun xeito acorde á realidade asistencial actual da poboación xalleira. Ademais, garantírase en todo momento a dotación de persoal e as coberturas das ausencias que se poidan producir no cadro de persoal para poder proporcionar unha atención sanitaria de calidade á poboación e evitar a sobrecarga laboral das profesionais.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/02/2026 13:15:41

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2026 13:15:48

Saleta Chao Rivas na data 05/02/2026 13:15:55

Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2026 13:16:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:17:12
Nº Rexistro: 49639
Data envío: 05/02/2026 13:17:12.642

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:17:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:17:12
Nº Rexistro: 49639
Data envío: 05/02/2026 13:17:12.642

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1ª**.

A entrada en funcionamento do Servizo Común Procesual de Execución, prevista para o día 2 de xaneiro de 2026, supón unha reforma organizativa de grande relevancia para o correcto funcionamento da Administración de Xustiza en Galicia.

O éxito deste novo modelo depende, en gran medida, dunha adecuada planificación dos recursos humanos e do respecto aos principios de eficiencia, continuidade nas funcións e especialización do persoal.

Segundo a información trasladada polos propios órganos xudiciais afectados, diversos funcionarios e funcionarias dos Xulgados do Penal nº 1 e nº 2 de Santiago de Compostela que na actualidade realizan maioritariamente funcións de execución penal —e que ademais manifestaron expresamente a súa vontade de continuar desenvolvendo esas funcións— non foron confirmados no Servizo Común Procesual de Execución, Área Penal, na primeira fase do proceso de acoplamento.

Esta situación resulta especialmente preocupante tendo en conta que:

- Os Xulgados do Penal son os órganos xudiciais que soportan unha maior carga de traballo en materia de execución penal e contan cun persoal altamente especializado e con ampla experiencia práctica neste ámbito.

Asinado o día 05/02/2026 ás
13:35
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 05/02/2026 ás
13:35
Por Paloma Castro Rey



- A execución penal afecta a dereitos fundamentais das persoas, incluíndo cuestións de privación de liberdade, violencia de xénero e delitos contra a liberdade sexual, polo que require persoal debidamente formado e con coñecementos específicos que garantan a máxima dilixencia e eficacia.
- A eventual incorporación ao novo servizo dun número moi reducido de funcionarios procedentes dos xulgados do penal implicaría que máis da metade do persoal carecería de experiencia previa en execución penal, o que podería provocar disfuncións graves no funcionamento do servizo e atrasos incompatibles cunha xustiza de calidade.
- A aplicación estrita de criterios porcentuais de acoplamento rompe co principio de continuidade nas funcións, ao impedir que o persoal siga desempeñando aquelas tarefas que viña realizando de forma maioritaria e para as que está especialmente capacitado.
- Existen indicios de que, na primeira fase do proceso, quedaron prazas do Servizo Común Procesual de Execución – Área Penal sen cubrir polo persoal para o que estaban inicialmente reservadas, mentres persoal dos xulgados do penal foi adscrito a tramitación penal en contra da súa vontade expresa.

Todo o anterior podería derivar nun deterioro evidente do servizo de executorias penais, prexudicando tanto o funcionamento interno da oficina xudicial como a calidade do servizo prestado á cidadanía.

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a revisar con carácter xeral e urxente os criterios de acoplamento do persoal ao Servizo Común Procesual de Execución – Área Penal, e en concreto levar a cabo as seguintes medidas:

1. Permitir que os funcionarios e funcionarias destinados como titulares nos Xulgados do Penal nº 1 e nº 2 de Santiago de Compostela que veñen realizando



maioritariamente funcións de execución penal e que escolleron expresamente “Execución” como primeira opción poidan optar ás prazas do dito servizo.

2. Ofertar, no caso de existiren prazas non cubertas na primeira fase de confirmación, esas prazas ao persoal dos xulgados do penal con maior experiencia en execución penal, fronte a outros criterios alleos á especialización funcional.

3. Garantir que a posta en marcha do Servizo Común Procesual de Execución – Área Penal se realice co persoal suficiente, cualificado e experimentado, evitando disfuncións organizativas e asegurando unha tramitación eficaz e respectuosa cos dereitos fundamentais das persoas afectadas.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/02/2026 13:35:23

Patricia Iglesias Rey na data 05/02/2026 13:35:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:38:03
Nº Rexistro: 49650
Data envío: 05/02/2026 13:38:03.836

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:38:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:38:03
Nº Rexistro: 49650
Data envío: 05/02/2026 13:38:03.836

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:40
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa aos incumprimentos e falta de impulso de medidas en materia de corresponsabilidade e igualdade por parte da Xunta de Galiza.

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:40
Por Ariadna Fernández González

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ámbito dos coidados, en sentido amplo, é un dos principais vectores de desigualdade entre mulleres e homes na nosa sociedade. Malia a inexistencia de datos actualizados sobre a súa equivalencia en termos de PIB, por non ter aínda a información referente á correspondente Conta satélite nin no ámbito estatal nin no ámbito galego, así o apuntan outros estudos e estatísticas na materia para alén da literatura científica.

Máis alá dos avances en materia, por exemplo, de dereitos canto a permisos para o nacemento e coidado de crianzas, o certo é que ao ampliar o foco máis alá deste ámbito vemos como as mulleres seguen sendo quen máis renuncian á súa vida persoal ou laboral ao deixar de buscar emprego por asumir coidados ou á hora de acollerse a excedencias laborais. En Galiza foron no 2025 1.327 as mulleres que se apartaron, de forma temporal, do seu emprego para asumir coidados, máis do 80% do total. Este dato é significativo da permanencia da desigualdade e de fondas estruturas patriarcais que perpetúan o rol coidador das mulleres, rol ao que están a contribuír tamén as políticas neoliberais no ámbito da política social que impulsa o goberno galego, que substitúe

Asinado o día 05/02/2026 ás 13:40
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos públicos por privatizacións e bonos que individualizan os coidados e despoñan ao sistema público da súa función social.

Entre outras carencias, cómpre sinalar que a reforma da lexislación en materia de igualdade impulsada polo goberno do Partido Popular no ano 2023 non supuxo avances efectivos en materia de corresponsabilidade, nin no ámbito do avance de dereitos nin no ámbito da conciencia social, da investigación ou da coeducación e tampouco na creación de máis servizos de apoio para a conciliación e a corresponsabilidade.

Ademais, entre os seus incumprimentos están os referidos ao publicitado II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025 do que non se coñece avaliación intermedia, conforme se prevía, nin previsión de informe final e renovación, da mesma maneira que aconteceu anteriormente con outros plans como o de loita contra a trata e que vai na mesma liña de falta de indicadores e seguimento que sinala o Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 co obxectivo de analizar a congruencia cos recursos asignados e se estes se adecúan aos principios de boa xestión.

É necesario que a Xunta de Galiza rectifique a súa política de incumprimentos e asuma a súa responsabilidade á hora de aplicar e facer desenvolver o marco lexislativo en materia de corresponsabilidade e igualdade.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

1. Presentar de forma inmediata á Cámara galega e á sociedade a avaliación intermedia do II Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025 así como avanzar antes do primeiro semestre do ano a avaliación final e o III Plan para a elaboración de achegas.

2. Incorporar, no vindeiro Plan, as seguintes cuestións:

a) a creación dun servizo público de coidado de menores a domicilio dirixido a cubrir necesidades de conciliación de natureza extraordinaria tanto das crianzas (desde os 4 meses até os 12 anos) como das persoas adultas responsábeis por motivos laborais.

b) un novo marco regulatorio e orzamentario, consensuado co municipalismo galego, no que mellore o financiamento das escolas infantís municipais, eliminando os efectos negativos que as decisións unilaterais do Partido Popular tiveron para as facendas locais e fomentando o traballo en rede.

c) un Plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas de Galiza (0 a 3 anos) no que se inclúa o número de prazas de nova creación; lugares ou criterios de localización das mesmas, previsión temporal e orzamento de execución.

d) unha proposta de plan de ampliación dos permisos e facilidades de conciliación existentes no ámbito dos e das traballadores públicos

e) a elaboración periódica, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo e observación da distribución do uso do tempo nos fogares galegos canto á responsabilidade nos coidados, tanto de crianzas como de maiores e dependentes.

f) un novo mecanismo de seguimento e avaliación que incorpore a presenza da pluralidade da sociedade e dos organismos e consellos existentes en materia de igualdade e participación social.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

g) incorporar a obrigatoriedade de formación permanente para o profesorado en todas as etapas sobre educación en igualdade que contemple contidos sobre conciliación e corresponsabilidade.

h) incorporar de forma universal no ámbito educativo a formación para o alumnado en materia de conciliación e corresponsabilidade.

3. Aprobar, conforme demanda o Consello de Contas, un plan estratéxico específico para a loita contra a violencia de xénero, incluíndo as áreas estratéxicas de violencia de xénero nos plans estratéxicos de Galiza para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres con indicadores de impacto adecuados e efectivos”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2026 13:40:36

Ariadna Fernández González na data 05/02/2026 13:40:44

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2026 13:40:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:42:34
Nº Rexistro: 49652
Data envío: 05/02/2026 13:42:34.348

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 13:42:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 13:42:34
Nº Rexistro: 49652
Data envío: 05/02/2026 13:42:34.348

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre o requirimento que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno de España en relación coa resposta ao ditame da Comisión Europea sobre a Autoestrada do Atlántico (AP-9)

Exposición de Motivos

A Autopista do Atlántico (AP-9) constitúe o eixo vertebrador das comunicacións terrestres en Galicia, articulando as principais cidades da faixa atlántica e dinamizando a vida económica, social e cultural da nosa comunidade autónoma. A súa importancia estratéxica é indubidable, non só para os usuarios frecuentes e o sector do transporte, senón tamén para o desenvolvemento equilibrado do territorio galego.

O pronunciamento da Comisión Europea indicando que as prórrogas da concesión desta autovía vulneran a normativa comunitaria en materia de contratación pública, representou unha oportunidade xurídica e política para facer valer os intereses das galegas e dos galegos, articular o rescate e avanzar cara a un modelo de mobilidade máis xusto, equitativo e público no noso territorio.

A falta de resposta clara e contundente por parte do Goberno de España sobre como pretende dar cumprimento ao ditame da Comisión Europea, e a persistencia en manter a vixencia da prórroga da concesión, xerou un profundo malestar institucional e social, ata o punto de considerar que estamos, na práctica, ante unha nova prórroga da concesión de responsabilidade directa do presidente Pedro Sánchez.

Sectores políticos diversos, organizacións sociais, esta mesma Cámara e o propio executivo autonómico galego teñen urxido ao Goberno de España a respectar as conclusións da UE, revisando a situación xurídica da concesión e explorando mecanismos que supoñan o fin dos peaxes na AP-9 e o rescate da xestión desta infraestrutura baseado no interese público.





Así, cómpre que o Parlamento de Galicia exprese o seu pleno apoio á oportunidade que abre o ditame da Comisión Europea e dun xeito complementario exixa formalmente ao Goberno de España unha resposta concreta, vinculante e transparente ao ditame.

A realidade é ben diferente, o Goberno de España non só nega á Xunta de Galicia información sobre a resposta dada ao requirimento da Comisión Europea senón que xustifica esta manobra pouco transparente baixo escusas de confidencialidade que non son de aplicación na relación entre administracións.

En consecuencia o requirimento feito neste inicio de ano pola Xunta de Galicia ao Goberno central para coñecer a resposta que lle dirixiu o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible á Comisión Europea, supón un paso acertado en defensa dos intereses de Galicia.

O feito de que o Goberno de coalición entre PSOE e Sumar, apoiado por grupos nacionalistas como o BNG, non sexa quen de ofrecer información suficiente ou non adopte accións efectivas, require de novos medios de presión, sen descartar a vía xudicial mediante os recursos oportunos. O obxectivo é defender, ante as instancias competentes a protección dos dereitos e intereses de Galicia.

Todo iso sen esquecer que o horizonte último debe ser facer efectiva a aspiración social maioritaria en Galicia: a consecución dunha AP-9 galega e libre de peaxe, en consonancia cos principios de cohesión territorial, equidade, eficiencia e xustiza social e o pronunciamentos que, por unanimidade, adoptou esta Cámara nese mesmo sentido.

Só mediante unha posición firme e coordinada entre as institucións galegas e unha acción decidida fronte ás instancias estatais e europeas será posible avanzar cara a un modelo de infraestruturas que sirva de verdade ao interese xeral, e non situacións que penalizan ás galegas e aos galegos. A AP-9 debe deixar de ser un símbolo de agravio e converxer nunha ferramenta de progreso compartido para todo o pobo galego.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, de non obter resposta ao requirimento feito neste inicio de ano diante do Goberno central para coñecer a contestación estatal á Comisión Europea tras o ditame sobre as prórrogas da AP-9, emprender cantas accións xudiciais se estimen pertinentes, en defensa dos intereses de Galicia, e co obxectivo último de acadar unha AP-9 de xestión galega e libre de peaxes”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 16:15:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49659
Data envío: 05/02/2026 16:16:27.174

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 16:16:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49659
Data envío: 05/02/2026 16:16:27.174

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Juan Manuel Casares Gándara, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, , Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O Grupo Parlamentario Popular ven de coñecer que a Xunta de Galicia ten convocado recentemente axudas para fomentar a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas. As achegas, están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía.

Deste xeito a Consellería de Medio Rural amosa o apoio indiscutible o sector con medidas equilibradas, xa que poderán beneficiarse destas achegas bianuais as empresas vitivinícolas, as organizacións de produtores vitivinícolas, as asociacións de dous ou máis produtores con personalidade xurídica, as organizacións interprofesionais e as organizacións profesionais.

Serán subvencionables os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmoables, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de mercado do produto e os gastos administrativos. Tamén serán subvencionables a adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e de patentes, licenzas, dereitos de autor ou o rexistro de marcas colectivas.

As principais finalidades desta convocatoria son, entre outras, as de fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario e impulsar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, da eficiencia enerxética global, da utilización de enerxías renovables e da valorización e tratamento dos residuos.

Preténdese, así mesmo, fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas, a produción ecolóxica e os produtos acoillidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade. Outros obxectivos pasan por favorecer a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, polo incremento da dimensión empresarial, pola participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor ou por impulsar os investimentos en comercialización e promover a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas.





É polo que, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a seguir afondando na estratexia de apoio ao sector do viño galego a través da convocatoria periódica de axudas para investimentos dirixidos a fomentar e apoiar as iniciativas de elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas”.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 16:21:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49661
Data envío: 05/02/2026 16:21:56.584

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 16:21:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49661
Data envío: 05/02/2026 16:21:56.584

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre o desperdicio alimentario en Galicia.

Exposición de Motivos

A sostibilidade é un factor imprescindible en calquera proceso e sobre este obxectivo afondan as lexislacións europea, estatal e galega. Así inflúe en moitos ámbitos, tamén á hora de combater o que se coñece como desperdicio alimentario.

De feito, cada vez hai máis concienciación social sobre o impacto que supón o desperdicio alimentario e a urxencia de promover iniciativas e hábitos de compra consciente e responsable.

Recentes estudos académicos sinalan un comportamento en fogares e restaurantes na boa dirección, por exemplo, planificando mellor as comidas ou almacenando adecuadamente os alimentos. Tamén empregando, listas cos produtos necesarios e evitando compras impulsivas, para mercar só aquilo que sexa preciso en función do menú e do número de comensais.

Esta maior concienciación e este tipo de accións xa están a dar os seus froitos para contribuír a consolidar a redución do desperdicio alimentario, así apuntan a que, desde o ano 2020, estes residuos se reduciron nun 19%.

Nesa liña, sería acaído que o Goberno galego desenvolvese, durante o ano 2026, un Plan de acción galego contra o desperdicio alimentario, unha iniciativa pioneira cuxo obxectivo é reducir nun 50% o desperdicio na venda final aos consumidores e nun 20% as perdas na produción e subministración.

Entre outros aspectos, este plan deberá incluír o un proxecto estatístico co Instituto Galego de Estatística (IGE) para medir e avaliar o desperdicio alimentario en Galicia, así como a sinatura de acordos con concellos e entidades sociais para promover a doazón de alimentos.





As medidas incluídas no plan deben marcar a folia de ruta que non só responda a un imperativo ético e ambiental, senón que busque converter a eficiencia nun activo económico para Galicia.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver durante o ano 2026 un Plan galego contra o desperdicio alimentario, garantindo a súa coordinación cos sectores produtivos, a distribución, os concellos e o terceiro sector.
2. Promover acordos voluntarios con entidades locais e sociais para facilitar a doazón segura de alimentos aptos para o consumo.
3. Impulsar campañas públicas para reducir un 50% o desperdicio alimentario en fogares e comercio retalista para 2030, en liña cos obxectivos da UE..”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 16:27:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:06:15
Nº Rexistro: 49666
Data envío: 05/02/2026 17:06:15.497

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:06:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:06:15
Nº Rexistro: 49666
Data envío: 05/02/2026 17:06:15.497

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) constitúe unha peza esencial do sistema público de atención ás persoas en situación de dependencia, especialmente no ámbito rural e nas persoas con maior grao de vulnerabilidade. Trátase dun dereito recoñecido que debe prestarse con todas as garantías legais, éticas e profesionais, baixo os principios de protección, dignidade, respecto e seguridade xurídica.

Recentemente, o PSOE de Cervo denunciou publicamente uns feitos de extrema gravidade, nos que persoal municipal se presentou no domicilio dunha persoa usuaria do SAF, con dependencia recoñecida de grao III e afectada por unha doenza neurodexenerativa, co obxectivo de que asinase un documento aceptando a redución das horas de atención ás que ten dereito.

Segundo a información trasladada, só a intervención dun familiar evitou que esta persoa, sen capacidade legal nin cognitiva para asinar un documento destas características, renunciase a un dereito recoñecido. Estes feitos supoñen unha vulneración flagrante dos dereitos das persoas dependentes e unha actuación absolutamente impropia dunha administración pública.

A Xunta de Galicia, como administración competente en materia de dependencia e servizos sociais, ten a obriga de garantir o correcto funcionamento do SAF, supervisar a actuación das entidades locais e protexer os dereitos das persoas usuarias, especialmente cando se trata de persoas en situación de alta vulnerabilidade.



Por iso, resulta imprescindible coñecer se a Xunta tiña coñecemento destes feitos, se se están producindo prácticas semellantes noutros concellos e que medidas pensa adoptar para garantir que este tipo de actuacións non se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Informar de maneira inmediata se tiña coñecemento da actuación denunciada no Concello de Cervo relativa á tentativa de reducir as horas do SAF a unha persoa con dependencia de grao III mediante a sinatura dun documento sen as debidas garantías legais.
2. Abrir unha investigación administrativa sobre os feitos descritos, incluíndo a actuación do Concello de Cervo e do persoal implicado, co fin de determinar posibles responsabilidades.
3. Adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir que non se repitan prácticas semellantes en ningún concello de Galicia.
4. Garantir a protección efectiva dos dereitos das persoas usuarias do SAF, asegurando que calquera modificación nas condicións do servizo se realice con pleno respecto á legalidade, á capacidade xurídica das persoas afectadas e á intervención dos seus representantes legais cando corresponda.

Santiago de Compostela, a 4 de Febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 05/02/2026 16:48:13

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 16:48:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 16:49:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:13
Nº Rexistro: 49670
Data envío: 05/02/2026 17:07:13.336

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:07:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:13
Nº Rexistro: 49670
Data envío: 05/02/2026 17:07:13.336

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre medidas de apoio aos concellos fronte ás novas obrigas estatais en materia de xestión de residuos

Exposición de Motivos

A transición cara a unha economía circular constitúe un dos principais retos ambientais, sociais e económicos da actualidade, así como unha prioridade estratéxica no marco das políticas europeas, estatais e autonómicas. Galicia, como territorio cunha ampla dispersión poboacional e unha elevada diversidade de realidades municipais, afronta este desafío cunha especial complexidade, que require da cooperación leal entre administracións e dun decidido apoio aos concellos, que son a administración máis próxima á cidadanía e a responsable directa da xestión dos residuos urbanos.

A recente normativa estatal en materia de residuos e solos contaminados impón novas obrigas para as entidades locais, como a implantación da recollida separada de biorresiduos e residuos téxtiles, a incorporación de sistemas de dixitalización e o establecemento de mecanismos de pago por xeración. Estas medidas son fundamentais para avanzar na prevención de residuos, incrementar as taxas de reciclaxe e reducir a dependencia do vertedoiro, mais representan un importante esforzo económico, técnico e organizativo para os concellos, especialmente para aqueles de menor tamaño ou con recursos limitados.

Moitos concellos galegos, en particular os pequenos e medianos, carecen de capacidade financeira suficiente e de persoal técnico especializado para deseñar, implantar e avaliar con garantías os novos sistemas de recollida e xestión de residuos que esixe a normativa estatal vixente. Sen un apoio decidido da Xunta de Galicia, existe o risco de que se produzan desigualdades territoriais no cumprimento da lei, con consecuencias negativas tanto para o medio ambiente como para a cohesión social e territorial do país.



Así mesmo, a experiencia demostra que o éxito das políticas de economía circular depende en boa medida da implicación activa da cidadanía. Para iso, resulta imprescindible reforzar as accións de información e sensibilización social, combinando os esforzos municipais con campañas de ámbito autonómico que permitan unha mensaxe coherente, continuada e de maior alcance, favorecendo cambios reais nos hábitos de consumo e separación de residuos.

Mentres o Goberno que preside Pedro Sánchez introduce novas obrigas aos concellos e novas imposicións como o canon do lixo que parecen castigar aos cidadáns e aos municipios, consolidando unha estratexia de imposición, o Goberno galego debe seguir desenvolvendo unha estratexia diferente impulsando un plan integral de apoio aos concellos que lles permita afrontar con garantías a transición cara a unha economía circular

Só a través dunha acción coordinada e solidaria entre administracións será posible cumprir cos obxectivos ambientais establecidos e avanzar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible, xusto e eficiente para Galicia.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar e priorizar as liñas de axuda destinadas á implantación da recollida separada de biorresiduos e residuos téxtiles, así como á dixitalización e pago por xeración.
2. Crear un programa de acompañamento técnico para concellos medianos e pequenos que precisen apoio especializado para cumprir coa normativa estatal en materia de residuos.
3. Impulsar campañas de sensibilización autonómicas que complementen as accións municipais para mellorar a recollida separada e a prevención de residuos.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 16:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:23
Nº Rexistro: 49671
Data envío: 05/02/2026 17:07:23.405

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:07:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:23
Nº Rexistro: 49671
Data envío: 05/02/2026 17:07:23.405

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:19:56
Nº Rexistro: 49675
Data envío: 05/02/2026 17:19:56.616

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:16
Por Silvia Longueira C

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro dos disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Nos últimos anos producíronse avances moi relevantes en materia de corresponsabilidade grazas ás políticas impulsadas polo Goberno de España, en particular coa equiparación e ampliación dos permisos por nacemento e coidado do menor. A configuración destes permisos como dereitos iguais, intransferibles e plenamente retribuídos, baixo o Goberno presidido por Pedro Sánchez, demostrou que cando as políticas públicas eliminan penalizacións económicas e profesionais, a corresponsabilidade entre mulleres e homes avanza de forma efectiva.

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:15
Por Elena Espinosa Mangana

En Galicia, estes avances son evidentes. No ano 2025 rexistráronse máis de 22.000 prestacións por nacemento e coidado do menor, cun reparto practicamente paritario entre homes e mulleres, chegando incluso a unha lixeira maioría masculina no desfrute destes permisos. Estes datos confirman que as políticas públicas ben deseñadas teñen capacidade real para modificar patróns tradicionais de xénero.

Porén, esta evolución positiva contrasta de maneira clara co que acontece cando os coidados se prolongan máis alá do permiso por nacemento ou cando se trata de atender outras persoas dependentes. Neses casos, a conciliación segue resolvéndose maioritariamente a través de excedencias e reducións de xornada que recaen de forma abafadora sobre as mulleres.

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:15
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

177515

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-mh11064ev-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En Galicia, máis do 80 % das excedencias por coidado de familiares son solicitadas por mulleres, o que pon de manifesto que a carga da conciliación segue tendo un forte nesgo de xénero. Esta realidade non responde a eleccións libres individuais, senón a condicionantes estruturais do mercado laboral, onde a perda de ingresos, a interrupción da carreira profesional e a penalización futura en termos de cotizacións e promoción continúan expulsando ás mulleres, de forma temporal ou permanente, do emprego.

Neste contexto, a Consellería de Emprego ten unha responsabilidade clave. As políticas activas de emprego, as axudas ás empresas, a regulación da organización do tempo de traballo e os incentivos públicos deben orientarse non só a facilitar medidas formais de conciliación, senón a evitar que a conciliación se siga resolvendo a costa do emprego feminino.

Resulta imprescindible avanzar cara a un novo enfoque das políticas de emprego, no que a conciliación e a corresponsabilidade se integren como elementos centrais, e no que estas actuacións se deseñen e avalíen no marco do diálogo social e dos órganos de participación, garantindo a implicación das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, a través da Consellería de Emprego, adopte as seguintes actuacións:

1. Realizar, **no marco do diálogo social galego e dos órganos de participación institucional en materia de emprego**, en particular no **Consello Galego de Emprego**, unha **avaliación exhaustiva da situación das excedencias e reducións de xornada por coidados en Galicia**, con especial atención ao seu impacto diferenciado por razón de sexo.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:19:56
Nº Rexistro: 49675
Data envío: 05/02/2026 17:19:56.616

Esta avaliación deberá analizar, entre outras cuestións:

- a) a distribución por sexo, idade, sector, tipo de contrato e provincia,
- b) as causas laborais, económicas e organizativas que levan ás persoas traballadoras a solicitar excedencias ou reducións,
- c) os efectos sobre a carreira profesional, a estabilidade no emprego, as cotizacións e a brecha salarial,
- d) o papel das empresas e da negociación colectiva na adopción ou ausencia de medidas alternativas de conciliación.

2. **Deseñar, a partir das conclusións da avaliación e no mesmo marco do diálogo social**, un conxunto de **medidas concretas de política de emprego** orientadas a reducir o nesgo de xénero existente nas excedencias e reducións de xornada por coidados desde a perspectiva laboral.

3. **Dar conta ao Parlamento de Galicia**, no prazo máximo de **dous meses**, dos resultados da avaliación realizada, das conclusións acadadas no marco do diálogo social e das medidas propostas ou acordadas para corrixir a situación.

4. Garantir a publicación periódica de datos desagregados por sexo sobre excedencias, reducións de xornada e medidas de conciliación no ámbito laboral en Galicia, como instrumento de transparencia e avaliación das políticas públicas.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177517

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2026 17:15:29

Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2026 17:15:47

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 17:16:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 17:16:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:19:56
Nº Rexistro: 49675
Data envío: 05/02/2026 17:19:56.616

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:19:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:19:56
Nº Rexistro: 49675
Data envío: 05/02/2026 17:19:56.616

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Lara Méndez López** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8ª**.

A provincia de Lugo, e en particular a comarca da Mariña, constitúe un dos territorios con maior peso do sector pesqueiro en Galicia. Concellos como Viveiro, co porto de Celeiro como un dos principais motores económicos non só do municipio senón de toda a comarca, dependen dunha relación fluída, estable e eficaz coa administración autonómica en materia de mar e pesca.

Porén, desde hai xa once meses, a Delegación de Mar e Pesca en Lugo permanece sen delegada ou delegado, tras a saída da persoa que ocupaba o posto ao asumir a Alcaldía de Viveiro no mes de marzo. Esta vacante prolongada supón unha anomalía institucional que perxudica gravemente o funcionamento do servizo público, ao deixar sen dirección política unha área esencial para o sector.

Cómpre lembrar que o anterior nomeamento non estivo exento de controversia, xa que a Xunta de Galicia modificou a Relación de Postos de Traballo para adaptala ao perfil da persoa designada, despois de varios intentos previos de encaixe no posto. Esta circunstancia, xunto coa falta de substitución durante tantos meses, reforza a percepción de que estes cargos están a ser utilizados polo Partido Popular como plataformas políticas ao servizo dos seus intereses partidarios e das súas candidaturas municipais, en lugar de responder ás necesidades reais do territorio e do sector pesqueiro.

A Mariña e a provincia de Lugo non poden permitirse esta falta de interlocución institucional nin a desatención dunha área estratéxica para a economía, o



emprego e a cohesión social. Resulta incomprensible que un posto desta relevancia continúe vacante durante tanto tempo, sen explicacións públicas nin medidas correctoras por parte da Xunta.

O Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que a Xunta de Galicia actúe con responsabilidade institucional, abandone o uso partidista destes cargos e garanta unha dirección estable, profesional e comprometida coa defensa do sector pesqueiro galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Proceder de maneira inmediata ao nomeamento dunha persoa cualificada para ocupar a Delegación de Mar e Pesca en Lugo, garantindo a estabilidade, profesionalidade e continuidade do servizo.
2. Dar explicacións públicas sobre as razóns polas que este posto permanece vacante durante tantos meses e sobre os criterios seguidos para o seu nomeamento.
3. Garantir que os cargos de representación territorial da Xunta non sexan utilizados como plataformas partidarias, senón como instrumentos ao servizo do interese xeral, do sector pesqueiro e da cidadanía.

Santiago de Compostela, a 5 de Febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 05/02/2026 17:21:09

Carlos López Font na data 05/02/2026 17:22:07

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 17:23:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:25:41
Nº Rexistro: 49687
Data envío: 05/02/2026 17:25:41.486

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:25:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:25:41
Nº Rexistro: 49687
Data envío: 05/02/2026 17:25:41.486

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:29:12
Nº Rexistro: 49688
Data envío: 05/02/2026 17:29:12.486

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:25
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Os centros educativos públicos vigueses son testemuñas do paso de moitas xeracións de estudantes.

Isto implica unha alta intensidade en canto a actividade interior se refire, así como un alto deterioro das súas instalacións co paso do tempo.

Esa antigüidade das instalacións educativas fan totalmente necesaria e imprescindible unha reforma integral.

Unha reforma que considere tanto os aspectos estruturais como funcionais.

Unha reforma que garanta que os colexios públicos vigueses poidan seguir sendo lugares de aprendizaxe seguros, accesibles, funcionais e eficientes.

E para iso fai falta un verdadeiro compromiso.

Pero hoxe imos falar exclusivamente do CIFP Manuel Antonio. Un centro que recibe diariamente 1.800 alumnos e mais dun centenar de docentes, sendo o segundo centro de Formación Profesional máis grande de Galicia.

Estamos falando dun centro que ten filtracións de auga, e como consecuencia goteiras, que non está acondicionado para as temperaturas nin altas nin baixas, que carece de ascensor.

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:25
Por Carlos López Font

Asinado o día 05/02/2026 ás 17:25
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

177524

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-mh11064ev-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:29:12
Nº Rexistro: 49688
Data envío: 05/02/2026 17:29:12.486

E aínda que a Xunta de Galicia, está realizando obras, segundo a comunidade educativa, lévanse a cabo sen ningunha planificación e alertan de que a actividade docente, non se pode realizar correctamente, incluso habería que se cuestionar a seguridade e a salubridade.

Por todo iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a levar a cabo una planificación correcta dos investimentos necesarios no CIFP Manuel Antonio, para mellorar a instalacións, pero sendo compatibles coa actividade educativa

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

177525

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2026 17:25:14

Carlos López Font na data 05/02/2026 17:25:22

Aitor Bouza Manso na data 05/02/2026 17:25:33

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 17:25:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 17:25:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:29:12
Nº Rexistro: 49688
Data envío: 05/02/2026 17:29:12.486



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:29:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:29:12
Nº Rexistro: 49688
Data envío: 05/02/2026 17:29:12.486

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A loita contra a violencia de xénero esixe unha actualización constante das ferramentas tecnolóxicas de protección. Recentemente, o Goberno de España anunciou o inicio dun proceso de transición tecnolóxica para substituír as actuais "pulseiras" de control telemático de agresores por dispositivos de colocación obrigatoria no nocello.

Esta decisión responde a unha demanda técnica longamente sostida: as noleiras son significativamente menos manipulables que as pulseiras. O cambio busca reducir as falsas alarmas e, sobre todo, evitar que o agresor poida desprenderse do dispositivo con facilidade, unha vulnerabilidade detectada nos modelos actuais que puxo en risco a integridade das vítimas en situacións críticas.

En Galicia, onde a dispersión poboacional e as zonas de sombra de cobertura presentan retos adicionais para a xeolocalización, é fundamental coñecer os prazos de implementación, a compatibilidade dos novos dispositivos coas redes de comunicación rurais e os protocolos de actuación ante intentos de manipulación destas novas noleiras. A seguridade das mulleres galegas baixo medidas de protección non pode depender de dispositivos que demostraron ser vulnerables.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España:

1º Achegar información detallada sobre o calendario de implantación do novo sistema de noleiras de control telemático en Galicia.

2º Garantir que a conexión dos novos dispositivos é igual de efectiva nas entornas rurais de Galicia que nos núcleos urbanos.

Asinado o día 05/02/2026 ás
17:35
Por Alberto Pazos Couñago





3º Asegurar que a renovación destas equipas non supoña unha merma nos fondos destinados a outras políticas de prevención de violencia de xénero nas comunidades autónomas.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 17:35:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:37:03
Nº Rexistro: 49694
Data envío: 05/02/2026 17:37:03,389

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:37:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:37:03
Nº Rexistro: 49694
Data envío: 05/02/2026 17:37:03,389

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** en rexeitamento do recurso presentado polo Goberno de España contra o plan de choque da dependencia da Xunta de Galicia.

O pasado 29 de xaneiro de 2026, vimos de coñecer a decisión do Tribunal Constitucional de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de Pedro Sánchez contra o Plan de Choque de Dependencia elaborado pola Xunta. Esta decisión conleva a suspensión automática dos preceptos impugnados, o que supón un pau administrativo que paraliza medidas pioneiras deseñadas para reducir as listas de espera e simplificar a burocracia.

O Plan de Choque da Xunta de Galicia permitiu que máis de 12.600 persoas vexan recoñecido o seu grao de discapacidade e dependencia de forma automática e simplificada desde a súa posta en marcha en xaneiro de 2025.

Este acto do Executivo Central, ignora a urxencia dos galegos dependentes e actúa como un "pau nas rodas" da autonomía galega.

É cando menos incomprensible que, mentres o Estado mantén unha débeda acumulada con Galicia de 2.900 millóns de euros en materia de dependencia, incumprindo o financiamento ao 50% que marca a lei, dedique os seus esforzos a bloquear solucións que xa estaban a funcionar.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Denunciar a decisión do Goberno central que paraliza o Plan de Choque de Dependencia da Xunta, o que supón un ataque directo aos dereitos dos máis de 12.000 galegos que se benefician da axilización administrativa.





2. Interpoñer alegacións e recursos ante o Tribunal Constitucional para defender a constitucionalidade das súas competencias na xestión de servizos sociais e dependencia.
3. Esixir ao Goberno de España que cese no seu afán de bloquear as políticas sociais de Galicia, priorizando o benestar das persoas dependentes sobre as disputas competenciais.
4. Reclamar ao Goberno de España que cumpra as súas obrigas, abonando a débeda pendente cos galegos en materia de dependencia, e cofinanciando o 50% establecido na normativa.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 18:02:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:49
Nº Rexistro: 49711
Data envío: 05/02/2026 18:02:49.568

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 18:02:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:02:49
Nº Rexistro: 49711
Data envío: 05/02/2026 18:02:49.568

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª**.

Os últimos datos oficiais do mercado laboral, tanto da Enquisa de Poboación Activa como da afiliación á Seguridade Social e do paro rexistrado, amosan unha evolución xeralmente positiva do emprego no conxunto do Estado, con taxas de paro e temporalidade situadas en mínimos históricos. Estes avances están estreitamente ligados aos efectos da reforma laboral de 2021 e ao marco de diálogo social impulsado polo Goberno de España xunto coas organizacións sindicais e empresariais, que permitiron reducir a temporalidade até o 12,9 %, a cifra máis baixa nun cuarto trimestre desde que existen rexistros.

Porén, unha análise detallada destes mesmos datos evidencia que Galicia presenta unha evolución claramente menos favorable que a media estatal. No último ano, a creación de emprego na comunidade galega foi, en termos porcentuais, aproximadamente a metade da rexistrada no conxunto de España, tanto no que atinxe á afiliación á Seguridade Social como ao crecemento da ocupación. Mentres no total do Estado a afiliación medrou un 2,3 %, en Galicia o incremento quedou arredor do 1,5 %, reflectindo un menor dinamismo da economía galega.

Este menor dinamismo resulta especialmente preocupante se se ten en conta que Galicia sofre un estancamento demográfico estrutural. Nun contexto no que a poboación activa non medra, o esperable sería que o paro diminuíse con maior intensidade que no resto do Estado. Non obstante, os datos máis recentes amosan que o descenso do paro en Galicia se está a producir practicamente ao



mesmo ritmo que no conxunto de España, onde a poboación activa está a aumentar de forma significativa. Esta converxencia, lonxe de ser positiva, pon de manifesto unha preocupante ralentización da actividade

económica na comunidade e unha incapacidade da Xunta para aproveitar as condicións demográficas como unha oportunidade para reducir o desemprego.

A situación agrávase cando se analiza a evolución sectorial do emprego. Galicia continúa a perder emprego no sector industrial e no sector primario, dous ámbitos estratéxicos para un modelo económico equilibrado, resiliente e xerador de emprego de calidade. Segundo os datos da EPA, no último ano perdeuse emprego tanto na industria como no sector primario, mentres que o crecemento da ocupación se concentrou case exclusivamente no sector servizos, cun aumento superior ao 4 %. Esta evolución evidencia unha estrutura produtiva cada vez máis desequilibrada e dependente de sectores con maiores niveis de precariedade e parcialidade involuntaria.

Xunto a esta realidade sectorial, persisten importantes desequilibrios sociais no mercado laboral galego. A taxa de actividade sitúase en Galicia no 54,1 %, case cinco puntos por debaixo da media estatal, o que confirma a existencia dun mercado laboral pouco dinámico e con dificultades para incorporar poboación ao emprego. O desemprego xuvenil continúa en niveis moi elevados, acadando o 28,6 % entre as persoas menores de 25 anos, máis do triplo da taxa xeral, o que compromete gravemente as expectativas de futuro dunha xeración enteira.

Do mesmo xeito, a brecha de xénero no desemprego segue sen corrixirse. A taxa de paro feminina sitúase por riba da masculina (8,5 % fronte ao 8 %), ás que se suma unha maior incidencia da parcialidade involuntaria, que afecta a máis do 44 % das persoas que traballan a tempo parcial. Esta realidade evidencia a persistencia de desigualdades estruturais que as políticas da Xunta non están a combater de maneira eficaz.



Especialmente preocupante resulta a situación do paro de longa duración. En Galicia, das máis de 106.000 persoas desempregadas, 42.200 levan máis dun ano buscando traballo, unha cifra que pon de manifesto o risco de cronificación do desemprego e o incremento da vulnerabilidade social e económica de milleiros de familias, así como a insuficiencia das políticas activas de emprego actualmente desenvolvidas.

A pesar de contar con importantes recursos procedentes tanto dos fondos europeos como das transferencias e investimentos do Goberno de España, Galicia carece dun proxecto económico propio sólido, planificado e orientado a transformar o seu modelo produtivo. A Xunta de Galicia non está a desenvolver políticas activas de emprego suficientemente eficaces nin adaptadas ás características estruturais do mercado laboral galego, nin está a aproveitar de maneira estratéxica as oportunidades existentes para mellorar a calidade e a estabilidade do emprego.

Por todo o exposto, resulta imprescindible que o Parlamento de Galicia inste ao Goberno galego a asumir a súa responsabilidade, a avaliar con rigor a evolución do emprego na comunidade e a impulsar políticas activas ambiciosas, específicas e avaliáveis que permitan converxer coa media estatal e garantir emprego digno e de calidade para o conxunto da cidadanía galega.

Ante esta situación, faise preciso adoptar o seguinte acordo:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar de maneira rigorosa e transparente a evolución do emprego en Galicia en comparación co conxunto do Estado, identificando as causas do menor dinamismo do mercado laboral galego, presentando no Parlamento de Galicia , no prazo de un mes , a avaliación obtida .



2. Deseñar e poñer en marcha un plan específico de impulso ao emprego industrial en Galicia, vinculado á transición ecolóxica e dixital, que garanta emprego estable e de calidade que será presentado o Parlamento de Galicia de forma urxente.

3. Reforzar as políticas activas de emprego no sector primario, favorecendo a profesionalización, o relevo xeracional e a creación de emprego digno no medio rural.

4. Desenvolver un plan integral de emprego xuvenil en Galicia deseñado en colaboración cos axentes sociais.

5. Impulsar medidas específicas para reducir a brecha de xénero no mercado laboral, combatendo a parcialidade involuntaria e mellorando a calidade do emprego feminino.

6. Poñer en marcha un programa reforzado e dotado de medios suficientes para a inserción laboral das persoas en paro de longa duración, mediante itinerarios personalizados e acompañamento efectivo.

7. Incrementar os recursos humanos dos servizos públicos de emprego en Galicia, garantindo unha orientación eficaz e unha avaliación continua dos programas desenvolvidos.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/02/2026 17:42:00

Elena Espinosa Mangana na data 05/02/2026 17:42:15

Silvia Longueira Castro na data 05/02/2026 17:42:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/02/2026 17:44:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:48:23
Nº Rexistro: 49701
Data envío: 05/02/2026 17:48:23.528

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:48:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:48:23
Nº Rexistro: 49701
Data envío: 05/02/2026 17:48:23.528

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:52:07
Nº Rexistro: 49704
Data envío: 05/02/2026 17:52:07.695

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á demora na aprobación do novo Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual despois do período 2022-2024 e os incumprimentos dos acordos parlamentarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle no seu artigo 3 letra f), de forma pioneira no Estado español, ás vítimas de trata e explotación sexual. Así as cousas, desde hai anos as vítimas de trata poden en Galiza acollerse ás medidas integrais desenvolvidas de forma específica ou ben en xeral no ámbito da violencia machista.

Neste contexto, a Xunta elaborou e deu a coñecer en setembro de 2022 o primeiro Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, co fin de articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación.

Posteriormente, despois de que este Grupo Parlamentario pedira en varias ocasións a avaliación deste plan e o avance do seguinte, en marzo de 2025, o Parlamento Galego aprobou o seguinte acordo:

“1. Remitir á Cámara a avaliación do Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a información respecto da execución orzamentaria e os datos cuantitativos que teña neste momento de vítimas e de vítimas usuarias das medidas propostas.

Asinado o día 05/02/2026 ás
17:50
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 05/02/2026 ás
17:50
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:52:07
Nº Rexistro: 49704
Data envío: 05/02/2026 17:52:07.695

2. Acelerar a aprobación do próximo Plan, garantir a participación social e institucional e mellorar a súa dotación orzamentaria.

3. Impulsar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para unha atención integral e inserción sociolaboral á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata.”

Comezado 2026 aínda que a Xunta por fin publicou a avaliación do informe, non se coñece o novo Plan que a Xunta informou que estaría listo no verán de 2025, consumándose un importante atraso que debe ser corrixido.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza aprobar no prazo máximo de dous meses o novo Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual por un período mínimo de dous anos incorporando un cronograma temporal e orzamentario así como mecanismos de seguimento e monitorización.

Así mesmo, a Xunta de Galiza deberá impulsar e orzar, en colaboración coas entidades sociais, un programa específico de axuda ás mulleres prostituídas onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha nova axuda periódica á que se poidan acoller mulleres en situación ou non de trata cunha orde específica que deberá publicar antes do remate do primeiro período de sesións.”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2026 17:50:30

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2026 17:50:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:52:07
Nº Rexistro: 49704
Data envío: 05/02/2026 17:52:07,695

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:52:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:52:07
Nº Rexistro: 49704
Data envío: 05/02/2026 17:52:07.695

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/02/2026 18:07:14

Nº Rexistro: 49713

Data envío: 05/02/2026 18:07:14.585

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a promoción da igualdade no ámbito da I+D+i.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a Universidade de Vigo fixo público un estudo no que sinalan que:

- Do cadro de persoal dedicado á I+D na Uvigo, as mulleres supoñen a maioría porén, só 87 lideran ou coordinan grupos de investigación o que representa o 38,3%.

- Así, dos 172 grupos de investigación pertencentes á universidade viguesa e das 2.071 persoas que os integran, as mulleres suman algo máis dun milleiro. Así as cousas, as persoas que lideran ou coordinan eses grupos (140) duplican en número as mulleres que ostentan os mesmos postos de responsabilidade.

En termos globais, segundo os datos ofrecidos no portal web da Unidade de Muller e Ciencia:

- En Galiza continúa a haber unha menor presenza de mulleres dedicadas a Persoal Docente Investigador nas Universidades. Unha fenda que se sitúa en 13,2 puntos porcentuais, quedando rexistradas en 2023 a cantidade de 2.363 mulleres docentes e investigadoras.
- Por categorías profesionais, a presenza das mulleres é menor en todos os niveis agás no posto de docente-axudante. No caso das catedráticas de universidade, as mulleres constitúen apenas o 28,4% do total, e no posto de profesor/a-emérito/a

Asinado o día 05/02/2026 ás
18:05
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 05/02/2026 ás
18:05
Por Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:07:14
Nº Rexistro: 49713
Data envío: 05/02/2026 18:07:14.585

tan só o 9,8%. Este dato reflicte a desigualdade existente no acceso ás posicións académicas de maior prestixio.

Malia os avances nos últimos anos, é evidente que fica moito camiño por percorrer na promoción da igualdade real entre mulleres e homes en todos os ámbitos, tamén na ciencia e investigación. Con ese obxectivo foi creada a Unidade Muller e Ciencia (Decreto 33/2007, do 1 de marzo (DOG 56 do 20 de marzo de 2007) e os sucesivos Programas galegos do mesmo nome cuxa última versión vén de rematar a súa vixencia (2022-2025).

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir á Cámara, antes de rematar o actual período de sesións, un informe de avaliación do III Programa galego Muller e ciencia no que conste unha memoria económica do grao de execución dos orzamentos nel previstos.
2. Abrir un proceso de diálogo co ecosistema investigador galego para a elaboración do IV Programa que deberá ser remitido ao Parlamento para a súa tramitación con arranxo ao disposto no artigo 142 do Regulamento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2026 18:05:41

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2026 18:05:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:07:14
Nº Rexistro: 49713
Data envío: 05/02/2026 18:07:14.585

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 18:07:14
Nº Rexistro: 49713
Data envío: 05/02/2026 18:07:14.585

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 18:07:15

CSV: BOPGDSPG-mh1iQ64eV-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

